

Os traballos da vida

Estudos sobre o mundo rural.

Séculos XVI-XX

EDICIÓN A CARGO DE


Isidro Dubert

Hortensio Sobrado



MMXXII

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Pegerto Saavedra, catedrático de Historia Moderna na Facultade de Xeografía e Historia da USC, é autor dun sen número de capítulos de libros, artigos e libros sobre a historia de Galicia. Salientan, entre eles, *Economía, Política y Sociedad de Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*


(1985); *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850* (1992); *A Facenda real na Galicia do Antigo Réxime* (1993) ou *La opulencia de los hijos de san Bernardo. El Císter en Galicia, c. 1480-1835* (2021). É membro da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega. Foi director do Departamento de Historia Medieval, Moderna e Contemporánea da USC (1990-2001) e vicepresidente da FEHM (2002-2006).

Este volume está formado por un conxunto de traballos que prestan atención ás diferentes facianas do mundo rural entre os séculos XVI e XX. Afrontan cuestións como o devir das institucións galegas que amosaron un temperán interese polo seu coñecemento científico, a relación que a xeografía e as paisaxes rurais teñen co hábitat e as formas de vida labregas ou as evolucións, mudanzas e permanencias dos sistemas agropecuarios e dos espazos agrarios en distintos lugares e fases da historia. Tamén, a forma, articulación e funcionamento das institucións de goberno no seo das comunidades rurais; as semellanzas e desemellanzas que amosou a fin do Antigo Réxime en países como Galicia e Cataluña; as formas que asumió a explotación do territorio e as súas xentes pola Igrexa; as críticas feitas ao clero no seo da cultura popular; ou a imaxe do galego nos vilancicos ibéricos no remate do Antigo Réxime. Un feixe de traballos, adicados a Pegerto Saavedra, catedrático de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela, que achegan unha imaxe vizosa do mundo rural ao longo da historia.

OS TRABALLOS DA VIDA.
Estudos sobre o mundo rural.
Séculos XVI-XX

EDICIÓN A CARGO DE
Isidro DUBERT
HORTENSIO SOBRADO CORREA

MMXXII
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reproducción, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

Edita
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicaciones

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2023.1675>

ÍNDICE

Limiari. Estudos adicados ao profesor Pegerto Saavedra	
Isidro Dubert e Hortensio Sobrado	7
«Resurrección ou substitución»: do Seminario de Estudos Galegos ao Instituto ‘Padre Sarmiento’	
Ramón Villares	15
Factores, dinámicas e paisaxes na serra de Queixa e a súa contorna (Ourense)	
Augusto Pérez Alberti	39
A economía agropecuária portuguesa ao tempo da gobernaçao filipina	
Margarida Sobral Neto.....	63
A estrela do gobernador. Cambio tributario e mudanzas no espazo agrario das illas filipinas en tempos de Gómez Pérez das Mariñas, 1589-1593	
Luis Alonso Álvarez.....	83
El poder del concejo y la justicia pedánea. El modelo de las comunidades rurales del reino de León durante la edad moderna	
Laureano M. Rubio Pérez.....	109
Tierras incultas en Gascuña: de su antigua importancia a su desaparición reciente	
Francis Brumont.....	139
El anidamiento institucional y su dinámica histórica en comunidades rurales complejas. Dos estudios de caso (Navarra, siglos XIV-XX)	
José Miguel Lana Berasaín y Miguel Laborda Pemán	151
«Una cierta conllevancia...». Reflexiones sobre la crisis del Antiguo Régimen desde Cataluña	
Rosa Congost.....	177

Patrimoine et revenus de l'Eglise dans la Bretagne du XVII^e siècle	
Philippe Jarnoux	201
Galegos no portal. A imaxe do galego nos vilancicos ibéricos do século XVIII	
Rosario Álvarez.....	219
Cancioneiro da sotana	
Antón Santamarina.....	243
«Antiguamente no se estimaban mucho los montes, mas hoy es la mejor hacienda». Os aproveitamentos do monte comunal en Galicia, séculos XVI-XIX	
Hortensio Sobrado Correa	255

OS TRABALLOS DA VIDA.

Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XX

Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-19155-90-0; pp. 39-61

LIMIAR

Estudos adicados ao profesor Pegerto Saavedra

Isidro Dubert e Hortensio Sobrado Correa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A demais dun historiador fondamente comprometido coa investigación, o coñecemento e a difusión da historia de Galicia, Pegerto Saavedra é un home discreto. En consonancia con isto, os compoñentes do Grupo de Investigación de Historia Moderna da USC, no que veu desenvolvendo seu traballo estes últimos anos, pensamos cal sería o xeito máis oportuno de agasallalo no momento da súa xubilación. Algún de nós lembramos entón o feito de que, ademais, Pegerto Saavedra é un admirador dese grande escritor e intelectual que foi Ramón Otero Pedrayo, moitas de cuxas intuicións históricas, aparecidas baixo as más diferentes formas na súa obra ensaística ou literaria, teñen demostrado ser atinadas. Veunos así á cabeza *O libro dos amigos*, ese, no que Otero rememoraba con fondo cariño os perfís sentimentais e intelectuais das persoas que tiveran unha relevante significación na súa vida.

Obviamente, non se trataba pola nosa banda de escribir en nome de Pegerto Saavedra o seu particular libro dos amigos, o que ademais dun disparate sería unha ousadía, senón de tomar como inspiración a creación oteriana para tratar de atopar a forma de agasallar ao noso compañoero. Foi deste xeito que se nos ocorreu poñernos en contacto con aquelas persoas coas que traballara ao longo da súa dilatada carreira e coas que establecera unha relación que fora alén do meramente laboral. Unha relación que, lonxe dos iniciais compromisos de traballo que os uniron de xeito circunstancial, pronto derivou nun intercambio de ideas, nun diálogo e, as veces, nun amigábel desencontro de pareceres acerca de cales foron ou de como funcionaron as

chaves da historia da poboación, da economía, da sociedade, da cultura ou da política no Antigo Réxime, entendido este no senso máis amplo do termo, espacial e temporalmente. Un diálogo e un intercambio froito dunha grande curiosidade intelectual, canalizada en tódolos casos a través do desexo que os participantes nesta homenaxe amosaron en distintos momentos das súas vidas polo coñecemento do pasado, ao cal chegaron dende disciplinas tan distintas como, por exemplo a Historia, a Xeografía ou a Filoloxía. Sexa como for, uns esforzos que Pegerto Saavedra sempre entendeu que sumaban, ampliaban e contribuíán a facer máis rica e complexa a imaxe que os historiadores tratamos de reconstruír do pasado.

Porén, non pode agocharse que esta opción tiña os seus riscos, xa que por diferentes circunstancias, persoais, laborais e de espazo físico, neste *Liber amicorum* non están todos e todas as que son, mais tamén é certo que sabemos que ningún dos seus amigos e compañeiros se sentirá ferido por isto. Ao contrario, celebrarán con nós esta homenaxe e, coñecendo a Pegerto, concordarán tamén con nós en que outra opción, más tumultuosa e masiva, non estaría en liña coa súa proverbial discreción. En todo caso, se algúns das persoas se sentise molesta por non estar presente nas páxinas deste libro pedímoslle perdón e facémoslle saber que a culpa diso corresponde única e exclusivamente aos encargados de organizar e dar forma de libro a esta homenaxe.

* * *

Nun limiar destas características, no que queremos primar o afectivo sobre o meramente académico resulta imposible, amén de estar fora de lugar, resumir nunhas poucas páxinas a xeira de libros, artigos ou capítulos de libro publicados nos anos que median entre que Pegerto Saavedra comezou a súa andaina investigadora na vella Área de Historia Moderna da USC, alá por 1977, e a actualidade, momento da súa gozosa *xubilatio*. Por esta razón, e antes que tratar de impresionar ao lector co número das súas publicacións, dos seus títulos, premios, cargos académicos desempeñados ou recoñecementos recibidos —o que no mundo universitario é recurso dos pobres de espírito, dos que confunden a cantidade coa calidade—, máis oportuno nos parece explicarle cales son algunas das principais achegas da súa obra a través da escolla daquelas investigacións que, entendemos, supuxeron a apertura dunha fiestra ou unha franca inflexión no coñecemento do pasado histórico de Galicia. Xa que logo, das que coidamos contribuíron e contribúen hoxe a unha mellor comprensión do noso presente como país e como pobo.

Dende este punto de vista, ninguén poderá negar a importancia que en 1985 tivo a saída do prelo da súa *Economía, Política y Sociedad de Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. Unha obra que mudou a estratexia de investigación que cara a 1968 se deseñara no seo da Área de Historia Moderna da USC, ao deixar atrás unha aproximación á época baseada na repetición de estudos comarcas que tomaban como referencia a idea da *monographie paroissiale* concebida no seu día por ese grande historiador do mundo rural francés que foi Pierre Goubert; unha aproximación esta que o propio Pegerto Saavedra ensaiara en 1979 en *Economía rural antigua en la montaña lucense: el concejo del Burón*, editado pola USC. Atrás ficaba pois un modelo de investigación que, a partir da aplicación dunha rigorosa metodoloxía a un limitado abano de fontes, trataba de ofrecer a escala local unha imaxe “total”, o máis ampla e completa posíbel, do pasado dos habitantes das comarcas de estudio grazas ao coñecemento da relación que gardaban entre si as variábeis de natureza demográfica, económica, social e cultural que incidían sobre elas durante o curso da idade moderna. Atrás ficaba entón a pretensión de cubrir o país cunha serie de investigacións comarcas, moi semellantes entre si na súa estrutura interna, coa fin de obter uns resultados homoxéneos e comparábeis cos que reconstruír logo, nun segundo momento e a modo de pezas dun grande *puzzle*, o pasado da Galicia moderna no eido demográfico, económico, social ou cultural.

Neste contexto, a obra de Pegerto Saavedra, froito dos anos de traballo dedicados á realización da súa tese doutoral, ampliaba ese marco espacial de referencia, ao tomar como obxecto de estudio o ocorrido nunha das vellas provincias galegas, a de Mondoñedo, que, grosso modo, se corresponde con esa área rexional que a vella Xeografía Descritiva caracterizaba como a Galicia cantábrica, a que vai dende as montañas setentrionais até as costas da Mariña. Na elección deste enfoque espacial e temporal, como no feito de desenvolver a súa pescuda entre fins do século XV e os comezos do XIX, xogou un importante papel a atención que o noso home-naxeado prestou ao acontecido no eido da Historia Económica durante a década de 1970. Neses anos, impuxérase nela unha investigación centrada no estudo dos factores que explicaban as relacións existentes entre a evolución da poboación, o desenvolvemento económico e o cambio social na media e longa duración sobre ámbitos territoriais de corte rexional ou provincial. Evidentemente, unha ollada desta naturaleza obrigaba tanto ao emprego dun número de fontes amplio e variado como ao coñecemento de diferentes metodoloxías para poder explotalas *comme il faut*; unhas fontes e unhas metodoloxías que, polo demais, debían empregarse de xeito coordenado para así respectar o senso e a coherencia dos resultados obtidos no curso da investigación.

Foi dende esta perspectiva que en 1985 soubemos da evolución e das características da poboación mindoniense entre 1480 e 1830, quer na costa, quer nos vales, quer nos territorios da montaña, quer nas vilas e cidades. Tamén, da serie de transformacións agrícolas e gandeiras que se deron nese dilatado arco temporal; da aparición e desenvolvemento dos mercados e circuitos económicos locais, provinciais ou rexionais, e da súa inserción nos existentes no seo país galego ou no norte, centro e sur peninsular; das chaves da conxuntura económica grazas a evolución dos prezos ou das mudanzas que ao longo de máis de tres séculos experimentaron as actividades artesanais e industriais, o comercio e a exportación de lenzos ou ferro, poñamos por caso. E iso, sen esquecer o coñecemento que se nos ofrecía sobre a propiedade da terra; o proceso e os mecanismos que as elites tradicionais e as clases sociais emerxentes, como a fidalguía, empregaron para materializar a «expropiación do patrimonio raíz e gandeiro» do campesiñado; o grao de explotación económica e suxección social ao que estiveron sometidos os labregos entre o séculos XVI e XIX; a forma que asumiou a súa resistencia social fronte as pretensións e agresións dos poderosos; os factores que explican a persistencia e o agravamento das diferenzas sociais; a constatación da existencia dunha relativa mobilidade social no mundo rural da Galicia cantábrica... E así, até situarnos diante da reacción da sociedade mindoniense fronte a crise do Antigo Réxime, xa no transo dos séculos XVIII ao XIX.

Como calquera pode comprobar cunha simple consulta a amentada obra, unha investigación ambiciosa na que —hoxe o sabemos— atopábanse *in nuce* boa parte dos problemas históricos que Pegerto Saavedra abordaría en profundidade, e con orixinalidade, todo hai que dicilo, nos vindeiros anos. Na súa solución non dubidou en seguir facendo uso de novas perspectivas, enfoques, fontes e métodos de traballo, co gaio de ampliar e afondar o coñecemento que tiñamos da historia moderna de Galicia. Nesta liña, coidamos que cumpriría fazer mención ao que supuxo a aparición en 1992 d'*A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*, que lle valería o Premio da Crítica en 1993, e cuxa versión ampliada sairía do prelo en España en 1994 co título *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*. Unha obra na que o seu autor non só foi quen de combinar as achegas da investigación modernista existente no país cos resultados procedentes dese traballo discreto e continuado, enfrentado por el mesmo durante máis de vinte anos en diferentes arquivos galegos e estatais, para dar vida a unha obra orixinal. Unha orixinalidade que, alén do manexo que nela se fai dos mencionados resultados, coidamos atópase na capacidade que o noso homenaxeado amosa para lelos e interpretalos á luz dos avances temáticos e metodolóxicos que dende mediados da década de 1980 se produciran no eido da Historia Social, da Historia da Familia, da Demografía Histórica, da Historia

Económica, da Antropónimia Histórica, da Antropoloxía Histórica e Cultural ou da Historia das Mentalidades.

Dende esta perspectiva, a achega de Pegerto Saavedra á historia da vida cotiá dos galegos e galegas na idade moderna pouco ou nada se parece á levada a cabo noutros lugares da Península Ibérica polos historiadores do ramo durante a década de 1990, a maioría deles moi influídos pola microhistoria. No seu caso non. No seu caso, o recurso á historia ou á vivencia individual, cando se produce, non acaba dando lugar a unha sorte de historia evenemencial, erudita, preocupada polo feito miúdo, pola anécdota entretida e curiosa ou pola mera forma narrativa do texto. En boa medida, isto é posíbel grazas a que ten presentes e toma como referencia —entre outros moitos— os útiles metodolóxicos da chamada «historia dende abaxo» de matriz marxiana desenvolvida por historiadores como Edward P. Thompson, ou as achegas que no mesmo senso fixeron á antropoloxía social autores como James Scott. Por este motivo, a historia individual, cando aparece, o fai enmarcada nunhas estruturas do cotiá de tinguidura braudeliana, isto é, asentadas nas bases no acontecer demográfico, familiar, económico, social ou cultural de Galicia. De aí que Pegerto Saavedra non dubide en achegarse ao tema mediante o emprego de gráficos, táboas ou mapas, os que, dalgún xeito, lle axudan a presentar sinteticamente ao lector as chaves desas estruturas. Tamén o fai combinando o cualitativo co cuantitativo, neste caso co obxectivo de facernos comprender, de explicarnos, como era o devir familiar ou social da xente común no seo das mesmas. Un proceder que, loxicamente, lévalle a exceder os estreitos marcos temporais, xeográficos e sociais nos que adoita moverse a amentada microhistoria, moi penetrada polas premisas da antropoloxía cultural dun Clifford Geertz. É dicir, moi proclive a alentar ese subxectivismo interpretativo no que teñen caído moitos historiadores logo da descuberta da súa particular e peculiar paixón —sempr agachada, sempr inconfesada— polo feito evenemencial, individual, erudito, curioso ou escabroso, o cal non dubidan en presentar como ciencia histórica.

Ollada así, enténdese que a historia da vida cotiá desenvolvida nesta ou aquela convxuntura da idade moderna, neste ou aquel momento histórico preciso da mesma, se explique tanto a partires das circunstancias demográficas, económicas, sociais, familiares ou culturais herdadas do pasado como das que os galegos e as galegas da altura estaban creando no tempo que lles tocou vivir. Se situaban así ao cabo dun futuro que, en esencia, non se atopaba predeterminado de antemán. Dende esta perspectiva aténdese no libro á forma que na vida cotiá asumiron as relacións entre campesiños e rendistas; ás implicacións derivadas dun determinado aproveitamento dos froitos manso e bravo; ao porqué da alimentación dos habitantes do vello reino

de Galicia; á forma na que estes enfrentaron familiar, social ou culturalmente aspectos da vida como o nacemento, o matrimonio, a morte, a festa, etc.; á situación e ás vivencias dos que aparentemente se situaban nas marxes da sociedade sen saber que estaban na cerna da mesma; ás crenzas e ás prácticas relixiosas de labregos, cregos e fidalgos; á particular interpretación que cada un deles facía do sacro e do profano; á comuñón existente entre esas interpretacións como parte dun xeito colectivo de entender o mundo e a vida familiar e social; ao significado sociocultural dos avances que experimentou a alfabetización na Galicia dos séculos XVIII e XIX, etc.

Unha última obra de Pegerto Saavedra á que quereríamos facer mención pola súa capacidade para amosar cales foron as liñas mestras polas que descorreron as relacións económicas, sociais ou culturais na Galicia do Antigo Réxime é *La opulencia de los hijos de san Bernardo. El Cister en Galicia, c. 1480-1835*, aparecida o pasado 2021. Nela, empeñou máis unha ducia longa de anos de traballo sistemático nos arquivos e bibliotecas do país e do resto do Estado co obxectivo de amosarnos cales foron, como eran e como funcionaron os mecanismos de dominación e explotación económica e social que operaban no seo da sociedade galega durante a idade moderna a través das actuacións levadas a cabo neste senso polos mosteiros. Sen dúbida, as institucións señoriais más importantes, de maior arraigo territorial e maior permanencia temporal na historia de Galicia. Estas características, xunto a súa posición privilexiada como grandes propietarios de terras no marco dunha sociedade estamental, convérteos nun observatorio privilexiado dende o que tratar de estudar o sistema de explotación e de dominación señorial ao que estivo sometido o grosso da sociedade galega —nomeadamente o campesiñado— entre finais do século XV e os comezos do século XIX.

Dende esta óptica, os mosteiros se nos presentan como grandes institucións xestionadas por monxes maioritariamente de orixe castelá, especializados na apropiación dos excedentes e da riqueza agrícola xerada polo traballo dos labregos e as súas familias a través do cobro de rendas raíces procedentes de foros, décimos, lutoosas e outras cargas señoriais. Por esta vía, acumulaban anualmente nas súas tullas unha enorme cantidade de gran que, a mediados do século XVIII, calcúllase podería chegar alimentar aos habitantes dunha cidade como Madrid durante máis dun ano; un monto de gran do que os monxes e as súas respectivas institucións só consumían unha cuarta parte. De xeito paradoxal, as tres cuartas partes restantes destes «excedentes compulsivos» acababan nas mans dos mesmos labregos que os producían trala súa compra nas paneiras dos mosteiros. Mais un terzo destas vendas camuflaban en realidade o pago das débedas atrasadas que moitos campesiños tiñan coa institución polo impago das mencionadas rendas, o que significa que se vián

obrigados a participar neste comercio forzado debido, entre outras cousas, á debilidade que amosaran as súas respectivas economías domésticas diante da incerteza dos tempos. Neste senso, resulta rechamante que o obxectivo deste ciclo compulsivo, caracterizado pola apropiación-venda-merca do gran alleo, non fose o de garantir a rendibilidade económica da institución, senón a supervivencia das comunidades monásticas. Ou o que é o mesmo nunha sociedade de Antigo Réxime, de garantir a supervivencia do sistema de explotación económica e de dominación social que na altura pesaba sobre a maioría da poboación galega e, con iso, as bases sociais e culturais do mundo señorial.

Expostas as chaves do funcionamento deste sistema que tratamos de resumir nunhas poucas liñas, Pegerto Saavedra explícanos logo cales foron as estratexias empregadas polos labregos para escapar a súa suxeición. De aí a atención que presta ao escurecemento que o campesiñado levaba a cabo da propiedade foral; ás formas que asumiou a súa tendencia a acudir ao recurso á xustiza de xeito mancomunado ou á reacción que nas comunidades labregas orixinaban os despoxos promovidos polos monxes con cada apeo. Mais tamén, ás fórmulas empregadas polos mosteiros para minimizar as resistencias sociais que puideran desencadearse a nivel local polos amentados despoxos; ao agoocho pola súa banda das cargas señoriais nos contratos de foro ofrecidos aos campesiños coa intención de asegurar a continuidade das vellas formas de explotación e dominación nas distintas fases da idade moderna; aos seus intentos de estender o arrendamento de terras entre os sectores sociais interesados nelas nos momentos nos que se producía un remate masivo de contratos forais; á comuñón de intereses de labregos e fidalgos contra esa extensión, malia que os intereses duns e outros fosen diverxentes... E todo isto, sen esquecerse de informarnos das chaves do señorío monástico; do papel e da importancia que nel tivo o monte; da forma na que se producía a comercialización das rendas campesiñas; dos grandes conflitos e polémicas forais acaecidas nas décadas centrais do século XVIII; da situación financeira dos mosteiros ao longo da idade moderna; da súa desaparición na fin do Antigo Réxime; etc.

Como pode apreciarse polo expresado, un libro que afonda en moitas das teimas que Pegerto Saavedra xa tiña na cabeza en 1985, só que agora irá alén das mesmas, ao ofrecérmonos unha interpretación cabal, articulada e comprensiva das dinámicas económicas e sociais imperantes na sociedade galega da idade moderna. En suma, algo que se agarda dos historiadores, mais que poucos conseguem.

Polo demais, e xa para rematar, compre dicir que as distintas pezas dessa interpretación foron talladas previamente grazas a unha demorada investigación de arquivo, cuxos resultados o noso home foi dando a coñecer ao longo da súa dilatada

carreira académica baixo a forma dos numerosos libros, artigos de revista, capítulos de libro, ponencias e comunicacóns presentadas en diferentes congresos, seminarios e xornadas de estudos especializadas de carácter nacional e internacional. Obviamente, as achegas e matices que conteñen todas e cada unha dasas pezas non son doadas de sintetizar nunha poucas páxinas. Como tampouco o son os premios e recoñecementos que o homenaxeado recibiu polo seu traballo ao longo de todos estes anos —caso dos Premios da Crítica Galicia en 1993 e 1999 ou a entrada na Real Academia Galega en 2013—, os cargos académicos que desempeñou, as institucións culturais e de investigación ás que pertenceu, os consellos editoriais cos que colaborou, os encontros científicos que organizou, os cursos que impartiu en universidades e institutos de investigación galegos, estatais e europeos, as estadías que realizou en recoñecidos centros de investigación estranxeiros, as teses que dirixiu... Máis todo está aí, como parte do esforzo académico e intelectual que Pegerto Saavedra levou a cabo dende 1977 coa arela de ampliar, de ensanchar todo o posibel, o noso coñecemento da historia de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2022

OS TRABALLOS DA VIDA.

Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XX

Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-19155-90-0; pp. 39-61

«RESURRECCIÓN OU SUBSTITUCIÓN»: DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS AO INSTITUTO «PADRE SARMIENTO» (1936-1950)

Ramón Villares

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Para Pegerto Saavedra, da xinea dos bós e xenerosos.
E por tantos anos de amizade, nunca mellada*

Participar nunha obra colectiva concebida como un recoñecemento á traxectoria intelectual e universitaria de Pegerto Saavedra esixiría reparar en moitas vivencias compartidas e dar conta das obrigas contraídas. Pero non é este o lugar para compoñer un relato memorialístico de tantos anos de convivencia e de irmandade. Aínda que nacemos á investigación de forma case coetánea baixo o maxisterio de Antonio Eiras Roel, a vida foinos afastando algo no profesional pero nada no persoal. Para escribir algo condigno do seu nivel tería que retornar ao campo de estudio que algún dia partillamos, o que non me resulta posible. Pero tamén sei que gosta da historia das institucións, como os mosteiros ou a universidade, ás que ten dedicado páxinas memorábeis. Escollín, por esa razón, revisitar o percurso seguido por dous centros de investigación da primeira metade do século XX que, situándose nun espazo paralelo ao da universidade, lograron converterse ao tempo en referentes de dous modos diferentes de vincular o seu traballo con Galicia, coa guerra civil como valado media-neiro. Refírome ao Seminario de Estudos Galegos (SEG) e ao Instituto «Padre Sarmiento» de Estudos Galegos (IPS), institucións cuxo grao de continuidade ou ruptura foi motivo de discusión naquela altura e segue a selo na actualidade. A pauta

seguida neste texto é explicar aquel proceso a partir das palabras dun protagonista de ambas, Filgueira Valverde, para quen a «resurrección» do SEG non podía darse porque o IPS carecía do «mesmo corpo e da mesma alma» e mesmo debía trocar o seu nome: non era continuidade do SEG senón a súa substitución porque «o que xorde non repite».

Institucións culturais do primeiro terzo do xx

A creación de centros de promoción da lingua galega e de investigación da realidade galega, desde as humanidades ás áreas experimentais, foi un obxectivo sistemático das elites galegas nucleadas arredor do rexionalismo e, moi en especial, as da revista *Nós* que, vinculadas ás correntes institucionistas da ILE, comenzaron a institucionalizarse desde principios do século xx. A fundación da Real Academia Galega (RAG) tivo lugar en 1906, seguindo un proceso máis dependente do apoio da emigración galega en América do que das institucións galegas, que apenas lles prestaron apoio durante moitos anos. Exemplos distintos desta influencia do espírito institucionista serían a Misión Biolóxica de Galicia (MBG), fundada en 1921 por impulso de Juan López Suárez (*Xan de Forcados*), que debía atender o campo das ciencias agrarias (agronomía, xenética e sanidade vexetal e animal) ou o SEG, fundado en 1923 por sete escolantes universitarios en Compostela, que naceu cunha orientación máis humanista, sen descoidar as ciencias sociais e mesmo as ciencias da natureza, nomeadamente a xeoloxía. A obra feita por estas duas institucións foi a propia de centros pioneiros, que fomentaron unha mínima internacionalización da investigación aproveitando a política de «pensionados» da Junta para Ampliación de Estudios (JAE) e que coas súas «xeiras» de estudos comarcas practicaron un modo de investigar interdisciplinar, no que se viron axudados pola pericia dunha fornada de profesores novos que chegaron á universidade de Santiago coa apertura dos estudos de Historia e de Química a partir de 1922, dos que son bós exemplos o arqueólogo Luis Pericot ou o químico Fernando Calvet (Gurriarán, 2006).

A evolución destes centros foi moi diferente. A RAG afirmouse na cidade da Coruña, grazas á figura dos seus primeiros presidentes, Manuel Murguía e Andrés Martínez Salazar, logrando dispor dunha publicación propia, o *Boletín*, pero sen unha sede institucional. Só a partir da segunda metade dos anos vinte, co ingreso de varios membros da xeración Nós e das Irmandades (Risco, Otero, Castelao, Villar Ponte...), logrou funcionar como unha institución de dimensión galega e, na medida do posible, tamén galeguista. Pola súa parte, a MBG comezara a súa andaina en 1921 en Santiago, nos locais construídos para albergar a Escola de Veterinaria, que daquela non prosperara, cun director de prestixio reclutado por Xan de Forcados, o

vasco Cruz Gallastegui Unamuno, que o sería tamén durante o primeiro franquismo. Aquel centro, despois de estar uns anos no edificio da rúa compostelá do Hórreo, mudouse en 1927 para o pazo de Salcedo, á beira de Pontevedra, onde se asentou de forma definitiva ata hoxe, aínda que acabou seguindo a mesma sorte do resto das institucións científicas inspiradas pola ILE, que foron integradas no CSIC, a partir de 1939. Pola contra, o SEG tivo unha vida institucional máis azarosa, dado que careceu de amparo oficial, valéndose de mecenas privados e de axudas institucionais intermitentes (Mato, 2001). A súa sede foi itinerante en locais prestados pola Sociedade Económica de Amigos do País ou pola universidade e os seus membros foron moito más numerosos que os da MBG, en parte por se consideraren investigadores *amateurs* que podían partillar o seu traballo con outras profesións. Estaba a medio camiño entre unha academia, dado que se accedía á institución cun discurso de ingreso, e un centro de investigación congruente co nome que tiña.

A evolución e vida interna do SEG é ben coñecida a partir do documentado estudo feito no seu día por Alfonso Mato, concibido tamén como análise da súa desaparición, a partir de 1939, coa concorrencia da universidade compostelán e da más poderosa institución cultural e científica creada polo réxime franquista, o *Consello Superior de Investigacións Científicas* (CSIC). Naquela institución foi peza esencial o seu secretario xeral, o edafólogo e sacerdote José María Albareda, que tivo en Galicia apoios moi sólidos. Sobre este pano de fondo e grazas a novas fontes, especialmente epistolares, vou profundar no proceso de deseño e constitución do Instituto de Estudos Galegos, «Padre Sarmiento» (IPS), que naceu co obxectivo explícito de aproveitar o legado do SEG, pero rompendo coa súa tradición organizativa como co seu compromiso ideolóxico co autonomismo republicano. Foi un proceso de mutación e substitución, co protagonismo do CSIC, que permite ademais ollar en termos comparados a viciestate do SEG con outros exemplos próximos, como a *Sociedad de Estudios Vascos* (SEV) e, nomeadamente, o *Institut d'Estudis Catalans* (IEC).

Para non confundirnos coa comparación, é preciso advertir que o SEG parte de posiciones algo diferentes, tanto por ser a máis nova destas tres institucións como polo diferente amparo institucional e político de que todas elas gozaron ata 1936. Como é sabido, o IEC fora fundado en 1907, seguindo un plano de Josep Pijoan, daquela moi vincellado á ILE de Giner de los Ríos, ata o punto que se considera a institución catalá como un modelo para a política científica do institucionismo, que funda naquela mesma altura a JAE (1907) e tres anos máis tarde, o *Centro de Estudios Históricos* (Cacho, 1997). O centro catalán viuse logo favorecido coa creación da Mancomunitat catalana en 1913, que se converteu na institución protectora do IEC papel que, coa interrupción da dictadura de Primo de Rivera, sería asumido

pola *Generalitat* republicana, mesmo durante os anos de guerra civil. Alén disto, o IEC estaba organizado internamente en poderosas Seccións (Histórico-Arqueolóxica, Lengua e Ciencias) que, na realidade, funcionaban como unha reunión de academias e tamén como centros de investigación (Balcells, 2007: 122 e ss.). Para decilo doutro modo, o IEC ocupaba o espazo que en Galicia por separado tiñan a RAG, o SEG e mesmo a MBG. Agora ben, as consecuencias da guerra civil, coa derrota e supresión das autonomías vasca e catalá e a prohibición de uso oficial das linguas propias, coloca nun certo plano de igualdade o curso seguido por aquelas institucións e as que padeceron os centros galegos, dos que as más afectadas foron a RAG e, moi especialmente, o SEG como de contado vamos ver.

Adaptación rexionalista

Ao final da contenda civil, unha das maiores obsesións da política cultural da ditadura de Franco foi suprimir o que se consideraba heranza da España «vermeilla» ou «separatista» para construír un novo armazón institucional co que lograr a hexemonía cultural do novo réxime. Unha parte da cultura española ficara descabezada pola guerra civil ou marchara ao exilio. Pero alén de desterrados ou «enterrados» (fusilados, paseados, depurados) pola forte represión política na retagarda, ao final da contenda civil existía tamén un bloque social e cultural disposto a ser integrado nas estruturas políticas e institucionais da *Nueva España* que perseguía o novo réxime. O problema é aquilatar canto de novo ou rupturista ten este proceso e canto ten de mutación ou suplantación das institucións culturais anteriores. Desde a perspectiva dunha institución tan poderosa como o CSIC, adóitase subliñar a continuidade coa situación anterior. Así se celebrou en 2007 o primeiro centenario dunha institución nada en 1939, pero colocando a súa data de nacemento na da JAE, en 1907. Tamén na explicación históricas do IPS galego adóitase enlazar a súa existencia co precedente SEG, do que sería unha «continuidade» (Pardo de Guevara, 2008).

Hai bastantes matices en todos estes procesos, porque a ruptura que supón a guerra civil non se salda con solucións análogas en todas partes, dado que a reconstrucción da actividade cultural non foi uniforme nin no espazo nin no tempo. Para o caso de Galicia, poderíamos aproximarnos de forma comparada co sucedido en Cataluña e o País Vasco, dotadas non só con linguas propias senón con institucións que, durante o primeiro terzo do século XX, trataron de construír un armazón institucional político e cultural capaz de disputar a hexemonía ao nacionalismo de Estado. É verdade que a guerra civil marcou algunas diferenzas cualitativas, ao quedar Galicia descolgada da estratexia de Galeuzca e ser rapidamente incorporada á España dos sublevados e, en cambio, faceren a guerra coa España republicana tanto

Euskadi (ata 1937) como Cataluña, en ambos casos con gobernos autonómicos que lograron trasladarse ao exilio, cos seus dirixentes e con algúns recursos materiais e simbólicos.

As políticas dos vencedores en 1939 están en relación con estas experiencias bélicas previas. Mientras que en Cataluña e o País Vasco tentouse transformar a diversidade vasca ou catalá en soporte do nacionalismo español, en Galicia fixose más fincapé na creación dun modelo cultural que tendía a construír un universo rexionalista propio máis que a ser un reforzo do nacionalismo máis ou menos rexionalizado inspirado polo franquismo. No caso de Galicia é posible reconstruír este proceso a través dalgunhas figuras individuais e dalgunhas institucións que aspiraban a substituír o armazón cultural do galeguismo autonomista da preguerra. O acento púxose sobre a cultura e moito menos sobre a política e tampouco se prestou atención a grandes mitos da España franquista como o imperio americano, como foi o caso de Vasconia. Foron o patrimonio histórico-artístico ou a lenta recuperación dun espazo culto para a lingua popular os obxectivos prioritarios deste rexionalismo cultural que tivo uns poucos, pero moi activos actores.

Doutra banda, non ten moita forza en Galicia a defensa expresa da súa españolidade, porque a súa galeguización non fora intensa. No caso de Cataluña, que experimentara unha profunda catalanización cultural, foron moitas as voces que en 1939 solicitaban recuperar a Cataluña real fronte á «imaxinada pel catalanisme» e reconstruír deste xeito unha «Cataluña española», abandonando o que Ferrán Valls i Taberner chamara o «falso roteiro» (Santacana, 2013: 45 e ss.; Geniola, 2021). Algo semellante sucedía no País Vasco, onde as apelacións a favor dunha «Vasconia españolísima» começaron a se sentir públicamente a partir da caída do Bilbao (Lamizkiz, 2021). En Galicia houbo tamén numerosas voces a favor dunha maior integración no universo cultural deseñado pola *Nueva España*, con adáiles como Euxenio Montes, José María Castroviejo, Alvaro Cunqueiro, Luís Moure Mariño e moitos outros. Pero Galicia non fora territorio «reconquistado» senón que era a pequena patria de figuras tan relevantes como José Calvo Sotelo e, sobre todo, de Francisco Franco, retribuído co «obsequio dos seus paisanos» —palabras do Caudillo— que foron as Torres de Meirás, rapidamente resignificadas como Pazo.

As institucións culturais galegas correrón diversa sorte e, nalgúns casos, non foi mellor que a padecida por centros análogos de Cataluña ou de Euskadi. Por unha banda, a RAG mantívose en pé, coa elección dun presidente de longa tradición rexionalista, Manuel Casás Fernández, que permaneceu no cargo ata 1960. Foron os anos máis duros e «escuros» da institución que, sen ter ameazada a súa existencia, sobreviviu grazas a varias medidas complementarias. Ademais de nomear en 1942

a Franco como o seu Presidente de Honra, a RAG viuse inmersa nun proceso de desnaturalización das súas funcións, co abandono do uso da lingua galega nas súas sesións e publicacións e unha recomposición dos seus membros mediante un ingreso colectivo de varios integrantes do antigo SEG en 1942, proceso en parte análogo ao que padeceu a *Sociedad de Estudios Vascos*, presidida por Resurrección María de Azkue, que padeceu unha prohibición «tácita» durante anos para o cultivo da «cultura euskarista» (Aguirre, 2018: 347).

Esta remodelación da RAG estaba prevista desde finais do ano 1940, segundo se deduce dunha carta manuscrita, sen destinatario, que obra nos fondos do SEG, cuxo autor (non identificado) manifesta a súa estrañeza polo feito de que «foron elixidos académicos os fundadores do Seminario e a maior parte dos seus mellores colaboradores», agregando que «non comprendo que se persiga ao Seminario, mentres aos seus membros búscasellos para a Academia» (Mato, 2001: 327). Os elixidos tomaron posesión en ceremonia colectiva que tivo lugar no Paraninfo da universidade compostelá, na que se pronunciou un único discurso de ingreso, a cargo do fundador do SEG, Fermín Bouza Brey. Entraron con el outros compañeiros do SEG, como o cóengo Xesús Carro ou o profesor Filgueira Valverde, que curiosamente non pudo intervir naquela ceremonia, o que moito lamentou.

Aínda que a RAG foi renovándose de modo gradual, grazas ao impulso de académicos como Otero Pedrayo, o peso de anticuarios e eruditos, pouco afectos ao emprego da lingua galega, marcou o perfil da institución durante dúas décadas, ata que comenzaron a ser admitidos outros antigos «seminaristas» e membros do grupo cultural de Galaxia, como Carvalho Calero, García-Sabell, Fernández del Riego ou Ramón Piñeiro. A elección do maxistrado Sebastián Martínez-Risco como presidente, o logro dunha sede estable na antiga morada da familia Pardo Bazán e a celebración anual, desde 1963, do Dia das Letras Galegas, foron algúns dos piares sobre os que camiñou a RAG cara á súa progresiva renovación e unha más estreita conexión coa sociedade galega.

O tandem Sánchez-Cantón-Filgueira Valverde

Por outra banda, unha segunda institución, quizais a de maior proxección intelectual e política ata o 36, foi o SEG que, en cambio, sufriu un proceso de incautación e mutación, no que pode considerarse como o mellor exemplo de rexionalismo cultural durante o primeiro franquismo, no que tiveron gran protagonismo dúas figuras que actuaron de forma coordinada durante décadas. Unha foi Francisco Javier Sánchez-Cantón, catedrático de Historia da arte da Universidade Central e subdirector do Museo do Prado desde 1922, que accedería á dirección tras a morte

do pintor Fernando Álvarez de Sotomayor en 1960; a súa pertenza a varias academias (Lingua, Historia, Belas Artes) e a comités asesores oficiais concedíalle unha gran capacidade de manobra nos medios culturais e políticos de Madrid. E a outra foi Xosé Fernando Filgueira Valverde, catedrático de Literatura de ensino medio na súa cidade natal e director do Museo de Pontevedra desde 1942, que se converte no factótum local do proxecto cultural de Sánchez Cantón. Ambos construíron de forma combinada unha gran institución local (o Museo provincial de Pontevedra) e unha importante institución de carácter rexional (o Instituto de Estudios Galegos «Padre Sarmiento», IPS), así como un ambicioso proxecto editorial (Bibliófilos Galegos) e algunas outras iniciativas de menor alcance.

A configuración deste grupo cultural en torno ao Museo de Pontevedra e ao IPS traía as súas orixes dos tempos de preguerra, pero consolídase claramente durante os anos corenta e cincuenta. O método seguido é orixinal por máis dun concepto, ao combinar a xestión local e a pé de obra —na que actuaba Filgueira Valverde— cun amparo institucional e político procedente de Madrid, onde a man que «arrollaba o berce» era o moi influente Sánchez Cantón. A xenealoxía ideolóxica de ambos era bastante próxima, cun perfil católico compartido e un talante galeguista, reticente no caso de Cantón e más sólido no caso de Filgueira, dado que fora un dos fundadores do SEG e do Partido Galeguista, así como defensor do plebiscito do Estatuto de Autonomía en xuño de 1936.

Sobre ambos exercera en tempos unha notable influencia o líder do galeguismo político, Alfonso Castelao, residente en Pontevedra desde 1916 e amigo persoal de Sánchez Cantón ata a súa ruptura por causas políticas, que se poñerá de manifesto do modo más descarnado desde a guerra civil, a pesar da súa coincidencia temporal no Madrid cercado polas tropas franquistas no outono de 1936. Abonda con ollar a nota necrolóxica que Cantón lle dedica en 1950 ao seu vello amigo con ocasión do seu falecemento en Buenos Aires, na que explicita as razóns da ruptura («ata que a política destruíu do todo a nosa amizade [coa súa] actuación durante a guerra»). Naquela necrolóxica escrita para a *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*, insiste nunha visión de Castelao que terá longo percorrido: condena o político para salvar o artista e o escritor («foi o mellor prosista en galego do noso tempo»). A nota estaba formalmente avalada polo propio Filgueira, quen non esconde o silencio con que se tratou a súa morte (carta do 2.2.1950): «a túa intervención académica en memoria de Castelao, impresionante. Aquí non fixemos nada público, nin a misa, porque o Gobernador advertiu moi en serio» (ECF, II, 328).

En tempos da República, ambos militaran no campo do galeguismo político. O moi moderado e monárquico Álvarez de Sotomayor advertíalle ao seu discípulo

Sánchez Cantón que «o grupo de Castelao creo que pode dar moito xogo» e aconselláballe que «se eu estivese no seu lugar, non dubidaría en secundarles», despois de ver os discursos pronunciados en varios mitins celebrados no sur da provincia de Pontevedra durante a campaña electoral de xuño de 1931 (Valle, 2004: 159). Pero a evolución da política republicana, tanto na súa variante relixiosa como na súa alianza coa coalición da Frente Popular, foi separando a Cantón e Castelao do seu desigual compromiso co réxime republicano e a guerra civil fixo o resto, situándose Cantón no bando franquista aínda que os tres anos pasados no Madrid republicano, dedicados tanto en coidar do patrimonio do Museo como en curar a súa nostalxia galega. Na súa primeira epístola dirixida a Filgueira en abril de 1939, ademais de exclamar que «ao fin podemos cantar vitoria», engade que gastou o tempo en escribir «unha [inacabada] novela epistolar en galego e un vocabulario castelán-galego de autoridades», de modo que «de aquí deducirá que a terra estivo moi presente, ata a obsesión» (ECF, 4.5.1939). Pero a súa relación coa cultura e política galega fora mutando cara a unha concepción moito más centralista, ademais de conservadora, totalmente diferente da que practicara ata o ano 1930, cando pilotou a moi coidada edición do *Álbum Nós* do seu amigo Castelao, sufragado por un grupo de amigos tanto de Galicia como residentes en Madrid, que distribuiría con paixón o común amigo Filgueira.

O final do SEG: «poden botarlle un responso»

Unha das accións más controvertidas da cultura galega, na súa expresión institucional nos primeiros anos corenta, foi o curso seguido polo SEG que, correu un destino análogo ao seguido pola estrutura institucional da ILE e dos seus institutos de investigación radicados en Madrid, ao se instalar o CSIC sobre os edificios e lugares ocupados pola ILE nos «altos do Hipódromo» ou construídos de nova planta. No caso de Galicia a mutación tivo lugar algo máis tarde, aínda que con protagonistas parcialmente análogos: o CSIC, co apoio máis que moral da universidade de Santiago de Compostela, e un silencio cómplice de boa parte dos membros do SEG que permanecían no interior. Tratábase de crear algo novo, de acordo co espírito do réxime franquista, pero aproveitando en todo o posible a heranza recibida, nun proceso de substitución que alcanza mesmo á construcción dunha continuidade retrospectiva. A restauración do vello SEG polo grupo Sargadelos, a fins dos setenta, invalidou na práctica aquela operación de cosmética institucional de carácter retroactivo malia as dificultades con que tivo que desenvolverse.

A continuidade dunha institución tan identificada co proxecto político do galeguismo republicano, como era o SEG, foi motivo de interese e debate, moi

presente no ámbito epistolar, desde abril de 1939. O epistolario más explícito é o cursado entre Sánchez Cantón e Filgueira desde 1939, pero tamén existen numerosas referencias noutros epistolarios como os de Otero Pedrayo, Cordeiro Carrete, Xesús Carro e de exiliados como Luís Seoane, que mantíñan vivo en Buenos Aires o recordo do SEG como emblema institucional da súa obra de galeguización cultural ata o 36, cuestión da que nos ocupamos hai tempo (Villares, 2007). O periplo seguido polo SEG foi, desde logo, moito máis duro que o padecido polas institucións análogas de Cataluña e do País Vasco que, mal que ben, lograron manter en pé o IEC e a Sociedade de Estudos Vascos, así como a Academia da Lingua (*Euskantzaindia*), que «xestións de persoas ben situadas naquel momento [1941] permitiron que volvese funcionar publicamente» (Geniola, 2021: 61).

No caso do SEG, influíron vellas envexas que arrincan desde a súa fundación pero que se incrementaron en tempos da II República. Existía unha rivalidade coa propia universidade, a pesar da colaboración que lle prestaron vellos e novos catedráticos, incorporados a partir de 1923 á súa nova Sección de Historia (Luís Pericot, Abelardo Moralejo, Ciriaco Pérez Bustamante...), ademais dunha debilidade material da institución, que houbo de aloxarse primeiro nas dependencias da Sociedade Económica de Amigos do País e, desde 1930, da universidade compostelá. Esta fraxilidade explica tamén que fose máis fácil proceder á incautación dos seus bens móbiles, biblioteca e museo. Ademais, unha parte do profesorado universitario estaba molesto co compromiso galeguista e autonomista do SEG, o que deu lugar a algunas polémicas na prensa, tanto a favor como en contra da nova institución e á súa consideración de niño «separatista» (Mato, 2001: 289-292). En xullo de 1936 era presidente do SEG o escritor Ramón Otero Pedrayo e reitor da universidade, o biólogo Luís Iglesias, pero ambos foron rapidamente apartados dos seus cargos por motivos políticos. Para Otero Pedrayo, a inimiga da universidade era clara e así a manifesta ao saír dunha reunión no Reitorado, ao dicirlle aos seus compañeiros de embaixada, entre eles o cóengo Xesús Carro: «*podar botarle un responso*». O señor de Trasalba diríao de modo máis extenso a través dunha peza poética escrita en setembro de 1936 (*A Estadea*), que foi definida como un «Pranto polo Seminario de Estudios Galegos», ao modo lorquiano (Alonso, 2006: 195 e ss.).

A pesar das aparentemente boas relacións que a universidade seguiu mantendo co SEG nas primeiras semanas de guerra, pronto comenzaron denuncias de «un catedrático de Farmacia» que pretendía expulsar ao SEG das dependencias universitarias que ocupaba, non bastando a parar estes golpes o feito de que algúns membros do SEG, en nome da institución, felicitasen a Franco como «fillo ilustre de Galicia» con ocasión do seu nomeamento como *Jefe de Gobierno e Generalísimo de los Ejércitos*.

A sorte estaba botada, áinda que os movementos para facer desaparecer o SEG non se renovan ata 1940, cando o Reitor universitario expuxo con total claridade ante un grupo de antigos «seminaristas» o punto en que se achaba a institución:

El Rector de la Universidad reunió el día 9 de abril de 1940, en su despacho del rectorado a los directivos y algunos elementos residentes en Santiago, con el fin de arreglar la estabilidad del Seminario y salvar su labor y todos sus materiales. El Rector expuso, en principio, que el Seminario se hallaba fuera de la Ley [subliniado RV], porque no se habían renovado, durante aquellos años de guerra, los cargos de la Comisión Directora, ni se habían tampoco cumplido los demás requisitos señalados en el Reglamento. Había dos vías que podían elegirse. Una, la de volver [a] solicitar al Gobernador de la Provincia la continuación del Seminario, con su mismo Reglamento; lo que no aconsejaba, por cuanto estaba enterado que sería denegado. La otra, era ya la única, que el Seminario se incorporase a la Universidad. Así se salvaría el Seminario, permaneciendo todo, Museo y Biblioteca, en el mismo local, no tocándose nada. (Mato, 2001: 297-298).

Foi o principio dun proceso de «incautación» por parte da universidade e, a continuación, de substitución por outra institución, amparada polo poderoso CSIC e o seu secretario xeral, José María Albareda. Naquel asedio político e institucional poucas persoas puideron resistirse, sendo a máis resistente o cóengo compostelán Xesús Carro, que mesmo tivo que padecer as queixas do «gran Filgueira» polo súa tenaz defensa do SEG. Pero os seus intentos de preservar a identidade e o patrimonio do SEG tropezaron coa negativa oficial do Reitor e, por elevación, do propio Goberno franquista e do seu ministro de Educación Nacional, José Ibáñez Martín. En palabras de Carro, «o seu ideal é facer morrer esta Institución, que honraba á súa terra». A apropiación e traslado do patrimonio do SEG realiza en 1941, pasando temporalmente a dependencias universitarias, ata que poucos anos máis tarde retornan ao novo IPS, aloxado esta vez na antiga «leñera» do Colexio de Fonseca, onde continua na actualidade (Mato, 2001: 326-334).

Seminario ou Instituto de Estudos Galegos?

Aquí é onde comeza a configurarse o proxecto de rexionalismo cultural dirixido en gran parte por Sánchez Cantón e Filgueira, coa colaboración activa ou pasiva de moitos dos membros do SEG que permanecían en Galicia despois do final da guerra civil. Que o futuro do SEG estaba presente entre eles móstrao cabalmente a intensa correspondencia epistolar renovada en abril de 1939. A finais daquel ano pregúntase Sánchez Cantón «que hai do Seminario?» e insta a Filgueira que lime

as súas relacións persoais con Felipe Cordero Carrete, quen sería durante moitos anos unha figura esencial na xestión concreta, na cidade de Santiago, de todo este proxecto cultural, tanto do IPS como de Bibliófilos Galegos. Da súa entrevista en Madrid co cóengo Carro, «moi preocupado co de Santiago» tamén se deduce que barallan que «antes que a disolución» do SEG, se faga un «Instituto Atlántico ou Sarmiento, paralelo ao Instituto de Estudos Mediterráneos», aínda que a posición de Cantón parece reticente: «eu nin opino» (ECF, 7.7.1940). A teimosía de Xesús Carro comezaba a ceder, a quen o moi prudente Cantón lle acaba criticando, en carta a Filgueira, que os «flatos monjiles» se estendan ás sotanas (ECF, 21.12.1942).

A mutación do SEG no novo IPS realizase de forma bastante rápida, entre os anos 1942 a 1944, ano no que comeza oficialmente a funcionar o novo Instituto, aínda que a súa sede material sería inaugurada en 1946. Os pasos dados foron delicados, pois se tratava de recuperar en todo o posible a heranza do SEG, encadrar aos seus membros na nova institución e desenvolver un plan de traballo que lexitimase a decisión tomada. E como punto simbólico, a adopción do nome, ben Seminario ou ben Instituto, que era tanto como dicir continuidade ou ruptura, polo menos nominal. Porque para o recrutamento dos seus membros os promotores trataron de incorporar á maior parte dos antigos «seminaristas» que non se exiliaron ou que estaban limpos de penas de cárcere ou depuración administrativa. O obxectivo era ligar este centro coa política cultural e de investigación do CSIC, agochando no posible a heranza institucional do SEG. Neste caso, a vinculación co CSIC das dúas institucións nas que máis traballaron Cantón e Filgueira é moi estreita desde o principio. O Museo de Pontevedra, sendo herdeiro do labor de anticuarios como Casto Sampedro e a Comisión Arqueolóxica provincial, arrincara formalmente en 1927, beneficiándose do impulso do Padroado Nacional de Turismo, que na capital do Lérez representaba Filgueira Valverde. Pero a súa expansión a partir da guerra civil aumentou claramente ao se encadrar o Museo pontevedrés no Padroado do CSIC, José María Quadrado, que agrupaba a unha vintena de institucións locais de toda España. Pola súa banda, o IPS acaba sendo incluído no Instituto Menéndez Pelayo, dado o seu perfil más investigador. Todo o proceso complétase coa dirección persoal exercida polos dous actores, Filgueira e Cantón, como máximos responsables ata os anos setenta de ambas as institucións.

O proceso revela a fortaleza do CSIC na súa apropiación da historia local a través do chamado «modelo Quadrado», que agrupou a moitas institucións de ámbito provincial ou rexional (Marín, 2004: 107 e ss.), pero tamén a capacidade organizativa dos promotores, que logran reunir importantes doazóns de particulares e mecenados estables con destino preferente para o museo pontevedrés. O epistolario

Cantón-Filgueira está repleto de notas e valoracións para lograr comprar pezas de valor en librerías, poxas de arte ou en casas particulares, acrecentada pola paixón bibliófila de ambos. Ademais, algúns dirixentes locais, como Daniel da Sota, antigo presidente da Deputación provincial, a familia do marqués de Riestra ou empresarios como Antonio Pastor (Banco Pastor), José Pazó (Transmediterránea), Álvaro Gil e José Fernández López, do grupo Fernández (Matadoiros de Mérida, Zeltia...) son mencionados con frecuencia polas súas doazóns particulares ou por xestións que lles encomandan ante instancias políticas: «asómbrame o apoio económico dos Fernández», exclama Filgueira xa en 1944, que sinala que o grupo achega mil pesetas mensuais para o IPS e 30.000 para o Museo pontevedrés. Máis tarde, ese mecenado sería especialmente importante na compra de edificios destinados ao centro museístico. Por outra banda, o grupo dispuxo de plataformas de divulgación (libros e revistas), financiadas polo CSIC e con remuneración regular a colaboradores e directores de sección do novo instituto. A revista máis importante foi *Cuadernos de Estudios Gallegos* do IPS —aínda viva—, que foi durante varias décadas un referente en Galicia nas áreas de humanidades (historia, arqueoloxía, etnografía, filoloxía...), moi por encima do que pudo facer a propia universidade de Santiago ata finais da década dos sesenta.

O protagonismo do CSIC

As xestións para levar a cabo esta mutación do SEG cara á nova institución comezan a ser explícitas a mediados de 1942, cando Cantón e Filgueira xa teñen un plano de acción para integrar a boa parte dos herdeiros do SEG na nova institución e contrastan valoracións sobre a aptitude política dalgúns deles, desde o novo Antonio Fraguas ata o veterano Otero Pedrayo, aínda apartado da súa cátedra do instituto de Ourense, á que non retorna ata 1948 (Villares, 2007). Aínda que os promotores actúan de forma coordinada, as xestións en Madrid correspóndenlle totalmente a Cantón, que suxire a vía «sinuosa» de achegarse ao CSIC para situar ao futuro IPS no plano doutros centros xa integrados, como o «Valencia de Don Juan», no que traballan Miguel Asín Palacios e Benjamín Palencia. Nesta carta de Cantón a Filgueira está xa ben deseñado o procedemento para seguir e a posición que manteñen algúns dos vellos «seminaristas».

Recibo tu carta y agradezco su contenido y la prontitud en la respuesta. Adjunta va la copia de la que envío a [José María] Albareda. De su lectura deducirás la táctica adoptada: quizás sinuosa. Intentar la persistencia del nombre sería perder el tiempo y, además, contrariar a [Xesús] Carro y a [Fermín] Bouza que prefieren —y probablemente acierten— que lo que salga sea una institución nueva. Ambos

estuvieron afectuosísimos conmigo; en especial el segundo me hubiera emocionado, por la que forma en que mostró la adhesión, si ya le quedara a uno capacidad para conmoverse [...]. Mi empeño es que todos, en particular algunos, comprendan desde el principio que no quiero estar como figurón decorativo. Como resulta a veces que la máxima habilidad consiste en no tenerla, en vez de razonar a Albareda la inclusión de varios nombres [...], pienso quedarme inactivo hasta que el Consejo [CSIC] resuelva (ECF, 21.11.1942).

O CSIC, efectivamente, resolve pronto ao acordar co Reitor Legaz Lacambra a apertura dunha Delegación do CSIC no distrito universitario de Galicia, na que figuran Filgueira como director do Museo e o propio Cantón é designado «Director del Instituto de Estudios Gallegos», aínda que neste caso non estaba ainda creado (ECF, 21.12.1942). A Delegación confírmase nunha viaxe de José María Albareda a Pontevedra no verán de 1943, pero persisten aínda as dúbidas sobre o nome do centro a crear en Galicia, para o que se baralla o nome de «Seminario de Estudios de Filosofía y Letras», que a Sánchez Cantón non acaba de gustarlle. A cuestión do nome non era baladí, pero parece que era en Galicia onde máis se rexeitaba a idea dun Seminario pois, en opinión de Filgueira, «se o que xorde substitúe, pero non repite», é preferible Instituto coa advocación erudita do Padre Sarmiento, para distinguilo dun centro de análogo nome que existía na Coruña, que dirixía Manuel Casás, naquel momento presidente da Real Academia Galega (ECF, 8.10.1943). A outro correspondente moito máis distante das súas posicións, como Ramón Piñeiro, recoñécelle en 1944 que o IPS «virá recoller e no posible proseguir o labor do Seminario», para concluír claramente que «non é unha resurrección» porque para iso «necesitaría ter os mesmos corpos e a mesma alma» (Fundación Penzol. Fondo Piñeiro). Tratábase máis dunha mutación cualitativa que dunha simple solución de continuidade.

Para fins deste ano, coa incerteza do nome, estaba resolta a maioría dos problemas que tiña o futuro IPS (apoyo oficial e incorporación da maioría dos antigos «seminaristas» e dos novos eruditos menos ou nada galeguistas), o que lle permitiu a Filgueira dicir en carta a Cantón que «vaia campaña que fixemos nos últimos meses» (ECF, 2.10.1943). Ao día seguinte, Filgueira recibe carta do seu amigo Cantón na que queda clara a concordancia entre as peticións locais, a posición do CSIC e o ministerio de Educación, segundo a versión que recolle dunha carta de Albareda:

Su primer párrafo [de Albareda] comienza así: «he hablado con el Sr. Ministro [Ibáñez Martín] e, interrumpiéndome, iba él sugiriendo lo mismo que nosotros habíamos hablado. Esto indica que el asunto puede abordarse ya en un terreno

perfectamente claro y objetivo [...], que en lugar de Seminario se llame Instituto, por uniformidad con los demás del Consejo; esto tiene la contra de cortar la continuidad y la ventaja de evitar la anfibología, que a mí nunca me gustó» (ECF, 3.10.1943).

Aínda que aquí figura xa case deseñado do todo o plan do futuro Instituto, presentaránse algunhas dificultades á hora de cohonestar as posicións do CSIC e a universidade compostelá, así como a selección dos responsables de cada unha das áreas do IPS. Hai unha maioría de antigos «seminaristas» (Bouza, Pedret, Carro, Alfonso Vázquez, Moralejo), pero os ourensáns do grupo Nós (Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas) contestaron cunha negativa, «cordial e deferente», de cuxa posición Filgueira sinala como máis preocupante a do prehistoriador Cuevillas, pois «o de Otero xustifícase e o de Risco esperábase. Pero era conveniente un dos tres!» (ECF, 25.1.1944). Esta disidencia non era a primeira que se produce entre Filgueira e o grupo de Ourense, pois tanto na renovación da RAG como na polémica sobre as dúas obras dedicadas á historia de Galicia, planeadas cara a 1947-1948, volverán ser patentes estas diverxencias, aínda que se manteñan as formas como é patente nunha epístola en latín de Otero, que evoca o papal *non possumus* (Otero-Filgueira, 12.12.1944). O centro de estudos, amparado polo CSIC, sería acollido pola universidade que, inesperadamente, cédelle o seu local, remodelado a tal fin. Á súa inauguración en 1946 veu o ministro Ibáñez Martín, quen, segundo testemuño de Filgueira, interesouse pola situación de Otero Pedrayo, que seguía apartado da súa cátedra, cuxa recuperación foi de novo motivo de discrepancias entre a posición más oficialista de Filgueira e a dignidade resistente de Otero, remiso a unha solución de cambalache (Villares, 2007). De forma un tanto meliflua e dubitativa así lle conta Filgueira ao seu mestre Otero a xornada de Compostela, na que se refire ao IPS como un centro piadosamente enlazado co SEG e herdeiro das súas «cousiñas», isto é, da súa biblioteca e demais proxectos:

Téñome lembrado moito de Vde. antre os trafegos destes días. Aló en Compostela deixamos repostas as cousiñas do Seminario. Nunca tanto traballamos, nin con más folgo. Feito queda o que está da nosa parte; outros virán poñe-lo ramo á obra... ou a derramala outra vegada. E inda voltaremos a escomenzar, si Deus deixa (Otero-Filgueira, s.f., pero 9.1946).

A aparición do IPS, a pesar da presenza de tanto vellos «seminaristas» e, un pouco máis tarde, dos antigos membros da xeración Nós, non supuxo unha

aceptación acrítica do seu enfoque «arqueolóxico» e da súa vinculación coa «ciencia oficial», ao pasar dun proxecto de investigación á alemá (como o seu propio nome indicaba) e ter como eixo das súas actividades a conservación do patrimonio. Dentro de Galicia tivo críticos como Valentín Paz Andrade e, no exilio, Luís Seoane ou Alfonso Castelao non aforraron tampouco críticas tanto á institución como aos seus dous grandes valedores. O propio Castelao sentiu no seu exilio porteño que unha parte do legado cultural da preguerra se estaba derramando en beneficio da «ciencia oficial». Así o expresa na súa obra, publicada ao pouco de morrer, *As cruces de pedra na Galiza*, na que lembra a súa lealdade ao SEG, que reafirma cun libro que «non foi escrito para quenes maldefenderon o Seminario de Estudos Galegos, nin para os que o suplantaron, pondo a nosa cultura nas fauces dun Estado devorador» (Castelao, 1950:177). Frente a estas críticas, un Sánchez Cantón que sente aludido por elas manifesta en 1951 que «non podo menos que puntualizar o que concierne á sucesión do Seminario de Estudios Galegos, disolto este no amentado ano [1936] interrumpíndose todo cultivo dos estudos sobre Galicia e perdéndose vocacións e entusiasmo. O Consello Superior de Investigacións Científicas [...] con xenerosidade e amplitud de miras, que os galegos nunca agradeceremos bastante, fundou o Instituto Padre Sarmiento en 1943 [...]. Á vista de todos os que queiran mirar está o realizado en servizo de Galicia» (Sánchez Cantón, 1951: 298).

Bibliofilia e divulgación histórica

Durante o ano 1947, o grupo de Filgueira e Sánchez Cantón comeza a deseñar a editorial Bibliófilos Galegos, como unha aposta editorial que é unha continuación do proxecto cultural de natureza rexionalista que encarnaba o IPS, nun momento no que tamén se están movendo outras persoas preocupadas pola recuperación da «cuestión editorial» e a necesidade de recuperar proxectos de anteguerra. En efecto, ambos protagonistas recuperan parcialmente proxectos concibidos antes da guerra civil, tanto na súa orientación divulgativa como no peso dado ao patrimonio histórico-artístico. En 1933/1934, dentro do SEG concíbese unha serie de traballos de divulgación. Un denominado «Historia de Galicia», encargado a Vicente Risco, «Xeografía» a Otero Pedrayo, unha «Historia da literatura galega» por Filgueira e un «Manual sobre Ciencias Naturais», encargado a Luís Iglesias. Un pouco máis tarde (14.1.1936), Filgueira cóntalle a Bouza Brey unha idea «que che gorentará bastante» e que recoñece que se debe a Sánchez Cantón, que propón publicar, por parte do SEG, «unha colección de libriños ben feitos, pequeneiros, con moitos ‘santos’ e pouco texto». Uns serían publicados en galego e outros en castelán. Aínda que sen aparecer como tal, «Cantón encargaríase de dirixir a colección».

Sobre esta experiencia, achándose xa consolidados o Museo pontevedrés e o IPS, lánzanse ao proxecto de constituir un selo editorial que respondese os fundamentos ideolóxicos e culturais dos seus promotores. A idea de desenvolver un plan editorial desde a experiencia republicana, pero adaptada aos novos tempos, foi bastante común na segunda metade dos corenta, como o demostran varios artigos publicados nas páxinas de *La Noche*, diario vespertino compostelán, por Salvador Lorenzana, isto é, Francisco Fernández del Riego. O primeiro daqueles textos é publicado o 30 de abril de 1947, en data anterior ás primeiras iniciativas de Bibliófilos, cuxa primeira circular está datada o 25 de xullo do mesmo ano. Del Riego ocupábase neles da «cuestión editorial» e da necesidade de acometer a creación de novas empresas que non só editasen libros (a poder ser, en galego), senón que contribuísen a crear un mercado estable para a cultura. Para entón, o autor xa coñecía con precisión o labor que Luís Seoane e outros exiliados estaban a desenvolver en Buenos Aires.

Naquelas propostas de del Riego e da iniciativa de Bibliófilos estaban sobre a mesa varios obxectivos: o control do espazo editorial, a posibilidade de雇用 o galego como lingua vehicular e a orientación temática das obras a publicar. Daquel contexto saíron dous proxectos vinculados ao mundo oficial: a colección Benito Soto (Pontevedra) e Bibliófilos (Santiago), e ao pouco tempo, outros dous proxectos editoriais, asentados en Vigo, con tanxenciais puntos de encontro co primeiro grupo, aínda que realmente independentes e concibidos como expresión da sociedade civil: Monterrey (ligada a unha librería do mesmo nome), impulsada por José María Álvarez Blázquez e Luís Viñas e a editorial Galaxia, que representaría a alternativa máis clara fronte ao oficialismo do grupo de Filgueira e Cantón. A novedade de Galaxia foi a súa constitución como unha empresa mercantil, para evitar algunas das limitacións impostas pola política editorial do réxime franquista ás editoriais.

A editorial Bibliófilos Galegos comeza a perfilarse en 1947, cando os promotores («un grupo de amigos do libro galego», dirixidos por Sánchez Cantón e Filgueira) envían unha carta circular (25.7.1947) a diversas persoas, solicitando a súa adhesión ao proxecto e o compromiso de subscribir algunas accións da sociedade que se espera constituir (ECF, II, Apéndice 5º). Unha primeira lista de destinatarios reúne vinte nomes que xa permiten formarse unha idea global da súa titularidade accionarial e da orientación editorial do proxecto. Ademais dos promotores e algún dos seus fieis colaboradores, como Cordero Carrete, a nómina está composta por persoas claramente próximas ao réxime e, algunas tamén procedentes do campo do galeguismo republicano: dous bispos, tres marqueses, o abade mitrado de Samos, o reitor da universidade, dous antigos catedráticos composteláns residentes en Madrid

(Armando Cotarelo e Casares Gil), un almirante e varios empresarios (Massó, José Fernández e Alvaro Gil), así como persoas vinculadas á banca (Pastor e Olimpio Pérez). Completan a lista o presidente da Real Academia Galega (Manuel Casás) e o bibliófilo (e cura) Rey Soto, residente tamén en Madrid. A resposta foi desigual, dado que a fins de ano non se comprometeron nin os banqueiros Barrié e Sáenz Díez nem tampouco o profesor Armando Cotarelo nin o abade de Samos, aínda que si o Antonio R. Pastor. En apreciación que con algo de ironía fai Sánchez Cantón: «e era só para pedir firmas!, ó chegar os cartos!!!». A realidade é que cos apoios logrados, especialmente significativos os da familia Fernández, xa poden pensar en constituir a sociedade editorial, para a que dispoñen de 180.000 pesetas en marzo de 1948 (ECF, 15.3.1948). A súa xunta directiva constitúese con Sánchez Cantón de presidente e Filgueira de secretario, apoiados por Blanco de la Peña (Banco Olimpio Pérez), o marqués de Figueroa, o médico Fernando Alsina e Felipe Cordero Carrete. Os principais accionistas son os empresarios Fernández López (José e Antonio), Álvaro Gil e o banqueiro Antonio Rodríguez Pastor.

O plan editorial deseñado xa no verán de 1947, que se adxunta á carta enviada aos posibles subscriptores-accionistas (Cfr. Apéndice citado), contempla tres coleccións cuxa evolución se axusta bastante ás previsións iniciais (Mato, 2018): a) unha denominada «Biblioteca de Galicia», na que publicarán uns 26 títulos de temática moi variada: as novelas galegas do historiador López Ferreiro, textos de Neira de Mosquera ou as obras premiadas en concursos, como *A xente da Barreira de Carballo Calero* ou traducións como o *Cancioneiro de poesía céltiga* de Julius Pokorny, realizada por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, ademais de varios textos bíblicos; b) a colección de divulgación popular de temas de historia da arte que leva o nome de «Obradoiro», con 15 títulos, obra dos directores da editorial e de expertos como Chamoso Lamas, Ángel del Castillo ou Francisco Vázquez Saco, ademais dos xeógrafos Otero Pedrayo e Antonio Fraguas; c) a colección a propiamente dedicada á de Bibliofilia, con libros de baixa tirada e moi coidados, nos que foron reeditadas sete títulos de obras clásicas, entre as que destaca a *Descripción del Reino de Galicia*, do Licenciado Molina (1550), ou a *Descripción de los Estados de la Casa de Monterrey*, de P. González de Ulloa (1777). A este plan editorial sumouse a edición de dúas obras enciclopédicas, o *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, de Antonio Couceiro Freijomil e o *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, de Ángel del Castillo.

Unha das iniciativas máis singulares desta editorial foi a convocatoria de tres premios literarios de periodicidade anual entre 1949 e 1951, con resultados algo inesperados en todos eles, ben polo perfil da obra gañadora ou ben pola identidade

dos autores. O primeiro dedicábase a unha «novela de tema galego», á que concorreron vinte orixinais, entre eles Elena Quiroga, Xosé María Álvarez Blázquez, María Victoria Fernández-España e o profesor Ricardo Carvallo Calero, que presentou a única obra escrita en lingua galega. A contía do premio era de 10.000 pesetas. Os outros premios dedicáronse a obras de tradución ou de recolección de refráns. Este último quedou deserto, mentres que o segundo foi outorgado a unha versión galega do *Cancioneiro da poesía céltiga*, do alemán Julius Pokorny, en tradución de Celestino Fernández d ela Vega e de Ramón Piñeiro, por entón tamén empeñados en traducir ao galego un texto do filósofo Martin Heidegger. O resultado más inesperado foi, sen dúbida, o premio de novela. Aínda que as bases do premio non prohibían o emprego do galego, os seus promotores tampouco esperaban unha obra escrita nesta lingua, dada a explícita remisión á censura:

Será objeto de este concurso una novela gallega y destinada a la inmediata publicación, con libertad de tema y volumen. La calidad de «gallega» podrá provenir, indistintamente, de la lengua empleada, del carácter del asunto o de la naturaleza del autor. Quedará fuera de concurso la obra que por su asunto o contenido pueda preverse haya de ser rechazada por los organismos encargados de autorizar la impresión.

A pesar de todo, a composición do xurado permitía supoñer que a hipótese dunha obra de tema pouco ou nada folclórico, como o eran na súa maioría as presentadas e que, ademais, puidese estar escrita en galego era plausible. No xurado estaban vellas figuras como o poeta Ramón Cabanillas, o polígrafo Otero Pedrayo ou o máis novo galeguista Francisco Fernández del Riego, así como un cóengo de Compostela (Guerra Campos), un profesor falanxista (Serrano Castela) e un xornalista combatente no bando republicano (Raimundo García, *Borobó*). Nunha lectura previa de Filgueira das obras presentadas coméntalle a Sánchez Cantón que «nestes miles de cuartillas, nin se crea un carácter nin se define un novelista feito», barallando a posibilidade de dar dous premios, aínda que un sexa á escrita en galego (ECF, 4.5.1950). A decisión final do xurado, que alcanzou unha confortable maioría (4 votos de 6), foi a de conceder o premio á obra que estaba escrita en galego, unha novela de tema oteriano dedicada á fidalguía galega, que supuxo a recuperación literaria, despois de máis dunha década, do «criterio filolóxico» como elemento de valoración da literatura galega (Regueira, 2015). O grupo dos galeguistas que acabarían converxendo en Galaxia, do que formaría parte o propio Carballo, consideraron o premio como un trunfo colectivo e unha indicación de que a xestión da cultura

estaba a empezar a cambiar. E durante os anos cincuenta consolidouse esta definición filolóxica da literatura, na que xa participaron activamente, á beira do grupo Galaxia, autores novos como Gonzalo R. Mourullo, X. L. Franco Grande ou Xosé L. Méndez Ferrín.

Aínda que a biografía desta editorial esténdese ata os anos noventa do século pasado, os seus primeiros pasos están marcados por decisións que ben poden considerarse como pasarelas cara a unha nova forma de entender a cultura galega: valoración do galego como lingua literaria e, en segundo lugar, unha vontade de entenderse con representantes dun galeguismo de raíz republicana e non comprometido co franquismo. De feito, entre os autores premiados estaban «dous expresidiarios» (Carballo e Piñeiro), acusados con frecuencia de «separatismo» (Regueira, 2015: 244). Por outra banda, esta editorial abriu o camiño para outros proxectos, tanto de natureza bibliófila (Monterrey) como a máis empeñada en dotar á cultura galega dun novo soporte desde o que actuar no espazo público, sen dependencias da «ciencia oficial». Foi neste contexto no que naceu a editorial Galaxia, como un froito de relación con e de oposición ao grupo que representaba o IPS. Desde unha perspectiva distinta ao rexionalismo cultural comezábase a facer política galeguista no ámbito da cultura.

Coda

Cómpre enlazar coa pregunta inicial e avaliar canto de continuidade («resurrección») e canto de ruptura («substitución») se produce na cultura galega na década dos corenta. Aínda que se deron casos de amalgama ou de adaptación rexionalista, tamén foi patente que, desde finais daquela década, as augas viraron más claras, con actores novos, tanto procedentes do exilio como do galeguismo do interior, que loitaron por crear un modo modelo cultural. En realidade, case todo foi ruptura, quer no caso do IPS respecto do SEG, quer nas iniciativas editoriais xurdidas darredor do ano 1950 e da feliz conexión que durante uns anos mantivo o grupo Galaxia co exilio, nomeadamente o instalado na Arxentina. Estes novos actores actúan ao mesmo tempo que os grupos de inspiración rexionalista, pero de forma paralela más que combinada. Un exemplo da viraxe que se está a producir a finais da década dos corenta sería o debate suscitado polos dous proxectos de publicación dunha Historia de Galicia, no que están involucrados os tres grandes actores culturais de Galicia no primeiro franquismo: o grupo do IPS, a forza do exilio e o nacente grupo Galaxia. O asunto é ben coñecido e basta con remitir a estudos xa publicados (Villares, 2007 e 2021). Pero como coda deben subliñarse algúns lances que cadran ben con este proceso de mutación institucional e adaptación rexionalista do que me ocupei nas páxinas anteriores.

O primeiro é que se trata dun combate entre vellos coñecidos. O proxecto da *Historia de Galiza*, encomendado a Otero Pedrayo durante a súa viaxe á capital porteña no verán de 1947, foi suxerido por Castelao como unha peza esencial para preservar a identidade galega, como tamén o eran *Sempre en Galiza* ou *As cruces de pedra na Galiza*, debidas ao propio Castelao, alén doutras iniciativas como a posible creación dun Museo de Galicia que o seu amigo Manuel de Irujo difundiu despois da morte do rianxeiro nun artigo de título ben claro: «Los muertos mandan». Frente á iniciativa procedente do exilio pero dirixida desde o interior por Otero Pedrayo, alzouse a proposta paralela de Sánchez Cantón e Filgueira de acometer a publicación dun *Manual de Historia de Galicia*, dirixido por eles desde o IPS. A aparición coetánea destes dous proxectos desatou unha poxa por captar os colaboradores, nun proceso bastante parecido á constitución do propio IPS, na que de novo os antigos «seminaristas» e o antigo grupo Nós contenderon claramente para asegurarse unha hexemonía cultural. Era unha loita entre unha obra do exilio (a «historia americana») e un proxecto do interior, sustentado polos «virtuosos da ciencia oficial». Gañou o proxecto americano.

Un segundo trazo destes proxectos é a diferente financiación. O proxecto xurdido na Arxentina gozou do mecenato particular do emigrado Manuel Puente, estreitamente vinculado con Castelao a través do Consello de Galiza e da política galeguista sostida polo rianxeiro desde que chegara en 1940 a Buenos Aires como exiliado galeguista e republicano. Os gastos relativos á investigación en arquivos, viaxes, e dereitos de autor foron subsidiados por Puente, así como a edición final dos dous primeiros volumes, coidados por Lois Tobío en Montevideo, que saíron a lume o ano 1962, definidos por Otero, cando lle chegaron a Trasalba, como un «abrente raioso» para a historiografía galega (Villares, 2021). Pola contra, o proxecto de Filgueira contaba co soporte oficial do IPS e, alén diso, non chegou a ser publicado ata despois da morte de Franco, neste caso co subsidio da Fundación Barrié de la Maza. O pulo procedente do exilio, que estaba a substituir o que antes deran as colectividades emigrantes, segue a marcar os fitos da cultura galega do século vinte.

E, terceiro trazo definitorio, a lingua vehicular de cada proxecto. Mientras a obra do IPS estivo desde o principio pensada para ser escrita e publicada en lingua castelán —e así acabou sendo décadas máis tarde—, a obra «americana» consideraba, en palabras do propio Manuel Puente, que «debe ser totalmente en galego». Así concibida, a *Historia de Galiza* convertíase nun elo esencial para sostener a continuidade da cultura galeguista anterior á guerra civil coa reconstrucción que se estaba levando a cabo no interior. Neste conflito menos amigable do que sostiñan os seus promotores interveu tamén o grupo Galaxia, non só apoianto a posición de Otero Pedrayo,

senón mediando para que a edición da obra fose realizada cumprindo uns mínimos estándares da lingua. A propósito da edición recente dun texto do poeta Aquilino Iglesia, unha especie de elo perdido daquel proxecto, atopáronse unhas normas ortográficas que revelan esta posición proactiva de Ramón Piñeiro e outros membros do grupo Galaxia na fixación dun canon lingüístico (Álvarez Blanco, 2021).

Esta concreta peripécia dos dous proxectos de Historia de Galicia amosa claramente a pluralidade de posicíons existentes na cultura galega da segunda metade dos anos corenta e o protagonismo de figuras como Castelao, Otero Pedrayo, Sánchez Cantón ou Filgueira, na que se repiten conflictos que tiveron expresión institucional no tránsito do SEG ao IPS, pero na que aparecen novos actores como o exilio galego en América e a converxencia dunha parte nada despreciable do galeguismo do interior en proxectos culturais pensados cara o futuro. Por máis que as cores da ruptura costuman ser más rechamantes que as da continuidade, o firmamento da cultura galega dos anos corenta ten cores más vellas que novas que, no seu conxunto, poderían ser vistas como un peculiar arco da vella.

Referencias

As citas de cartas que non están publicadas, proceden da Fundación Penzol (FP) ou do Consello da Cultura Galega (CCG), identificadas polo destinatario das mesmas. As publicadas menciónanse na bibliografía.

Bibliografía

- AGUIRRE SORONDO, Juan (2018), *El siglo vasco. 100 años de Eusko Ikaskuntza*, Donostia, Eusko Ikaskuntza.
- ALONSO MONTERO, Xesús (2002), *As palabras do exilio. Biografía intelectual de Luis Seoane*, La Voz de Galicia, A Coruña [1994].
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (2021), «A historia da lingua galega de Aquilino Iglesia Alvariño. En misión científica de alta ‘quentura patriótica?’», en Aquilino Iglesia Alvariño, «*Da fonte máis fonda. Historia do vocabulario e outros escritos sobre o idioma galego*», Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 53-73.
- BALCELLS, Albert e PUJOL, Enric (2002), *Història de l’Institut d’Estudis Catalans, 1907-1942*, Catarroja-Barcelona, Editorial Afers.
- BALCELLS, Albert, IZQUIERDO, Santiago e PUJOL, Enric (2007), *Història de l’Institut d’Estudis Catalans. De 1942 als temps recents*, Institut d’Estudis Catalans, Catarroja-Barcelona, Editorial Afers.

- CASTELAO, Alfonso R. (1949), *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, Editorial Nós.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé e SÁNCHEZ CANTÓN, Francisco Javier (2017), *Cartolatría, 1926-1971*, Pontevedra, Diputación Provincial, 3 vols.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé e OTERO PEDRAYO, Ramón (2008), *Epistolario*, Pontevedra, Museo de Pontevedra-Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.
- GENIOLA, Andrea (2021), «Una Cataluña española, una Vasconia españolísima. (Re) construcción de un relato, (re)significación de un imaginario (1939-1959)», *Ayer. Revista de Historia Contemporánea*, 123 (3), pp. 51-78.
- GURRIARÁN, Ricardo (2006), *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da USC.
- LAMIKIZ, Amaia (2021), «La acción cultural del franquismo en el País Vasco durante la dictadura: las posibilidades de un sano vasquismo español», *Ayer. Revista de Historia Contemporánea*, 123 (3), pp. 79-106.
- MATO, Alfonso (2001), *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*, Sada, Edicións do Castro.
- MATO, Alfonso (2018), «Semblanza de Editorial Bibliófilos Gallegos, (1949-1992)», en Biblioteca virtual Miguel de Cervantes [<http://www.cervantesvirtual.com/obra/editorial-de-los-bibliófilos-gallegos->].
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2021), *Imperios e danzas: as Españas plurais do franquismo*, Vigo, Editorial Galaxia.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (2008), «El Seminario de Estudios Galegos. Auge, ocaso, ‘continuidad’», en Xosé L. Axeitos, Emilio Grandío e Ramón Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago, Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 673-691.
- REGUEIRA, Mario (2015), *A Narrativa na reconstrucción do campo literario galego de posguerra. Repertorios e imaxinario nacional no proxecto de Galaxia*, Tese Doutoral, Universidade de Santiago de Compostela.
- SÁNCHEZ CANTÓN, Francisco Javier (1951), «Sobre cruces y cruceros», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 6, 295 páginas.
- SANTACANA, Carles (2013, coord.), *Entre el malson i l'oblit. L'impacte del franquisme en la cultura a Catalunya i les Balears (1939-1960)*, Catarroja-Barcelona, Editorial Afers.
- VALLE, Xosé Carlos (2004, coord.), *Fernando Alvarez de Sotomayor*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

VILLARES, Ramón (2007), «Un mecenato porteño para a cultura galega: A *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo», en Rui Farías (comp.), *Buenos Aires Gallega. Inmigración, pasado y presente*, Buenos Aires, Comisión para la Preservación del Patrimonio Histórico, pp. 279-287.

VILLARES, Ramón (2021), «Un ‘abrente raioso na historiografía galega’. Sobre a xesta-ción da *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo», en Aquilino Iglesia Alvariño, «Da fonte máis fonda». *Historia do vocabulario e outros escritos sobre o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 15-37.

OS TRABALLOS DA VIDA.

Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XX

Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-19155-90-0; pp. 39-61

FACTORES, DINÁMICAS E PAISAXES NA SERRA DE QUEIXA E A SÚA CONTORNA (OURENSE)

Augusto Pérez Alberti

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha paisaxe é un anaco do territorio que presenta unhas características percep-
tivas concretas que derivan dunha dinámica evolutiva determinada resultante
tanto da combinación de elementos identificados, como dos procesos dinámicos
existentes. É fundamental ter presente que toda paisaxe funciona como un sistema
aberto polo que ao estudala é preciso partir da constatación de feitos evidentes, caso
dun xeito de construír os asentamentos da poboación en relación á topografía e a
orientación; de erguer muros empregando uns determinados materiais ou, tamén no
caso do mundo rural, de sementar nun determinado intre en relación ás condicións
bioclimáticas. Nin as cerdeiras agroman ao mesmo tempo en todas as rexións de
Galicia; nin os tomates comezan a madurar a mesma semana. A diversidade climática
está en relación á distancia ao mar, á altitude e mesmo á orientación das abas. Estamos
a dicir que os condicionantes do medio están sempre presentes polo que non é
possible entender as paisaxes senón somos quen de comprender as súas dinámicas.
Parece evidente, pois, que a paisaxe é o resultado sempre inestable dunha dinámica
na que interveñen elementos bióticos, abióticos e antrópicos. Da dominancia duns
ou doutros xorde unha ou outra tipoloxía de paisaxe (Pérez Alberti, 2001).

Toda paisaxe muda ao longo do tempo. A análise documental ou o emprego de
enquisas permite coñecer o grao de transformación. Dito o anterior, parece evidente
que a análise paisaxística leva á necesidade de traballar a diferentes escalas tempo-
rais e espaciais. A análise a longo prazo é preciso empregala se se quere comprender

a presenza e dinámica de elementos como o relevo ou o clima, que mudan ao longo de miles de anos. Pódese falar de tempos longos. A análise a curto prazo non se pode obviar se o que se pretende entender son as mudanzas nos elementos que xorden da actividade humana, caso dos cultivos, vías de comunicacións, vivendas, etc. Neste caso estase a falar dende o período dun ano a un século. E pódese falar de tempos curtos.

A escala de detalle, tecnicamente escala grande, vai permitir un estudo pormenorizado dos elementos constituíntes de cada paisaxe, dende a tipoloxía das vivendas, ata os muros ou sebes, as formacións vexetais, os cultivos, as rúas, os camiños, etc. É a visión que ten un espectador cando amplía o *zoom* e que vai servir para caracterizar con precisión cada paisaxe. A escala pequena pola contra, supón separarnos do lugar, abrir o obxectivo visual e ver a paisaxe dende lonxe. Este feito facilita a visión do mosaico que existe en cada paisaxe, froito da combinación de elementos, e relationalos entre si.

Para chegar á comprensión de cada unha delas é preciso facer tamén unha análise diacrónica ao longo do tempo. Estase a falar da necesidade de ver a evolución que sufriu nun período de tempo determinado. Este virá condicionado pola existencia de documentación. Posiblemente a imaxe aérea histórica pode ser o punto cero a partir do que analizar a paisaxe. O uso de fotografías de voos aéreos dende o ano 1956, ou antes, ata a actualidade posibilita coñecer os cambios. A análise sincrónica vai permitir, pola súa banda, coñecer os diferentes ritmos evolutivos en diferentes áreas dado que as transformacións que sufrieron as paisaxes non son da mesma magnitude nun lugar que no que fica á beira. Por iso, combinar sincronía e diacronía vai facilitar chegarmos a unha mellor comprensión da realidade paisaxística.

E se é preciso analizar as paisaxes dende unha óptica visual, tamén parece importante facelo dende a súa dinámica. Esta vai estar condicionada polos propios elementos constitutivos que, dun xeito xeral, poden ser diferenciados en estruturais e texturais. Entre os primeiros atópanse as rochas, as variables vencelladas ao relevo, é dicir a elevación do terreo, as pendentes e as orientacións; as variables climáticas, caso da temperatura, radiación, humidade e vento, ou as augas. Entre os segundos, os derivados da acción antrópica, é dicir, os núcleos de poboación, os cultivos, as vías de comunicación, as plantacións arbóreas, etc. Os primeiros evolucionan moi lentamente, agás cando se producen desastres naturais, caso de grandes movementos en masa nas abas, inundacións, temporais etc.; os segundos mudan con moita maior facilidade. Por iso aqueles poden servir mellor para a delimitación das paisaxes, especialmente as formas do relevo, mentres que os segundos facilitan a súa caracterización.




FIGURA 1. Área de estudo




FIGURA 2. Mapa litológico

Na Galicia oriental érguese o que denominamos vai anos Macizo de Manzaneda (Pérez Alberti, 1979), que engloba as serras de Queixa, San Mamede, serra do Burgo e os Montes do Invernadoiro. Alóngase entre o pico da Cabeza Grande (1.784 metros), ao norte, e o pico O Seixo (1.706 metros), ao sur.

Topograficamente o relevo descomponse nunha serie de superficies chas a distinta altitude cortadas nos bordes por vales encaixados. Unha superior esténdese arredor dos 1.700 metros, outra inferior sitúase máis ao leste da anterior no sector occidental e unha terceira, moito más descontinua e menos localizada, atópase ao sur do nivel dos 1.500 metros, por terras do alto Cenza. O sector occidental do macizo está drenado polas augas da cabeceira do río Arnoia, pertencente á cunca do Miño; o sector central polas do Návea, o oriental polas do Conso, englobadas na cunca do Sil e o sector meridional polas do Támega, que forma parte da cunca do río Duero.

O presente estudo cínguese ao seu sector oriental que engloba a totalidade dos concellos de San Xoán de Río, A Pobra de Trives, Vilariño de Conso e Chandrexa de Queixa e algunas parroquias dos de Castro Caldelas, Laza, Castrelo do Val ou Quiroga. Unha delimitación, discutible como calquera outra, feita co obxectivo de analizar fundamentalmente as serras de Queixa e Invernadoiro e a súa contorna. En total un territorio cunha extensión de 852,96 km² (FIGURA 1).

Os elementos estruturais nas paisaxes de Manzaneda

Un primeiro elemento que condicionou a xénese das paisaxes foron os diferentes tipos de rochas (FIGURA 2). No sector setentrional dominan as graníticas mentres que no sur o fan as metamórficas. No primeiro caso son os granitos de dúas micas os que ocupan praticamente toda a serra de Queixa a excepción do seu sector meridional debuxando un espazo alongado. Asociadas a eles aparecen as granodioritas e os gneises. As rochas metamórficas, pola súa parte, caso das lousas, cuarcitas e areniscas, dominan nos Montes do Invernadeiro.

Ao anterior hai que engadirlle, pola súa singularidade, os depósitos glaciares (Pérez Alberti, 1991) indicativos de climas fríos no pasado, e que condicionaron a formación dos solos e a ocupación diferencial do territorio en moitos sectores (FIGURA 3). No macizo existiron nove glaciares que chegaron a cubrir 139,2 km² de superficie de xeo. A súa lonxitude variaba desde os 16,6 km do glaciar de Pradoalbar, os 11,5 km do glaciar do Cenza, ata os 2,7 do Seixo Norte. Outro tanto aconteceu co espesor do xeo que oscilou duns vales a outros acadando, por vía de exemplo, os 206 metros no val das Lamas-Prada-Requeixo, aos 187 metros no de Pradoalbar ou os 111 no Cenza (Pérez Alberti e Valcárcel Díaz, 2022).




FIGURA 3. Mapa glaciarismo na serra de Queixa

Froito da acción dos xeos foi a xénese de vales en berce, caso dos de As Lamas-Prada, Cenza e Pradoalbar. Nalgúnha cabeceira aparecen circos glaciares sendo os más nidios os do sector meridional do macizo, dentro dos vales de Forcadas-Requeixo e Ribeira Grande e no sector setentrional, no de As Lamas-Prada. As rochas pulidas e estriadas pola acción erosiva do xeo son abundantes nos sectores onde domina granito, caso, por vía de exemplo, dos vales do Cenza e As Lamas. Os sistemas de morenas, potentes acumulacións de sedimentos arrastrados polos glaciares, emprázanse entre os 812 e os 1.612 metros de altitude. Nalgúns lugares adquieren un

gran desenvolvemento, de xeito especial no val do Cenza e no de As Lamas-Prada. Están formadas pola acumulación de bloques heterométricos de granito e son moi visibles na paisaxe.

De todos os paleoglaciares actuais, o máis representativo do macizo é o do Cenza. Iníciase ao pé dos picos Cabeza Grande, Os Tuleiros e Sestil Branco, nas cabeceiras dos ríos Requeixo polo norte, Regueiro de Pradocín polo centro e o Conselo ou Cenza polo sur. No primeiro dominan os xa citados vales encaixados de As Lamas e Prada mentres que no resto ollamos unha ampla superficie cha na que se encaixa lixeiramente o Pradocín e pola que discorre sen apenas labrar a súa canle o actual río Cenza. Este contraste topográfico condicionou sen dúvida o desenvolvemento do glaciarismo. No sector do río Cenza o que se deu foi un glaciarismo de casquete sobre unha superficie con moi pouca pendente. Óllanse amplas morenas laterais e fronto-laterais como a que se pode ver en Chaguazoso. A cobertura de sedimentos glaciares é extensa, así como as rochas erosionadas. Na cabeceira do Requeixo, por contra, os glaciares de As Lamas e Prada funcionaron como glaciares tipos de val de escape, nos que se teñen conservado lombos glaciares ou umbrais rochosos á beira de potentes morenas laterais como as que aparecen preto de Requeixo.

A distribución dos sistemas de morenas a distinta altitude e o seu emprazamento teñen permitido reconstruír o desenvolvemento do glaciarismo na zona. A acumulación de xeo iniciárase aos pés do pico Sestil Branco, no sector do Cenza, Cabeza Grande e Tuleiros, no río das Lamas, na cabeceira do río Requeixo chegando a acadar os 206 metros de espesor. Nun intre posterior o xeo do Cenza, que acadaría os 111 metros de espesor, difluiría cara ao sur, cara ao val del de Pradoalbar, e cara ao norte, polo regato de Prada, para confluír co das Lamas. No seu movemento iría arrastrando todo o material granítico meteorizado e os bloques dentro del, orixinando grandes morenas laterais e fronto-laterais que, en gran medida, frearian o seu avance. Iso explica a menor elevación á que se atopan as morenas do val de Requeixo, 1.000 metros, fronte ás do Cenza, 1.200 metros. No intre da deglaciacián as morenas ascenderon progresivamente polo rego das Lamas, ata acadaren os 1.400 metros de altitude mentres que as máis elevadas do Cenza acadan os 1.650 ao pé do Pico Tuleiros.

O resultado da evolución xeomorfolóxica, na que os ríos e os glaciares tiveron un papel fundamental, é un relevo de pendientes contrastadas como se pode ver moi ben no mapa de pendentes (FIGURA 4) que amosa con claridade as diferenzas entre os sector central da área estudiada, onde domina a suavidade do relevo, con pendentes por debaixo de 16º e os Montes do Invernadoiro e os vales encaixados que superan os 16º e incluso os 32º ou 64º.

Dentro dos solos, moi pouco estudiados, hai que diferenciar os que se xeraron directamente sobre as rochas metamórficas e graníticas, más limosos os primeiros e areosos os segundos, e os que se desenvolveron a partir de depósitos glaciares. Son de salientar os solos turbosos existentes nas chairas da contorna de Chaguazoso.

Climaticamente no sector domina un clima oceánico de montaña (Pérez Alberti, 1982) que cara aos vales exteriores vai pasando a un clima marcado pola mediterraneidade. O primeiro caracterízase por precipitacións superiores aos 1.500 mm de auga anual e temperaturas medias de orde dos 10°-11° mentres que nos segundos, dominante na veciñas comarcas do Sil, as precipitacións non soen superar os 800 mm anuais e as temperaturas medias os 14-15°.

As relacións de interdependencia entre o relevo e os usos

Recaindo sobre todos «os frutos e os ganhos», o *dízimo* era o tributo mais abrangente. Incidia sobre todas as culturas resultantes dos usos agrícolas da terra, sobre a vegetação espontânea que se destinasse a venda, como eram as pastagens ou as plantas utilizadas para usos artesanais. Da madeira que fosse cortada era também devida à entidade senhorial a décima parte. O *dízimo* abrangia ainda toda a criação de gado, bem como a produção de leite, queijos e ovos. O mel e a cera eram igualmente abrangidos. Este tributo incidia ainda sobre a produção dos moinhos, lagares, fornos e pescarias. Por sua vez as constituições dos bispados estabeleciam um montante fixo que devia ser pago por cada um dos ofícios, decorrente dos rendimentos do trabalho. As *dizimarias* constituíam ainda importante fonte de receita do clero regular e secular e dos leigos através das comendas.

As entidades senhoriais partilhavam ainda da produção agrícola através de uma outra quota proporcional à colheita, denominada *ração*. Esta prestação incidia sobre uma matéria tributável idêntica à do *dízimo*. As prestações definidas em forais e contratos de aforamento assumiam valores entre o terço e o décimo, com particular concentração nos valores de quarto e oitavo. O montante de *ração* podia também variar de acordo com o tipo de cultura.

O peso das quotas parciárias, senhoriais ou régias, condicionou fortemente a agricultura de antigo regime, ao influenciar a opção de cultivo do produtor agrícola. Com efeito, podia obrigar o lavrador a produzir os géneros nos quais as *rações* estavam definidas, bem como estimular o cultivo dos terrenos menos onerados com *ração* ou as culturas com quotas mais baixas. Por sua vez, este regime de tributação estimulou igualmente a introdução de novas culturas não oneradas com *ração* ou a produção daquelas que mais facilmente escapavam à partilha, caso das frutas e legumes.

Às casas senhoriais eram ainda devidos foros fixos em géneros ou dinheiro, que podiam recair sobre a atividade do lavrador ou do seareiro, ou sobre a habitação,

assumindo a forma de foro de reconhecimento de senhorio. Por vezes as casas senhoriais distinguiam alguns foreiros de condição social superior com a substituição do pagamento da ração por um foro fixo.

Nas terras senhoriais não demarcadas, e nas terras da coroa, era exigida aos lavradores o pagamento da *jugada*, tributo que incidia sobre a posse e trabalho de juntas de bois assumindo a forma de uma quota parciária ou de um quantitativo fixo. Os foreiros podiam ainda ser obrigados à prestação de dias de trabalho na reserva senhorial, a *jeira*, ou obrigados a efetuar o transporte de produtos a lugares estabelecidos pela entidade senhorial. Algumas casas senhoriais detinham ainda o monopólio da posse de meios de transformação de produtos como era o caso dos fornos, lagares e moinhos. Outro dos privilégios senhoriais era o do exclusivo da venda antecipada do vinho num período que podia oscilar entre um a três meses, o *relego*.

Um dos direitos inerentes ao domínio útil da terra consistia na possibilidade da sua venda ou troca. Para que tal direito se exercesse, o senhorio exigia que lhe fosse pedida licença para a transação e uma parte do produto da venda, que assumia a designação de laudémio. As Ordenações Filipinas fixaram o montante deste tributo na quarentena. No entanto, as casas senhoriais exigiam, por norma, um valor mais elevado equivalente à ração. Finalmente, alguns senhorios partilhavam simbolicamente das heranças dos seus foreiros através do tributo denominado *lutuosa*.

Do atrás exposto decorre que a «renda» senhorial incidia sobre a maioria dos rendimentos provenientes de usos da terra. A tributação absorvia uma parte substancial dos frutos do trabalho do agricultor, facto que limitava, e em muitos casos impossibilitaria, o investimento em melhorias.

De notar que os cadastros de propriedades e rendas senhoriais realizados em tempos de crise, tempos de reação senhorial, em particular na primeira metade do século XVII, reavivaram a malha que espalhava a agricultura, tornando-a ainda mais complexa e pesada devido aos encargos que passou a suportar sob a forma de juros, censos ou foros pagos a «capitalistas» e a instituições eclesiásticas.

Políticas de fomento agrícola da governação filipina

As inovações na agricultura portuguesa ocorridas nos séculos XVI e XVII consistiram fundamentalmente nas alterações da paisagem e da dieta alimentar e dos animais resultantes da difusão do milho grosso e na expansão, das culturas da oliveira, da vinha e das frutas (Algarve).

Um dos problemas da agricultura portuguesa era a insuficiência de produção cerealífera decorrente da existência de muitas terras incultas, decorrentes das

insuficiências técnicas no cultivo ou da falta de gente que partira para as «conquistas» à procura de melhores condições de vida.

Existiam ainda alguns casos de apropriação abusiva de terras. Uma das áreas de ação política consistiu na tentativa de impedir abusos de poderosos e privilegiados, que comprometiam o interesse geral, ao gerirem, de uma forma irregular, o património municipal. Neste sentido, o monarca, tendo sido informado que os vereadores e outros oficiais das câmaras de muitas cidades, vilas e lugares repartiam entre si as propriedades do concelho, tomndo-as de arrendamento e «pagando pouco ou nada ao concelho», determinou, por alvará de 6 de Dezembro de 1603, que «nenhum vereador, nem outro Official da Camara nem da Justiça, nem as mais pessoas que costumam andar nas governanças das Cidades, Villas e Logares, possam por si nem por interposta pessoa, lavrar, nem cultivar terras ou propriedades do Concelho, nem as possam trazer por arrendamento». A mesma ordem aplicava-se aos Provedores e Oficiais das Mesas das Misericórdias acusados de comportamentos semelhantes na gestão dos bens das instituições pelas quais eram responsáveis.

Preocupado com as rendas dos concelhos, e com a terça régia (um terço das rendas dos concelhos eram devidos à coroa), e verificando que os magistrados (corregedores, provedores e juízes de fora), eram ineficazes «por causa das ocupações que tem com os seus cargos», para fazer uma fiscalização rigorosa da gestão camarária, o monarca decidiu enviar pelo reino «certas pessoas» encarregadas de proceder a uma inventariação dos bens municipais bem como uma avaliação da forma de gestão praticada pelos vereadores.

No contexto da crise comercial e financeira de 1620-1621, e perante graves problemas de abastecimento, o governo de Madrid idealizou medidas mais profundas no sentido de reduzir todo o espaço inculto a searas, pomares e florestas (Oliveira 1991: 82-86). Com este objetivo, constitui-se «mma Junta para tratar do benefício das terras e agricultura». Esta, em proposta datada de março de 1624, considerou que, para «se restituir e tornar a lavoura a seu antigo estado», se obrigasseem todas as pessoas a cultivar «por lançamento e repartição», à imitação do encabeçamento das sisas. Estas medidas referiam-se expressamente às comarcas do Alentejo e do Algarve e a todas onde houvesse «terras desaproveitadas».

A repartição devia ser precedida de uma inventariação de todas as terras incultas. Neste inventário deveriam integrar-se baldios, bens dos concelhos, terras vinculadas a morgadios, afectas a capelas, reguengas ou pertencentes a donatários e casas religiosas. Todas deveriam ser agricultadas. No caso dos seus proprietários não disporem de «cabedal» para custear a exploração, esta deveria ser entregue a quem o tivesse. Aos «ministros» encarregados de transformar as terras incultas em searas,

hortas e pomares competia fazer o registo, em livros, de todas as pessoas que habitavam nas cidades, vilas e lugares e nele inscreveriam a área que lhes competia explorar. Esta diretiva não admitia privilegiados. Exceptuavam-se apenas as viúvas, órfãos e pessoas miseráveis. Os grupos alvos de particular atenção eram, no entanto, aqueles que tinham cabedal. Destacavam-se os mercadores e homens de negócio, a quem se deveria deixar livre apenas o cabedal para aplicar no comércio. Os nobres e fidalgos que não pudessem lavrar todas as terras que possuíam seriam obrigados a reparti-las por pessoas que as lavrassem.

Ignora-se qual terá sido o impacto desta medida em todo o país. Conhecem-se apenas as insistências do governo de Madrid no sentido de fazer aplicar a reforma no Alentejo, mas sem êxito (Oliveira, 1991: 84). Esta iniciativa do governo colidia com interesses de grupos e instituições. Pela sua própria natureza, e conjuntura política e económica em que ocorreu, foi necessariamente mal acolhida, embora fizesse parte da política de criação de riqueza levada a efeito pelo conde-duque de Olivares. Neste contexto, e perante graves problemas de abastecimento da cidade de Lisboa, foram tomadas medidas pontuais tendentes a aumentar o afluxo de cereais do espaço interno à capital.

Outro espaço carenciado em cereais era o Algarve. No mesmo ano (1623) em que se ordenava ao governador do Algarve que providenciasse no sentido de obrigar aqueles que tinham pão escondido em covas a vendê-lo, «por preço justo e accommodado»¹, encarregava-se o corregedor de se informar sobre o projeto de se tornar a Serra de Tavira «fructifera» e se dar de sesmaria².

Outra circunstância que impedia o alargamento do espaço das áreas de cultura eram as zonas alagadas; terras com muitas potencialidades agrícolas, mas que careciam de sistemas de drenagem.

Na tentativa de solucionar este problema, constituiu-se uma *Junta dos pauis e lezírias*. Por carta régia de 5 de agosto de 1623 foram dadas diversas providências relativas ao enxugo de zonas alagadas, nomeadamente as banhadas pelo rio Mondego que eram particularmente alvo de cheias que destruíam ciclicamente as culturas.

Tendo em conta o grande «dano» que recebiam os moradores dos campos da cidade de Coimbra por «se não acudir com a brevidade que convem ao remedio dos marachões e quebradas delle», ordenava-se ao «Provedor dos

1 José Justino de Andrade e Silva, *Collecção Chronologica da legislação Portuguesa, 1620-1627*, Lisboa, Imprensa de J. J. A. Silva, 1855, p. 108.

2 José Justino de Andrade e Silva, *Collecção Chronologica da legislação Portuguesa, 1620-1627*, Lisboa, Imprensa de J. J. A. Silva, 1855, p. 107.

ditos marachões, que agora é, e ao diante for», que tivesse, «muito particular cuidado de ver, e prôver todos os campos e paues, que estão na dita Cidade de Coimbra até a barra de Buarcos, de uma e outra parte do rio Mondego, e de reformar todos os marachões das quebradas antigas, e fortificar as partes fracas dos campos, fazendo marachões de novo, sendo necessárias para que não haja quebradas; e havendo-as mande logo tapar com muita diligencia e brevidade»³.

Apesar dos esforços régios no sentido de resolver os problemas decorrentes da inexistência de sistemas de drenagens eficazes que minorassem os prejuízos decorrentes da destruição das culturas ou os espaços insalubres, os poderosos locais oputseram-se a colaborar num empreendimento que exigia avultados capitais. Para além do Mondego, terá sido também equacionado o encanamento do rio Tejo.

A floresta tinha uma particular importância no século XVII, «tempo da civilização da madeira». Com efeito, nela se colhia lenha, madeira e carvão para usos domésticos; alimentava fornos de cal, de telha e de cozer pão; fornecia ainda matéria-prima para o artesanato urbano e rural para fabrico de objetos de uso doméstico e utensílios agrícolas, bem como para «indústria» de construção civil e particularmente da naval.

Conscientes da multiplicidade de usos da floresta, o Estado, as Câmaras e as casas senhoriais tomavam constantes medidas no sentido de fomentar o plantio das árvores, impedir o corte e regulamentar a utilização. Para as casas senhoriais, a floresta constituía ainda uma importante fonte de receita dado que tentavam partilhar do produto da venda de todos os produtos, desde as raízes à folhagem das árvores. Sempre que possível integravam-na nos seus domínios, entrando em conflito com as populações, as câmaras ou a coroa.

No período filipino desenvolveu-se uma política de arborização do país e de proteção à floresta (Varela Marcos, 1989). Uma das expressões foi o alvará de 20 de Março de 1605 que reformulou o antigo Regimento do Monteiro-Mor. Invocando «a grande falta» de madeira para naus, galeões e outros navios para o serviço da coroa e a necessidade de «guardar» as matas da coroa e de particulares, Filipe II elaborou um novo Regimento⁴ onde se definiram as competências do Monteiro-mor, e as funções de outros funcionários régios dele dependentes. Regulamentaram-se ainda os usos da floresta.

3 José Justino de Andrade e Silva, *Collecção Chronologica da legislação Portuguesa, 1620-1627*, Lisboa, Imprensa de J. J. A. Silva, 1855, p. 178.

4 José Justino de Andrade e Silva, *Collecção Chronologica da legislação Portuguesa, 1603-1612*, Lisboa, Imprensa de J. J. A. Silva, 1852, pp. 109-123.

O diploma discriminou as diversas matas, pinhais e outros espaços que integravam as montarias da coroa, bem como as dos particulares, que passavam a ficar sob a vigilância dos monteiros-mores, e fixou o número de oficiais encarregados da fiscalização de cada montaria. As maiores situavam-se nas áreas mais próximas de Lisboa (Santarém, Almeirim, Alcanede, Torres Novas, Alenquer, Coruche, Benavente, Óbidos, Caldas da Rainha, Alcácer do Sal), não muito distantes da corte, espaços onde os reis tinham sítios propícios à prática da caça (Trapaga Monchet, 2019).

Das referências às espécies arbóreas e à qualidade da madeira constantes deste Regimento decorre que uma das principais preocupações de Filipe II era a proteção da floresta da coroa e de particulares que pudesse fornecer madeira de sobreiro, de carvalho «landeiro» e de pinheiro bravo e manso para as armadas (Costa, 1997).

Em 1608, o arbitrista Luís Mendes de Vasconcelos testemunhava a existência em todo o reino de madeiras de boa qualidade para fazer casas e navios. Considerava, porém, possível produzir mais e de melhor qualidade se se cumprisse o estabelecido nas leis em matéria de plantação de árvores. A produção nacional de madeiras manteve-se, entretanto, insuficiente, continuando a importar-se dos países escandinavos, da Polónia, Alemanha e França.

A agricultura uma base de poder e prestígio num tempo de expansão comercial

A partir do século XV, os rendimentos do Estado português provinham fundamentalmente do comércio externo: alguns sectores da nobreza e da burguesia passaram a fazer investimentos e colher diversos proventos e fortunas no espaço ultramarino: das ilhas atlânticas, à Índia e ao Brasil. Feitos que muitas vezes foram recompensados com a doação de terras e de tributos senhoriais.

Mas, a vida económica do espaço interno do reino, ainda que articulada com o comércio colonial, em particular na faixa litorânea, continuou a basear-se fundamentalmente, na agricultura e num conjunto de recursos complementares ou interdependentes deste sector: a caça, a pesca, a pecuária e várias «indústrias» rurais (extração de madeiras, de minérios, tecelagem, produção de carvão, cal e telha, moagem de cereais e fabrico de vinho e azeite).

O complexo agroflorestal constituía, de facto, a principal fonte de subsistências, rendimentos e riquezas da maioria dos grupos sociais e instituições na época moderna. Com efeito, os proventos decorrentes da exploração de recursos naturais constituíam a base de sustentação de casas senhoriais nobres e eclesiásticas, de instituições de cultura e ensino (universidade e colégios), e de assistência: confrarias, hospitais e misericórdias. A hipoteca de prédios rústicos assumia-se também como

uma condição para o exercício de determinadas atividades, caso da contratação de rendas senhoriais por agentes de cobrança, bem como uma garantia para a obtenção de empréstimos de capitais. A ligação à terra revestia-se igualmente de uma forte dimensão social. Com efeito, a propriedade fundiária vinculada, os morgadios, permitiu a sobrevivência e reprodução de famílias da nobreza. Por sua vez, bens rústicos integraram dotes de casamento e de acesso às carreiras eclesiásticas. A partir de finais do século XVI, rendimentos fundiários foram consignados ao pagamento de missas e legados pios.

Em suma, a posse da terra e de rendimentos fundiários constituiu-se, de facto, como símbolo de prestígio económico, social e de poder para as elites mas de impossibilidade de investimentos reprodutivos na agricultura.

Conclusão

Face ao exposto, pode afirmar-se, a jeito de síntese conclusiva, que a agricultura portuguesa no século XVII foi muito condicionada pelos interesses das casas senhoriais e do consumidor, definidos pela política de abastecimento régia e, sobre tudo, concelhia a quem competia zelar pelo abastecimento e produtos alimentares. A tributação, a régia e fundamentalmente a senhorial, e a política de preços constituíram um forte espartilho para a agricultura.

A produção cerealífera foi insuficiente para o consumo interno que, particularmente nas cidades, dependia «do trigo do mar». Os frequentes maus anos agrícolas provocaram escassez e carestia e as decorrentes crises de subsistência, agravadas nos períodos em que o trigo não chegou do mar devido às perturbações do comércio externo.

Num contexto de agricultura maioritariamente pouco inovadora, havia, no entanto, espaços mais dinâmicos: os campos, as hortas e as quintas situadas nas periferias dos centros urbanos e que funcionavam como mercados abastecedores das cidades e vilas, condicionando o seu crescimento. As mudanças mais profundas na agricultura ocorreram nas zonas que acolheram o milho. Com efeito, foi neste século, como indicámos acima, que a nova planta vinda da América venceu resistências várias, nomeadamente a de ser acolhida nos celeiros senhoriais para pagar foros e rações.

Do ponto de vista institucional consideramos que a economia agrícola portuguesa do século XVII foi fortemente condicionada pelos interesses das casas senhoriais e daqueles que com eles convergiam, caso dos enfiteutas intermediários, dos rendeiros (no Alentejo) e dos contratadores de rendas. Os regimes de propriedade, tributação e exploração dos recursos naturais constituíram um forte espartilho, que se

reforçou nas primeiras décadas do século XVII com formas mais precárias de acesso à terra (prazos de vidas, arrendamento e parceria), apropriação de terras comunitárias, maior eficácia na cobrança de direitos senhoriais e recurso a instrumentos de crédito (censos consignativos) suscetíveis de provocar endividamento camponês.

Por sua vez os esforços da governação filipina no sentido de promover o arroteamento de terras incultas, de secagem de pauis ou de eliminar situações irregulares, não surtiram efeito devido à resistência à aplicação das ordens vindas de Madrid ou à indisponibilidade financeira para efetuar melhoramentos como a drenagem de pauis.

Bibliografia

- ALMEIDA, Luís (1981), «Problemas do comércio luso-espanhol nos meados do século XVIII», *Revista de História Económica e Social*, 8, Julho-Dezembro, pp. 97-98.
- ALMEIDA, Luís (1995), «Sobre a introdução e a difusão do milho mais em Portugal», em *Páginas Dispersas*, Coimbra, Faculdade de Letras/IHES, 19, pp. 229-259.
- COSTA, Leonor (1997), *Naus e Galeões na Ribeira de Lisboa. A construção naval no século XVI para a Rota do Cabo*, Cascais, Património Historico, pp. 307-333.
- EIRAS ROEL, Antonio (1986), «Agricultura e población en la Galicia moderna (XVI-XVIII)», *III Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Ourense, pp. 14-41.
- FARIA, Manuel Severim de (1665), «Dos remédios para a falta de gente», en António Sérgio (selec., pref. e notas), *Antología dos economistas portugueses*, Lisboa, Biblioteca Nacional, 1924, pp. 173-240.
- GARCÍA SANZ, Angel (1991), «El sector agrario durante el siglo XVII: depresión y reajustes», en Ramón Menéndez Pidal (dir.), *Historia de España*, Madrid, Espasa-Calpe, vol. XXIII, pp. 222-226.
- LANGHANS, Franz Paul (1949), *Apontamentos para a história do azeite em Portugal*, Lisboa, Junta Nacional do Azeite.
- LEÃO, Duarte Nunes (1610), *Descripção do Reino de Portugal*, Lisboa.
- MAGALHÃES, Joaquim (1988), *O Algarve, Económico (600-1773)*, Lisboa, Estampa.
- MARCOS MARTÍN, Alberto (2000), *España en los siglos XVI, XVII y XVIII. Economía y sociedad*, Barcelona, Editorial Crítica.
- NETO, Margarida (1994), «Introdução e expansão da cultura da batata na região de Coimbra (séculos XVII-XIX)», *Revista Portuguesa de História*, tomo 29, pp. 55-84.

NETO, Margarida (2012), «A crise da agricultura portuguesa no século XVII», en Álvaro Garrido, Leonor Costa Freire e Luís Miguel Duarte (dirs.), *Economia, instituições e império* (estudos em Homenagem a Joaquim Romero Magalhães), Coimbra, Almedina, pp. 263-277.

NETO, Margarida (2017), «Conflict and decline, 1620-1703», en Dulce Freire e Pedro Lains (dirs.), *An agrarian history of Portugal. Economic development on the European frontier*, Leiden/Boston, Brill, pp. 101-131.

NETO, Margarida (2018), «La difusión del cultivo de la patata en Portugal, siglos XV-XIX», *Obradoiro de Historia Moderna*, 27, pp. 113-138.

OLIVEIRA, António de (1971), *A vida económica e social de Coimbra*, Coimbra.

OLIVEIRA, António de (1991), *Poder e oposição política em Portugal*, Lisboa, Difel.

OLIVEIRA, António de (2015), *Capítulos de História de Portugal*, Coimbra, Palimage, 3 vols.

OLIVEIRA, Aurélio (1979), *A abadia de Tibães, 1630/80-1813: propriedade, exploração agrícola no Vale do Cávado no Antigo Regime*, Porto, [s. n.], vol. I.

OLIVEIRA, Aurélio (1980), «A renda agrícola em Portugal durante o Antigo Regime (séculos XVII-XVIII). Alguns aspectos e problemas», *Revista de História Económica e Social*, 6, Julho-Dezembro, pp. 1-56.

OLIVEIRA, Aurélio (1997), «Os vinhos no Porto: 1600-1700», *Douro. Estudos e Documentos*, 3, pp. 45-83.

OLIVEIRA, João (2000), «Algumas notas sobre a cultura da vinha e sobre o vinho na «Região do Dão»», *Douro. Estudos e Documentos*, 5, pp. 117-137.

OLIVEIRA, João (2002), *A Beira Alta de 1700 a 1840. Gentes e subsistências*, Viseu, Palimage.

RAU, Virgínia (1954), *Subsídios para o estudo do movimento dos portos de Faro e Lisboa durante o século XVII*, Lisboa, Academia Portuguesa da História.

RIBEIRO, Orlando (1940-1941), «Contribuição para o estudo do pastoreio da serra da Estrela», *Revista da Faculdade de Letras*, t. 7, nº 1 e 2, Lisboa, pp. 213-303.

RIBEIRO, Orlando (1986), *Portugal, O Mediterrâneo e o Atlântico*, Lisboa, Sá da Costa.

SANTOS, Rui (1995), *Celeiro de Portugal algum dia. Crescimento e crises agrárias na região de Évora. 1595-1850*, Lisboa, Faculdade de Ciências Sociais e Humanas, tese de doutoramento, vol. 1.

SILVA, Francisco Ribeiro da (1996), «Do Douro ao Porto: o protagonismo do vinho na Época Moderna», *Douro. Estudos e Documentos*, 2, pp. 93-118.

TRAPAGA MONCHET, Koldo (2019), «No es madera para vasallos, sino para el rey: las políticas forestales de los Habsburgo en Portugal», *Obradoiro de Historia Moderna*, 28, pp. 105-134.

VARELA MARCOS, Jesús (1989), «La pretendida reforma naval de Filipe III: la política de protección de bosques, saca y elaboración de maderas para la construcción naval», *Actas da VI reunión internacional da historia da náutica e da hidrografía*, Lisboa, CNCDP, pp. 121-136.

VASSBERG, David (1983), *La venta de tierras baldías. El comunitarismo agrario y la corona de Castilla durante el siglo XVI*, Madrid, Servicio de Publicaciones Agrarias.

OS TRABALLOS DA VIDA.

Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XX

Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-19155-90-0; pp. 83-108

A ESTRELA DO GOBERNADOR. CAMBIO TRIBUTARIO E MUDANZAS NO ESPAZO AGRARIO DAS ILLAS FILIPINAS EN TEMPOS DE GÓMEZ PÉREZ DAS MARIÑAS, 1589-1593

Luís Alonso Álvarez

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A liñaxe dos Das Mariñas acolle no seu brasón unha estrela dourada disposta na súa cima sobre significativas bandas azuis e brancas, tal como nos refire e debuxa un cóengo de Astorga e xenealoxista afeccionado do século XVI, que os fai entroncar nada menos que coa mesma nobreza do antigo reino dos suevos (Quintela Salazar, 1590: 108v). Mal que ben, resulta moi doado seguir o percorrido da estrela que levará un membro desa liñaxe finalmente ás illas Filipinas como gobernador e capitán xeneral dunha das últimas conquistas da Monarquía Hispánica en terras de alén mar.

A estrela do gobernador

O obxectivo deste ensaio non é outro que relacionar o proceso de intensificación agraria que acontece nas illas Filipinas a finais do Quiñentos, coa arbitraxe non sempre consciente e con avances e retrocesos, do gobernador Gómez Pérez das Mariñas (1589-1593). O texto divídese en dúas partes ben diferenciadas. En primeiro lugar, reconstrúense as pegadas fundamentais da estancia do fidalgo galego como alto funcionario real en lugares tan dispares da península e alén mar, non sempre ben esclarecidos. E en segundo lugar, pondéranse as mudanzas en materia tributaria que desataron durante o seu mandato profundas transformacións no espazo agrario das illas, de xeito que estas pasaron dun sistema de *slash and burn* no que sobresaía a propiedade comunitaria a outro máis intensivo dominado pola propiedade privada.



FIGURA 1. Brasón dos Das Mariñas segundo Quintela Salazar, 1590
(Biblioteca Nacional, 108v.)

O nome de Gómez Pérez das Mariñas —ou Dasmariñas, como lles gusta dicir aos historiadores de tradición anglo-americana¹— resulta que se lle pode atribuir a máis dun cabaleiro da Galicia baixomedieval e moderna, circunstancia que nalgúns casos ten levado a memorables equívocos. Os libros de xenealoxías recollen polo menos catro persoeiros coa mesma denominación. O primeiro, de mediados do século XV e alcumado O Mozo, participou en axuda dos señores na grande Guerra Irmandiña (1467-1469). Un dos seus netos, de idéntico nome, foi abade de Bergondo no limiar do século XVI. E un bisneto, Gómez Pérez das Mariñas e Xunqueiras, acadou un alto grao militar ao servizo do emperador Carlos nas guerras de Italia e de Francia. Por último, temos o noso Gómez Pérez das Mariñas e Ribadeneira, sobriño do anterior, con apelidos herdados da súa nai Berenguela das Mariñas e do seu pai Fernán Díaz de Ribadeneira (Vaamonde, 1916: 111), unha familia de afamados fidalgos. O seu irmán maior, Álvaro González de Ribadeneira, foi o herdeiro do morgado familiar, polo que Gómez Pérez xa de mozo houbo de buscar a vida na

1 Quizais movidos pola influencia da cidade de idéntico nome, Dasmariñas, situada na provincia de Cavite, a 30 km. ao sur de Manila (véxase o mapa 1). Así e todo, o noso fidalgo asinaba as súas misivas separando sempre a preposición do substantivo.

milicia ou na administración como era habitual no caso dos descendentes que non eran vinculeiros.

Descoñecemos tamén a súa data precisa de nacemento e tense como probable a de 1539 (Donapétry, 1991: 397; Castellanos, s/d, s/p). No preito que mantivo en 1559 co seu tío avó, Juan López Pardo de Haro, acreditou ser maior de catorce anos e menor de vinte, co cal nos estariamos a pór nunha banda temporal situada entre 1539 e 1545². E pásanos o mesmo co seu lugar de nacemento. Moitos estudosos apuntan, con pouca evidencia, que foi a cidade de Betanzos a que o veu nacer (Vaamonde, 1916: 111-112; Núñez-Varela, 2001: 1; Crossley, 2016: 7), baseándose na información de Bartolomé Leonardo de Argensola, contida na súa coñecida obra (Argensola, 1609: 189), cando en realidade resulta un autor pouco fiable polos desacertos que inzan o seu libro. Outros sinalan a Viveiro (Donapétry, 1991: 397; Castellanos, s/d, s/p) e con más precisión apuntan á Barreira, lugar preto da parroquia de Riobarba —hoxe, concello de O Vicedo—, nos arredores da vila, como así figura en certos testemuños documentais recollidos no expediente para a concesión do hábito de Santiago, e conserva a tradición oral dos viveirenses³.

En 1564 témolo censado como veciño de Viveiro, xa casado con María Sarmiento e Ribadeneira, muller que morreu ao pouco da voda (Vaamonde, 1917: 171), aínda que hai autores que achegan probas que non permiten sostelo (Donapétry, 1991: 205). Volveu desposarse máis adiante con Ana María de Mendoza e Souto-maior, da que naceu Luís, probablemente en 1566. En 1567, o noso fidalgo resultaba posuidor dunhas rendas anuais de certa importancia en Viveiro (Saavedra, 1985: 584), á parte das que gozaba, entre outros lugares, nas Mariñas dos Condes e nas Mariñas dos Freires, situadas entre Betanzos e A Coruña. Nese mesmo ano aparece rexistrada unha compra de máis de 4.000 reais en panos e sedas a un comerciante de Santiago (Vaamonde, 1916: 117-118), o que dá a impresión de que esperaba a confirmación dalgún destino na administración do que non sabemos nada. Deseguida pasou a morar no pazo de Santa Mariña —tamén chamado de San Roque ou simplemente O Pazo—, ao carón de Viveiro, freguesía de San Miguel de Negradas, onde naceron as súas fillas Berenguela e Gregoria.

2 «Ejecutoria del pleito litigado por Fernán Díaz de Rivadeneira y Berenguela de las Marinas, difuntos, con Juan López Pardo de Haro, vecino de La Coruña, como curador de Fernán y Gómez Pérez de las Marinas, menores, y consortes, sobre herencia», Santiago, 21/12/1559, Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (en adiante ARCHV), *Registro de ejecutorias*, caixa 966, 48.

3 «Pruebas para la concesión del Título de Caballero de la Orden de Santiago de Gómez Pérez das Mariñas, natural de [A] Barreira, vecino de Vivero, 1589». Archivo Histórico Nacional (en adiante AHN), OM-Caballeros Santiago, exp. 6385.

Certos estudos dan por feito que Das Mariñas principiou a súa carreira política como *xentilhome de boca* do rei Felipe (Crossley, 2016: 9-10), un cargo reservado a representantes da nobreza local e fidalguía, e cuxo cometido consistía en servir o monarca nos xantares públicos, segundo o protocolo borgoñón adoptado polos Habsburgo (Albaladejo, 2008: 14-16). Mais non existe evidencia ao respecto e quizais só sexa unha confusión coa biografía do seu tío, o militar Gómez Pérez das Mariñas e Xunqueiras, que serviu o rei nese oficio (1558), participou nas guerras de Italia e Francia e foi premiado tamén —como o sobriño— co hábito de Santiago polos servizos prestados á coroa (Vaamonde, 1916: 109 e 20). Polo que respecta ao noso Das Mariñas, sabemos que o seu primeiro nomeamento para cargo público do que temos coñecemento foi en 1578 como corrixidor de León⁴, amparado polo seu paisano Antonio Rodríguez de Pazos, o seu valedor na corte, que acababa de chegar nese mesmo ano á presidencia do Consello de Castela⁵. A de corrixidor tratabaíase dunha figura impulsada pola propia monarquía no coñecido proceso de centralización do poder que lle permitía un rigoroso control sobre o territorio, con funcións de administración de xustiza —civil e criminal—, orde pública, facenda local, guerra, comercio, abastos e obras públicas (González Alonso, 1970: 117-242). Durante o seu mandato de tres anos encabezou o *xuízo de residencia* do seu predecesor e oficiais (Collantes, 1998: 151-184). Foi unha pescuda secreta que alcanzou as finanzas do corrixidor saínte, axudantes e alcaldes maiores dun fato de concellos xestionados polos veciños⁶. Do seu mandato en León dá boa conta a política que levou a cabo de obras públicas, como a construción da Casa das Carnicerías para o abasto de carne, edificio que aínda perdura e leva unha lenda alusiva na fronte⁷, e algunas pontes e calzadas da cidade. O seu foi considerado por todas as instancias como un bo goberno (Castellanos, s/d, s/p; Núñez-Varela, 2001: 1). En 1582 o rei nomeouno corrixidor de Cartaxena e Lorca⁸, xurisdicións naquel momento

4 «Residencia tomada al corregidor que fue de León, doctor Valencia, y a sus oficiales, por su sucesor, Gómez Pérez de las Marinas», 1578-1580. Archivo General de Simancas (en adiante AGS), CRC, 336, 1.

5 Antonio Mauricio Rodríguez de Pazos e Figueroa, nacido en Pontevedra, foi inquisidor de Sevilla (1562) e Toledo (1565), comisionado en Roma no proceso de Carranza, bispo de Pati (Sicilia), presidente do Consello de Castela (1578-1582) e, finalmente, bispo de Córdoba entre 1582 e 1586 (Ezquerra, s/d).

6 Aínda en 1581, eses concellos litigaron con Gómez Pérez polo sistema de elección que lles tiña arbitrado. ARCHV, *Registro de Ejecutorias*, caixa 1450, 51.

7 «Hízose este edificio, más las fuentes y calzadas de la ciudad, siendo gobernador el muy ilustre Gómez Pérez das Mariñas. Año de 1581, el cual gobernó bien».

8 AGS, CRC, 353, 15.

moi sensíbeis por mor da sublevación dos mouriscos de Granada, como veremos. Neste cargo deu tamén cabo a residencia do seu antecesor entre 1582 e 1583⁹, ata ser elixido corrixidor de Murcia en 1586¹⁰. Nesta gobernación destacou polas atribucións que como capitán xeneral tiña sobre guerra e aplicou a pragmática de 6 de outubro de 1562 que obrigaba ao alistamento dos mouriscos para podelos vixiar. Tras a rebelión das Alpujarras (1568-1571), moitos mouriscos exiliáranse no norte de África e confabuláranse cos piratas berberiscos nas súas incursións polas costas andaluzas, levantinas e baleares, mentres que os que moraban na ribeira mar actuaban como quintacolumnistas de feito¹¹, razón pola cal o rei Felipe II deu orde de restaurar as vellas torres de vixilancia do litoral e construír algunas novas a partir dos anos setenta (Cámara, 1991: 57-59; Velasco, 2017: 73 e 83). Dise que no trienio que Gómez Pérez ocupou o governo de Murcia, «os mouros non lle colleron cristiáns» (Chirino, 2000: 159r), en referencia ás devanditas incursións berberiscas. Sábese tamén que comandou unha frota de gardacostas contra eses corsarios «e en todo ese tempo non lle levaron á terras de Berbería ningún cristián, mais el ten cativado e matado moitos mouros» (Colín, 1663: 255). Tense mesmo constancia de que en xaneiro de 1585 visitou as torres de vixilancia da costa murciana (Cámara, 1991: 57-59; Velasco, 2017, pp. 73 e 83). Das Mariñas aproveitou tamén a súa estancia en Murcia para tecer unha boa relación cos xesuítas da cidade que lle rendería boas ganancias en adiante.

O cargo de corrixidor de Murcia rematou, como era preceptivo, aos tres anos do seu nomeamento. Así que en 1588 o achamos na corte madrileña en procura doutro cargo. Como xa se ten sinalado, estaba «con otros moitos pretendentes de oficios e mercés» (Chirino, 2000: 158v). Outro observador rexistrou tamén certas referencias singulares:

estaba entonces en ella [na corte], entre otros personajes pretendientes de oficios y mercedes Gómez Pérez das Mariñas, caballero gallego, que con favor de don Antonio de Pazos, también gallego, obispo de Pati y presidente del real Consejo de Castilla, que acababa de servir el oficio de corregidor de Cartagena y Murcia. Y aunque al presidente le habían ya retirado y hecho obispo de Córdoba [...] y el sucesor [no Consello] no le era muy favorable, con todo eso dio

9 *Ibidem.*

10 AGS, CRC, 353-5; 345bis, 1 e 725,1.

11 «Cédula de Felipe II para que los inquisidores de la ciudad de Granada no conociesen en las causas contra los moriscos sublevados en 1560», Madrid, 15 de agosto de 1562, AGS, CCA, DIV,8,93.

tan buena residencia [...] que hacían diligencias para que se le perpetuasen por las prendas tan particulares de cristiandad, valor y prudencia (Colín, 1663: 254)¹².

Damos, pois, por sabido que o noso cabaleiro estaba apadriñado polo presidente do Consello de Castela, que alén diso saíra ben parado do xuízo de residencia como corrixidor de Murcia e que salientaban nel boas calidades para futuros nomeamentos: era bo cristián, valoroso e prudente, virtudes estas estimadas grandemente polo rei Felipe (Chirino, 2000: 158v; Colín, 1663: 254).

A primeiros de xaneiro de 1588 Gómez Pérez tornou a Viveiro co seu séquito. Reuniuse no pazo de Santa Mariña cos seus achegados, parentes e amigos, os que mantivo convidados mes e medio, agasallo que financiou o mercador Alonso Teixeiro, o seu home de confianza, levador das súas rendas e curador da súa filla Berenguela. Foi el quen sostivo a casa do fidalgo cando embarcou para alén mar, en espera da recompensa á volta de Asia (Lamigueiro, 2007: 265-266). Neses meses estivo o noso home a recibir moitos parabéns e internou no convento de San Paio de Santiago as súas fillas Berenguela e Gregoria cun dote xeneroso (Vaamonde, 1916: 116). Non se nos di a razón deste comportamento tan impropio del, pero está claro que xa debía coñecer que era o candidato mellor situado para ocupar a gobernación das illas Filipinas, un territorio que tiña moi preocupado ao rei Felipe. Que estaba a suceder, así pois, nas illas de Poñente? Cales eran as preocupacións do monarca ao respecto?

Tras a subida do prezo das especias nos anos corenta, Felipe II enviou dende México algunas expedicións ás illas Molucas, espazo onde estas se cultivaban en abundancia, malia a firma do Tratado de Zaragoza (1529) polo cal o seu pai, o emperador Carlos, renunciaba a elles en favor do veciño reino de Portugal. A última das expedicións, a comandada por Miguel López de Legazpi, arribou en 1565 ás illas de Poñente, que xa se empezaban a chamar Filipinas, coa esperanza de achar tamén nelas as prezadas especias, principiando así un proceso de conquista e establecendo a súa capital en Manila (1571), un enclave musulmán. Emporiso, a escaseza do valioso produto e, sobre todo, a firma da Unión Ibérica en 1580, invalidaron a construcción dun imperio español da pementa á marxe do portugués. Os obxectivos de permanencia reconducíronse agora cara ao establecemento dunha base militar para a conquista das illas veciñas e mesmo da terra firme da China, impulsada por militares e freires, querendo así emular a xesta de Cortés cando saltou de Cuba ao que máis tarde chamarían Nova España.

12 Tense actualizado o vocabulario castelán orixinal así como os signos de puntuación.

En paralelo a estes obxectivos da coroa, os colonos hispano-mexicanos asentados en Manila aproveitaron a chegada do galeón que portaba de México o *socorro*¹³ que mantiña o aparato militar, relixioso e administrativo, para enviar de volta produtos que traían cada vez en maior medida os comerciantes chineses, en especial porcelanas finas e sedas a cambio de prata. Sedas e prata constituían un binomio que atribulaba a corte de Madrid, e do que se doía o mesmo rei Felipe cando lle manifestaba a Gómez Pérez que «ao principio do descubrimento das illas, por terse ocupado os españois en librar e pacificar o que agora está poboado, e despois no trato e mercadoría das cousas da China, nunca se aplicaron a facer fundamentos en granxas ou crianzas de gando»¹⁴.

A situación da colonia asiática disparou todas as alarmas en palacio, pois as sedas chinesas competían con vantaxe nos mercados americanos polo seu prezo tan cativo, e desprazaban ás sedas toledanas e granadinas que viñan pola carreira do Atlántico e nas que confluían grandes intereses hispanos. O propio presidente do Consello das Indias mostraba unha subida preocupación, tal como manifestaba en 1586 co gallo dos tecidos chineses:

Aunque los rulos y damascos y otras sedillas, y aun las más finas, son de muy poca seda y otras tejidas con hierba (que todo es muy baladí), al fin al barato acudirá la gente y bajará el precio de las sedas que van de España; y que de ésta, los tafetanes habían llegado a no valer más que a ocho reales y los rulos y damascos habían bajado mucho; y que temía que yendo esto adelante, no será necesario llevarse sedas de España¹⁵.

E polo que respecta ás grandes cantidades de prata, que saían dos vicerreinados novo-hispano e peruano, entraban na China sen posibilidade de retornar á circulación monetaria nun mundo cada vez más globalizado, o que, por outra banda, obstaculizaba a propria financiación das frotas do Atlántico. Como continuaba a sinalar o presidente do Consello,

[a]demás de la poca sustancia de que son aquellas mercaderías, se lleva allá para contratarlas gran suma de plata y reales; y que aunque queda algo en

13 Coñecido dende o século XVII co nome de *situado*.

14 «Orden de llevar cien nuevos pobladores a Filipinas», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. Archivo General de Indias (en adiante AGI), *Filipinas*, 339, L. 1, f. 389v-390v.

15 «Parecer del presidente del Consejo de Indias a S.M. a favor de clausurar el comercio con China», Madrid, 17 de xuño de 1586. AGI, *Filipinas*, 18A, r. 8, n. 53 (c).

aquellas islas, todo lo demás se llevan los chinos que de la tierra firme vienen allí a vender estas mercaderías; y se enflaquece por este camino el trato de estos reinos y se impide el traerse acá este dinero, cosas ambas de consideración e importancia¹⁶.

Estes dous ingredientes, sedas e prata, que inducían á perdición dos obradoiros da península e privaban de metal precioso os magros ingresos do tesouro real, resultaban tamén magnificados nos informes dos vicerreis, alimentados pola inflación que estaba a agromar e amplificados polo resentimento dos portugueses da Macau diante dos atrancos que se lles estaban a pór para teren de seu un comercio directo coa China. Todos estes factores, que tiñan xa elevado os costes de transacción na carreira do Atlántico, nun contexto de incerteza financeira impulsado pola derrota da Invencible (1588), trasladaban unha forte preocupación á corte madrileña pola excepcionalidade filipina.

Esta era a situación cando chegou en 1587 a Madrid o procurador dos colonos de Manila, o xesuíta Alonso Sánchez, para comunicarlle ao Consello das Indias os graves estorbos que xurdiran na nova colonia, en especial os referidos aos intereses encontrados entre encomendeiros —partidarios de explotar os recursos da terra— e mercadores —propensos a manter e acrecentar o comercio coa China—, e proporlle remedios ao rei (Chirino, 2000: 91v). Recibiuno o propio monarca nunha audiencia de duración pouco usual de dúas horas, o que reflicte o seu nivel de preocupación. Tras a audiencia, o rei nomeou unha xunta deliberativa «dos máis graves e cualificados persoeiros da corte»: tres funcionarios do Consello das Indias —un deles, o propio presidente—, dous conselleiros máis a designar entre os de Estado, Italia, Portugal e da Cámara, o arcebispo de México, que por entón se achaba en Madrid, dous integrantes do Consello de Guerra e os dous secretarios privados do rei. En total, dez persoas (Chirino, 2000: 97r).

A xunta deliberou durante tres meses tras ler as memorias que lles achegara Alonso Sánchez e finalmente extraeu unhas conclusións coas que o freire acudiu a San Lorenzo para informar ao rei e que as aprobase, se fora doado. Por desgraza, ese mesmo día comunicáronlle ao monarca a novidade da derrota da Invencible (1588), o que o induciu a unha lectura da situación filipina en clave de desalento. A capacidade financeira e en consecuencia a política militar da Monarquía Hispánica quedaban moi debilitadas e non aconsellaban novas experiencias castrenses como as do asalto ao continente chinés. Cumpría, pois, redefinir os obxectivos para as illas

ou ben abandonalas, desamparalas, como se dicía na fala da época. Mais contra todo prognóstico, o rei aprobou as conclusións da xunta de notables e en moitos casos chegou mesmo a mellorallas (Chirino, 2000: 120v-121r).

Podémolas resumir en tres grandes grupos. Por un lado, a coroa —e a xunta— inclinábanse por introducir no arquipélago un modelo agrario máis intensivo ca o existente, diante da alarma que creou na corte o achegamento dos colonos ao comercio do galeón e o desleixamento da terra. De aí que se considerase levar familias de labregos ás Filipinas, instruir os naturais nas prácticas da labranza e trasladar animais de tiro procedentes de América ou Asia. Estábbase a pensar áinda en clave novo-hispana, nunha agricultura comercial subministradora de alimentos e recursos para a minería da prata que, no caso filipino, resultaba ser a do ouro, do que existían determinados xacementos. A segunda das súas preocupacións era a do financiamento dos custos da defensa, evanxelización e administración do novo territorio, tan lonxe das bases mexicanas, que debería facerse con arbitrios internos e non só cos socorros da caixa novo-hispana que se remitían anualmente. Para iso, pensábase en decretar unha subida dos tributos que xa gravaban os naturais sometidos, de modo que a colonia puidera manter a militares de paga e frades de doutrina. Haberíase de dotar, ademais, a cidade de Manila para a súa defensa dunha muralla de pedra —ata agora, unha estacada de troncos—, dunha fortaleza, un campo de 400 soldados e dunha escuadrilla de galeras para a garda da beiramar. E, finalmente, para incentivar a permanencia dos colonos e a chegada de novas familias, resignábase o goberno a tolerar os intercambios entre a China, Manila e Acapulco —que a propia dinámica comercial estaba forzando de feito—, mais cumplía reservalos só para os veciños da capital.

Asemade, o artellamento destas medidas esixía a presenza dunha autoridade forte que resgardara ese proxecto da coroa, o que implicaba a liquidación do contrapoder que supuña a existencia da Audiencia Real, establecida en 1583, e a asignación dun novo gobernador con plenos poderes para defendela. Ou, como dicía graficamente un bo coñecedor dos entreforros do poder, «atento a estar áinda mol esta república, precisa máis de presidio militar que a asegure de seus moitos inimigos que de presidentes e oidores para xulgar os seus preitos» (Colín, 1663: 145).

No en tanto, o xesuíta Alonso Sánchez tiña sentido grandes gabanzas de Gómez Pérez das Mariñas na corte madrileña, o que era de seu unha rareza, e andaba a procurar un candidato con boas calidades para o oficio de gobernador das Filipinas. Inducido tamén polo seu valedor, o presidente do Consello de Castela, principiou a tratalo sen darlle a coñecer áinda as súas intencións e aconsellándose tamén nos xesuítas murcianos que o tiñan tratado moi de cerca. E cales era esas calidades que se esperaban del? O mesmo Sánchez sinalábaas nunha carta ao seu superior en Manila:

que non fora mozo nin vello, que non tivera fillos nin muller, que estivera ceibe de débedas e de xente debedora, que non fora perdulario nin avarento, que se soubera gobernar, que fora valente, probado, modesto, prudente e devoto. Segundo o xesuíta, na corte de Madrid «ríanse de min e dicían que onde ía eu atopar aquel home», pero «eu ríame más deles, parecéndome que o había de achar» (Chirino, 2000: 159r). Sen outras dilacions, Sánchez presentoullo ao rei, que o aceptou de inmediato e con moito miramento, áinda que de común acordo todos os implicados o mantiveron en segredo para que o nomeado resolvera os seus negocios en Galicia e preparara con tempo a viaxe. E para non levantasen sospeitas na corte, pois os vaixéis da frota americana non saían ata o 18 de setembro de 1589 —meses de espera que podían dar ocasión a intrigas e manobras na súa contra—, principiaron a tratalo como novo gobernador de Logroño, aproveitando que na Rioxa herdara da súa nai Berenguela certas propiedades e rendas (Calderón, 2006: 13) e el mesmo fixo alarde de querer visitar a cidade, cando en realidade cabalgaba xa para Viveiro. Dese modo, para autorizar más a súa persoa, déuselle o hábito de Santiago, algo común nesas circunstancias.

A primeira metade de 1589 constituíu unha carreira para amañar os seus asuntos e recoller en Viveiro todo o que tiña que cargar para Sevilla, porto no que habería de embarcar coa familia e achegados para México. O rei deulle mesmo licenza para mercar unha fragata dunhas 30 toneladas, o navío *San Juan*, servido por mariñeiros viveirenses para cargar comida e pertenzas, parentes, amigos e xente disposta a servirle nas illas e máis 200 soldados de paga¹⁷. Un documento datado neses meses pormenoriza o sorprendente aprovisionamento de alimentos para a viaxe a terras de alén mar: 200 fanegas de trigo, 835 libras galegas de vacún salgado, 258 de porco bravo, 490 de touciño, 20 ducias de pescada salgada, 10 pipas de auga, pero tamén virtuallas más finas como 20 patos en salgadura, 156 linguas de vaca, 119 pernís e 245 galiñas vivas nas súas respectivas capoeiras (Vaamonde, 1916: 118). Sorprendentemente, non di nada do viño.

A piques de saír a frota, o mes de agosto resultou moi desacougado, en especial o día 9, cando o monarca firmou unha longa ducia de cédulas que afectaban o novo gobernador, entre outras, o nomeamento formal como capitán xeneral das Filipinas¹⁸, o pago adiantado do salario que lle correspondía como alto funcionario¹⁹, as licenzas de pasaxe para el, o seu fillo, familiares, criados e tropa «que se

17 San Lorenzo, 20 de setembro de 1589. AGI, *Indiferente*, 541, L.1desp, f. 29v-30r.

18 San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. AGI, *Patronato*, 293, n. 12, r. 3. Tamén en *Contratación*, 5788, L. 1, f. 213v-215r; *Filipinas*, 339, L. 1, f. 393v-396r e *Filipinas*, 293, n. 12, r. 3.

19 AGI, *Filipinas*, 39, L.1, f. 391v-392r e 364v-365r; *Contratación*, 5788, L.1, f. 215.

ofreceron a viaxar á súa costa»²⁰, o permiso para levar a 100 labregos²¹ e, sobre todo, a *Instrucción secreta*, un documento de singular significado que recollía os acordos do Consello das Indias cos engadidos persoais do monarca²².

Xa en Sevilla recibiu carta, datada en Roma, do seu valedor Alonso Sánchez, que acudira ao Vaticano para resolver asuntos internos da Compañía de Xesús. Nela figuraban certos «avisos» ou consellos para comportarse como bo gobernador. Segundo a misiva, non tería que levar moitos parentes e criados que puideran comprometer o seu proceder. Non debería gastar en «fausto e aparato» mentres permanecera na península, pois chegaría endebedado ao destino e veríase na obriga de ter que valerse de tratos prohibidos —refírese a embarcar mercadorías no galeón, unha actividade proscrita por lei aos funcionarios públicos, pero sempre practicada por eles—, perdendo así a confianza dos seus gobernados. Unha vez en Manila, non tería que dar sinais «de querelo mudar todo» e se algo non lle parecera ben, que deixara correr o tempo para volver logo máis sosegado. Así mesmo, habería de manter un trato afectuoso cos gobernados, porque iso «rouba os corazóns», pero sen manifestar falta de autoridade. Non tería tampouco que actuar con paixón, pois iso aforraba inimigos que lle fixeran a guerra (Colín, 16: 258-259). E así, outros consellos semellantes propios da maña habilidosa dos discípulos do santo Ignacio.

Con toda esta bagaxe de xentes e consellos, Gómez Pérez das Mariñas embarcou en Sevilla un luns 18 de setembro con destino a Veracruz, na costa atlántica novo-hispana, nunha frota de seis navíos que encabezaba o recentemente nomeado vicerrei de México, Luís de Velasco o Novo, aos que se engadirón tres pataches, onde o gobernador levaba a tropa, o armamento, municións e bastimentos de todo xénero (Morga, 1609: 11r; Colín, 1663: 262). Non puiden achar nos arquivos a súa *relación* dando conta ao rei desta viaxe, como era preceptivo, pero si dispor da información que proporciona unha carta do vicerrei con algún dato de interese. Sabemos por el que se deran á vela un luns 18 de setembro e logo de tres meses de viaxe e escalas alongadas en Tenerife (28 de setembro) e Santo Domingo (11 de novembro), chegaran á Veracruz o 13 de decembro «cun norte tan recio que pensaron perderse»²³,

20 AGI, *Filipinas*, 339, L.1, f. 391r-391v e *Filipinas*, 392v-393r.

21 «Real Cédula a Gómez Pérez das Mariñas [...], encargándole que lleve a esas islas 100 hombres, labradores y pobladores, casados, con sus mujeres e hijos, para desarrollar la agricultura y ganadería de esas tierras», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. AGI, *Filipinas*, 339, L.1, f. 389v-390v.

22 «Instrucciones de gobierno a Gómez Pérez das Mariñas», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. AGI, *Filipinas*, 339, L.1, f. 365v-389r.


23 «Cartas del virrey Luis de Velasco, hijo», Cidade de México, 2 de marzo de 1590. AGI, México, 22, n. 11.

polo que desembarcaran «por roubar o corpo aos nortes» na praia de Tamiagua, a máis de 70 leguas da Veracruz (Chirino, 2000: 166v). Tras dunha estadía na vila xarota, que serviu para visitaren as obras de defensa de San Juan de Ulúa, a illa fortaleza que defendía a beira mar e as frotas dos ataques corsarios, encamiñáronse á capital azteca, onde entraron o 25 de xaneiro de 1590. Pasados poucos días, os xustos para levar xente e bastimentos ao porto de Acapulco na costa pacífica, que acadaron en febreiro, seguía escribindo o vicerrei que «ten saído de aquí [México] a maior parte da súa xente e el [Gómez Pérez] saírá moi en breve». Máis adiante aclaraba que «se ten procurado despachar ao gobernador das Filipinas [...] con moita brevidade [...] e esta ten sido a causa que non leve máis que 185 soldados [...]. Estarán xa preto do porto [de Acapulco] e entendo que sairán á vela en todo este mes [de febreiro]». Nunha última mensaxe ao rei aclaraba que

llegarán a doscientos cincuenta los [soldados] que el gobernador llevará [...] y con los pasajeros y religiosos serán más de cuatrocientas personas las que hay que embarcar, que por parecerme son muchas para el porte del navío y viaje tan largo, he dado orden [...] se tome cualquier bajel pequeño que en el puerto haya que pueda servir de alivio para los enfermos. Deja aquí el gobernador al capitán Juan de la Jara [para] que levante la gente que falta a cumplimiento de los cuatrocientos hombres que V.M. manda para que vaya con ellos en la primera embarcación²⁴.

Saíron en realidade a primeiros de marzo en dúas naves, capitana e almiranta e que conformaban ámbalas dúas o chamado galeón de Manila, nas que levaban tamén o *socorro* que proporcionaba o Tesouro de México e a prata de particulares que ía servir para mercar na capital filipina os xéneros asiáticos trasladados polos mercadores chineses. Mais ao chegaren preto das illas, no estreito de San Bernardiño, aborrecido por todos os pilotos polos fortes vendavais e correntes mariñas que facían moi perigosa esa travesía, á almiranta (*San Ildefonso*) crebáronselle os mastros e deu nuns baixos, polo que a tripulación, pasaxeiros e carga tiveron que desembarcar na illa veciña de Marinduque para fondearen salvos en pequenas barcas en Manila. Na capital agardábaos o gobernador que tiña arribado xa na capitá *Santiago*, gobernada polo seu primo Fernando de Castro. Era o 31 de maio e a viaxe dende Acapulco durara arredor de tres meses (Chirino, 2000: 167r; Colín, 1663: 285).

²⁴ «Cartas del virrey Luis de Velasco, hijo», Cidade de México, 2 de marzo de 1590. AGI, México, 22, n. 11.



MAPA 1. As illas Filipinas en tempos da Administración española

Nas Filipinas: a cuestión da terra

A producción agraria constituía non a única, pero si unha das principais preocupações do novo gobernador. Figuraba como un dos obxectivos salientables que tería que acadar e así llo encomendara o rei Felipe, malia que os veciños de Manila tiraran máis do comercio con México que da producción de recursos:

Por haberse, a principios del descubrimiento de las dichas islas, ocupado los españoles en allanar y pacificar lo que ahora está poblado, y después en el trato y mercancía de cosas de la China, nunca se aplicaron a hacer fundamento en granjas, crianzas de ganados ni la haya de la tierra, siendo como es muy fértil y dispuesta pa[ra] producir con mucha abundancia todas las cosas necesarias a la conservación de la vida humana²⁵.

25 «Orden de llevar cien nuevos pobladores a Filipinas», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. AGI, *Filipinas*, 339, L. 1, f. 389v-390v.

E proseguía o monarca sobre a relevancia que suporía a agricultura para as illas:

y porque conviene dar así traza en que se labren y cultiven las dichas islas, os mando y mucho encargo, que de esto tengáis muy particular cuidado, pues no todos han de ser mercaderes y es mucha la riqueza que hay y prosperidad que promete tierra tan nueva, que nunca ha sido disfrutada y de donde tan gran esquilmo y abundancia se espera²⁶.

E para finalizar o propio rei propoñía os remedios para acadalo:

lleváreis en vuestra compañía, juntándolos en las partes y lugares de estos reinos que os pareciere, hasta cien hombres: los cincuenta labradores y los otros cincuenta pobladores, con sus mujeres, hijos y casas, y llevarlos habéis a las dichas islas en los navíos en que habéis de hacer el viaje. Y [...] allá pondréis vos a los labradores casas y aperos pa[ra] que puedan labrar la tierra y tratar de la crianza de ganados²⁷.

Para que fora doado, o traballo das familias tiña que alentar tamén o dos labregos vernáculos, porque se trataba de modificar uns sistemas agrarios ancestrais, pouco produtivos para tamaña poboación, acrecentada agora con conquistadores, colonos e chineses que estaban a levar o comercio coas illas. Por iso, o rei instaba o noso gobernador a proceder deste xeito:

Procuraréis que los *principales* y *timaguas* indios se acompañen con los labradores [peninsulares] en justos conciertos y partición, para que se aficionen y aprendan la labranza al uso de acá, y los españoles tengan quien les ayude con gente y las demás cosas necesarias²⁸.

E para completar os traballos requiríase a introdución de animais de tiro e carga, operacións que non coñecían áinda os naturais pois nunca as precisaran:

26 *Ibidem.*

27 *Ibidem.*

28 «Instrucción a Gómez Pérez das Mariñas», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589, AGI, *Filipinas*, 339, L. 1, f. 183r. Os *principais* ou *cabezas* constituían a aristocracia indíxena e os *timaguas* eran os homes e mulleres ceibes, que non estaban escravizados, nas chairas de Luzón. Os documentos oficiais e, en xeral, a literatura contemporánea sinalaba como *indios* aos habitantes primixenios das illas. Moitos filipinos viaxaban a Acapulco como servidores do galeón e fuxían ao chegaren. Eran aqueles que os hispano-mexicanos denominaban *indios chinos*, de abondosa literatura, para distinguilos dos chamados *indios nuestros* no dicir da época.

En las dichas islas según soy informado hay falta de caballos, yeguas y vacas y otros animales domésticos; para que se puedan criar y haberlos allá en abundancia, escribo al virrey de la Nueva España que envíe, de manera que lleguen a las dichas islas, doce yeguas, dos caballos, veinte y cuatro vacas y dos toros. Vos solicitaréis a la pasada que se lleve en los navíos donde hiciereis el viaje; y de China y Japón se podrá proveer lo que más fuere necesario para la cría, y a estos labradores que ahora han de ir y a los dichos indios y principales, haréis que amansen y críen búfalos, porque con lo uno y lo otro haya bastante recaudo²⁹.

Estas eran as propostas reais para desenvolveras nas illas. Pero cal era o panorama rural co que se atopou Gómez Pérez ao chegar ás Filipinas? Cal a relación das xentes coa terra para obter recursos, cales os sistemas agrarios, a propiedade ou os cultivos? O monarca esixía como obxectivo, como temos xa visto, transformar os novos territorios —desbotada a creación dun imperio español da pementa e mesmo a conquista da China— nunha actividade agropecuaria que servira de fundamento para implantar unha economía de extracción metálica, como estaba a acontecer en América.

O noso gobernador pudo deseguida decatarse desta situación certamente polos informes dos seus subordinados, pero mesmo polo repaso dunha recente relación escrita por un freire franciscano a pedimento do doutor Santiago de Vera (1584-1590), o seu antecesor no emprego. Segundo Juan de Plasencia, que ese era o nome do relixioso, os habitantes orixinarios das illas moraban polo común en pequenas unidades de poboamento chamadas *barangays* (Scott, 1994: 4-6), mais existían algunas diferenzas entre elas. Nas que se dicían *terras altas* ou áreas montuosas, moraban naturais que cómpre situar en estadios pre-agrícolas, aplicados á caza, recolección e labranza do ouro. Eran os que os conquistadores alcumaron como *aetas* ou *negritos*. Pero a meirande parte dos montañeses practicaba unha labranza de autoconsumo, itinerante —precisaba de moito espazo—, que en termos máis técnicos se coñece co nome de *slash and burn*, a estivada na nosa cultura. Os plantios más salientes consistían en certos tubérculos —iñame (*dioscorea alata*) e taro (*colocasia esculenta*)— e cereais como o millo miúdo e, entre as elites, o arroz de secano (Junker, 1999: 234; Aguilar, 2013: 307). Nas *terras baixas*, as únicas nas que se instalaron os conquistadores hispano-mexicanos —chairas, áreas de ribeira mar e a carón de ríos

²⁹ *Ibidem*, f. 183v. Á chegada dos conquistadores, o búfalo asiático, chamado tamén *carabao* nas illas, non era aínda un animal doméstico e poboa os montes e espesuras como calquera besta ventureira. Polo demais, o sistema agrario non precisaba de medios de tracción e arrastre.

e lagoas—, practicaban tamén unha agricultura de autoconsumo, baseado en raíces, legumes e tubérculos comestíbeis e arroz de secaño (Aguilar, 2013: 299) que combinaban con algúns intercambios e, as máis das veces, mesmo co espolio de barangays veciños. A modalidade de cultivo era tamén o *slash and burn*, para a que empregaban apeiros moi elementais —pau agrícola— e traballo comunitario. Combatían os bairos rendementos co barbeito longo e intercalando millo miúdo na colleita de arroz (Alzina, 1996-98: III, 32-34) e non coñecían o arado nin a tracción animal (Plasencia, 2012: 84-85). A insuficiencia do produto agrario quedaba compensado coa práctica de actividades de auxilio —polo común, téxtil de algodón e de abacá—, pequenos intercambios coas xentes do monte e saqueos noutros barangays como levamos dito. A apropiación do producto final era individual e familiar e as formas de relación co territorio achegábanse ao primitivo comunitarismo —existía pouca poboación e o chan era abondoso— e mesmo á escravitude, xa que logo a escasa forza de traballo facía dela un ben moi apreciado.

No entanto, nalgunhas terras baixas, pero moi poboadas, como na Pampanga ou nas chairas de Luzón e Laguna, existía xa unha agricultura de regadío e más comercializada. Tratábase dunha práctica cíclica no longo prazo en relación co tamaño da poboación, de modo que regresaban ao cultivo extensivo, que producía un alimento más apetitoso, cando a poboación minguaba, e retornaban ao intensivo e pouco saboroso cando os habitantes aumentaban, algo que xa foi descrito para culturas más recentes (Boserup 1972: 46-54). Nestes territorios de espazo agrario reducido e poboación abondosa describíanse xa formas de propiedade privada ou de apropiación do chan (Plasencia, 2012: 85). En resumo, á chegada dos conquistadores os labregos orixinarios mantíñan unha relación simbiótica coa terra que os sustentaba, sen apenas alteracións de consideración na paisaxe rural. Mudou isto coas guerras de conquista? A resposta non pode resultar máis que positiva. Trocaron tanto o sistema xurídico como a tecnoloxía agraria, provocando unha destrución desa relación simbiótica e modificando a ligazón entre homes e terras para a obtención de recursos. Vexámolo polo miúdo.

Á chegada duns conquistadores con superioridade militar, os habitantes orixinarios ofreceron unha resistencia inicial pouco efectiva, pois as poboacións estaban moi illadas e os barangays desprovistos de vencellos políticos entre si. Mais cando entenderon que o obxectivo dos *kastillas*³⁰, sen bases de abastecemento próximas, era a permanencia no territorio, mudaron de estratexia e principiaron a fuxir aos

30 Alcume co que os habitantes orixinarios sinalaban aos hispano-mexicanos.

montes con tódolos seus e deixaron perder as sementeiras, desamparandoas, na esperá de rendelos á fame. Dese xeito, os hispano-mexicanos quedaron sen opcións para proseguir a conquista por falta de intendencia. A quebradura deste paradoxo acadouse coa imposición dun tributo persoal aos naturais xa sometidos ao dominio español. O tributo equivalía polo xeral a 8 reais de prata por familia, aboados en alimentos —especialmente en arroz— e servizos persoais (Alonso Álvarez, 2009: 181-222), o que esixía un traballo duplo para os labregos, que tiñan que alimentar as súas familias e mais os achegados alleos. E para iso foi preciso acudiren a unha maior intensificación dos cultivos, forzando os sistemas de regadío. Esta fonte de avituallamento permitiu en pouco tempo avanzar na conquista, abandonar os territorios insulares do sur e desprazarse ao norte máis desenvolvido onde ocuparon a cidade de Manila (1571), que converteron na súa capital.

Pero a continuidade da conquista pola illa de Luzón produciu derivadas insospeitadas. Os hispano-mexicanos empregaban como forma de choque nos enfrontamentos a unha parte da poboación nativa aliada —como na experiencia mexicana que algún deles aínda recordaba. Iso significaba que se estaba a reducir a poboación indíxena polas numerosas baixas experimentadas, o que minguaba o número de labregos tributarios e polo mesmo de alimentos e recursos. A caída da poboación, que está ben documentada (De Bevoise, 1995: 20; Newson, 2009: 4 e 24-36) e non foi tan catastrófica como en América, non obedeceu no arquipélago tanto a un intercambio bacteriano como noutros lugares do imperio español. A dispersión da poboación e a condición insular tiñan minguado os contaxios por epidemias, que de teren existido serían en todo caso anteriores pola presenza portuguesa nas illas veciñas. A hipótese máis plausible sería, pois, a de que a caída da poboación estivo ocasionada por unha concorrencia de factores: as guerras de conquista e as mortes en combate dunha banda, pero tamén doutra polas destrucións de cultivos, os pasamentos por extenuación e fame, a fuxida dos nativos aos montes, as pragas de lagosta que asolaron as sementeiras e a chegada da epidemia do mal das vexigas. O resultado foi o afundimento da producción agrícola, que aparece evidenciada nos textos dos contemporáneos (Morga, 1609: 165r; Chirino, 2000: 254r-254v). Esta caída da poboación —só na illa de Panay, unha das más castigadas, baixou entre 1568 e 1570 un 85% (Chirino, 2000: 254r-254v)— coincidiu no tempo co incremento da demanda de alimentos: aos naturais e militares hispano-mexicanos sumáronse tamén os chineses que moraban en Manila dende os anos setenta en cantidades notables, atraídos polo brillo da prata que viña de América nos primeiros galeóns.

Como lograron os hispano-mexicanos librarse desta situación? Coa xeneralización dunha agricultura aínda más intensiva como era a europea e de maiores

rendementos, baseada no arroz de regadío a xeito de cereal dominante (Aguilar, 2013: 300). Como instrumentos, empregaron o arado traído da China, a tracción animal —domesticaron o búfalo asiático, o *carabao*— e a construcción de presas en ríos e lagoas para regular a entrada da auga e favorecer o transplante das sementeiras. Dese xeito, en pouco tempo puideron recoller alimento abondoso para manter a poboación e produtos imprescindibles para servir ao comercio do galeón, como madeiras, cordas e velas para a construcción naval, caixóns e fardos para o empacado e rancho para seis meses de navegación ata Acapulco.

E de que se valeron os hispano-mexicanos para acadar ese obxectivo? Non foi a expedición dos cen labregos ordenada polo monarca a Gómez Pérez, que fracasou por partida dupla, malia o que relata algún erudito (Crossley, 2016: 31). Das Mariñas non puido obedecer a resolución real de xeito adecuado porque non houbo lugar para tanta xente na frota que os levaba a terras novo-hispanas. O segundo intento de levar labregos ás illas, foi co gallo da viaxe de Diego Ronquillo de Peñalosa, que desempeñara o cargo de gobernador substituto nas illas tras a morte do seu tío Gonzalo Ronquillo, e que se achaba na península. O rei Felipe encomendoulle de novo a misión, recordándolle como mandara «a Gómez Pérez das Mariñas [...] que levara cincuenta labregos e outros cincuenta poboadores casados, [que] pola incomodidade dos navíos en que fixo a viaxe non o pudo acadar»³¹. Dise xeito, e refírese a Ronquillo,

os mando que pues no todos los que residen en las dichas islas han de ser soldados ni mercaderes y es tanta la riqueza y prosperidad que promete tie-rra tan nueva, que nunca ha sido disfrutada y de donde tan gran esquilmo y abundancia se espera, juntéis en las partes y lugares de estos reinos [...] hasta los dichos cien hombres, los cincuenta labradores y los otros cincuenta pobla-dores, y llevarlos habéis a las dichas islas en el navío en que hubiereis de hacer el viaje conforme a la orden que os tengo dada, donde serán acomodados del matalotaje necesario y allá se les han de poner casas y aperos para que puedan labrar en la tierra y tratar de la crianza de ganados³².

Porén, Ronquillo non foi quen de xuntar as cen familias de labregos e colo-nos e non alcanzou a congregar máis que setenta, «e estes con moito traballo». Compareceu tarde con eles, ademais, para embarcar na frota de 1590 e houbo de

31 «Real Cédula a Diego Ronquillo, maestre de campo de Filipinas, encargándole que lleve a esas islas los cien pobladores y labradores que no pudo llevar el gobernador Gómez Pérez das Mariñas». Arganda, 11 de maio de 1590. AGI, *Filipinas*, 339, L.1, f. 241v-242r.

32 *Ibídem*.

agardar a que lle deran un navío para levalos. Mais a falta de entendemento cos funcionarios da Casa da Contratación, que tiña que financiar a operación, foi tal que non chegou a embarcalos e nin sequera sabemos se todo resultou ser unha artimaña de Ronquillo, pois á instancias da corte púxose en marcha unha pescuda que tampouco aclarou a situación³³. Das Mariñas, que esperaba a remesa en Manila, sinalaba ao respecto e moi alterado en carta ao secretario do rei: «Acó apareceu Diego Ronquillo e non trouxo sequera un labrego nin poboador, nin soldados, se non a súa sola persoa e moitas mercés [...]. Para finalmente descargar o seu anoxo como militar: «El é un mercador e sempre o ten sido [...], e nisto dáse moi boa maña; e para o demás é ben inútil»³⁴.

Fracasada a experiencia de levar labregos peninsulares ás Filipinas, quen secundou a introdución da agricultura europea no arquipélago foron os freires franciscanos que xa aplicaran unha experiencia acadada na Nova España que chamaron *congregacíons* e nas illas e outras partes do imperio cualificaron de *reduccións*. En todo caso, a denominación más coñecida era a de *doutrinas* ou *pueblos de indios*. Frente a dispersión da poboación en barangays, as leis da reducción esixían a concentración en poboacións más espazosas que facilitaran a prédica evanxélica entre os naturais. Pero esta concentración tiña repercuisións que aproveitou o poder político. Por unha banda, ao xuntar barangays en aldeas más espazosas, dotadas de parcelas familiares e comunitarias, a ninguén se lle escapa que as terras abandonadas pasaron a formar parte dos *baldíos* da coroa e transferidas polas autoridades en forma de *mercés* aos militares destacados na conquista, algo que figura en moitas das cédulas que o rei entregara ao gobernador Gómez Pérez das Mariñas e mesmo na súa Instrucción secreta³⁵. Nestas parcelas, en especial nas familiares —nas comunitarias mantívose o sistema de estivada— ía ser onde se practicara a agricultura más intensiva da que xa temos falado, coa introdución do arado, a tracción de sangue e o dominio da auga. Eran os propios frades —primeiro franciscanos, despois agostinos, dominicanos e xesuítas— os que congregaban a toque da campá os labregos indíxenas que acudían entre curiosos e asombrados a axexar como o *padre*, tras o repique de campá, enganchaba o *carabao* a un aparello de madeira e ferro para facer regos e sementar neles. Por outra

³³ «Petición de relación de gastos de la gente de Ronquillo», San Lorenzo, 7 de agosto de 1591. AGI, *Filipinas*, 339, L. 2, f. 15r-15v.

³⁴ «Carta de Gómez Pérez das Mariñas a Ibarra sobre situación general», Manila, 10 de Xuño de 1592. AGI, *Filipinas*, 18B, r. 2, n. 11.

³⁵ «Instrucción a Gómez Pérez das Mariñas», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. AGI, *Filipinas*, 339, L. 1, f. 177r-179r.

banda, o sistema de poboamento por redución facilitaba tamén o cobramento de tributos —os frades de doutrina encargábanse de numerar todos os veciños— e mesmo facilitaba a vixilancia militar dos nativos nun tempo de insistentes rebelións contra o poder español. É aquí onde tornamos a achar o noso gobernador Gómez Pérez, que recolleu e deu pulo a este novo sistema de poboamento botado a andar nos últimos anos de governo do doutor Santiago de Vera, o seu antecesor. En efecto, na Instrucción secreta devandita na que o rei lle debuxaba as liñas xerais da súa política díselle que tentara a «que se reduzan os indios a poboacións e que nelas teñan doutrina abonda». E máis adiante sinálase que se foran «reducindo a poboacións todos os indios que andasen espallados para que se poida ter conta deles»³⁶.

Con todo, estas mudanzas agrarias foron condición precisa, pero non abonda, para sostener a presenza dos *kastillas* no medio e longo prazo. Á altura dos primeiros anos noventa e na medida en que medraba a poboación hispano-mexicana e chinesa, que demandaban máis alimentos, e prosperaba o comercio do galeón, que precisaba de novos recursos, a agricultura daba xa sinais de afogamento. A acadar unha maior produtividade da terra e abastecer o mercado de Manila contribuí así o reforzamento da presión fiscal. Deste xeito, xeneralizouse a imposición do tributo, dos servizos persoais e das vendas forzadas (Phelan, 1959: 83-104; Alonso Álvarez, 2009: 223-260) en todos os territorios sometidos³⁷, polo que aumentou o número de contribuidores e, sobre todo, mudou a taxa do gravame, como indica a Instrucción dada ao gobernador Gómez Pérez: se antes de 1590 o tributo equivalía a 8 reais de prata por familia e ano, con certas desigualdades por provincias, a partir dessa data encareceuse a 10. Os dous reais aumentados foron destinados a pagas dos militares e frades de doutrina³⁸. Dese modo, a introdución dunha nova tecnoloxía rural, por unha banda, e a presión fiscal por outra, apremaron aos labregos nativos a acadar unha maior producción de alimentos e téxtils e, en suma, afianzou no medio e longo prazo a continuidade dos colonos hispano-mexicanos.

36 «Instrucción a Gómez Pérez das Mariñas», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. AGI, *Filipinas*, 339, L. 1, f. 185r e 186v.

37 O sistema tributario que afectou aos naturais das illas artellouse en torno a tres figuras fiscais: tributo, servizos persoais ou *polos* e repartimentos forzosos ou *bandalas*. Estes últimos consistían xeralmente na compra de alimentos aos labregos por parte do goberno a prezos moi inferiores aos de mercado, fixados previamente nun arancel, polo que a diferenza entre o valor real e o de arancel constituía una penosa carga fiscal. Tanto os polos como as bandalas non estiveron asentados nos libros oficiais de Contaduría, pero compoñían figuras tributarias xenuínas.

38 «Instrucción a Gómez Pérez das Mariñas», San Lorenzo, 9 de agosto de 1589. AGI, *Filipinas*, 339, L. 1, f. 185r e 186v.

Con todo, o anterior atinxía só a unha pequena parte da superficie agraria das illas, a que labraban os poboadores orixinarios. Outra grande parte das terras foi transferida directamente aos conquistadores. Eran cultivos abandonados polos naturais no proceso de reducóns que se integraron nos baldíos da coroa e que foron repartidos aos militares destacados na conquista, ordes relixiosas e, en menor medida, á aristocracia indíxena que colaborara cos conquistadores. Son as terras que empezaron a identificarse coas *facendas* ou *estancias americanas*, campos de labradío as primeiras e de pasto as segundas. Por xunto, puiden calcular que estes dominios tiñan unha extensión mínima de 150 mil hectáreas para as décadas finais do século XVI segundo un reconto sobre reparto de mercés feito polos correspondentes gobernadores³⁹, un proceso que se estende e se agranda de xeito exponencial no século XVII.

Pero quédanos un terceiro elemento que contribuíu ao tempo a dar maior estabilidade ao sistema colonial das illas Filipinas e que foi impulsado tamén polas políticas aplicadas polo gobernador Das Mariñas: o comercio do galeón, que distribuía sobre todo produtos chineses en México —e indirectamente tamén no Perú— a cambio da cobizada prata. Eses mesmos chineses visitaban xa o arquipélago dende moito antes da chegada dos hispano-mexicanos e vendían sedas e cerámica a cambio do ouro filipino, pero tratábase dun intercambio de pequena escala. A presenza dos conquistadores fixo medrar este comercio dende os anos setenta porque as transacóns se pagaban en prata, un metal que precisaban os chineses, pois no territorio dos Ming tributaban nese produto ao emperador e o único xeito de mercalo era con sedas, cerámicas e outras miudezas. De aí que o crecente comercio entre o Imperio celeste e as Filipinas principiara a regularse moi de cedo, por primeira vez en 1571 e 1573, e máis adiante de forma recorrente (Alonso Álvarez, 2013: 29-31). Pero tratábase de regulacións moi dubitativas pola forte oposición do Consello das Indias a un comercio que afastaba unha parte significativa da prata circulante cara a China, que non a tornaba a pór na circulación internacional, e competía con vantaxe, como vimos, nos mercados mexicanos e peruanos cos prezos moi altos das sedas de Toledo, Granada e Valencia. Ao remate, non lle quedou máis remedio ao goberno de Madrid que aceptalo como mal menor, pois era o único incentivo queatraía novos poboadores ás illas polas ganancias fabulosas que lle reportaban eses

³⁹ AGI, *Filipinas*, 309, n.1, caderno 4, fols. 37r-79v. As medidas históricas que figuran na documentación reducironse a actuais segundo estes criterios: a *cabalita* ou *balita* equivalía a 0,28 H^a (Irureta Goyena, 1893: 44); a *caballería*, a 42,79 H^a (Solano, 1991, 38); a *estancia mayor*, a 1755,61 H^a (*Ibid.*); a *estancia menor*, a 780,27 H^a (*Ibid.*) e a *suerte*, a 10,69 H^a (*Ibid.*).

intercambios na América hispana. É tamén neste punto onde aparece de novo a estrela do gobernador Gómez Pérez. Na súa Instrucción secreta figuraban ademais referencias ao devandito, pero sobre todo nas cédulas reais de 1593 que a súa prematura morte lle impidiu ler, o incorrectamente chamado *regulamento do galeón*, cando o Consello das Indias aclarou as propias dúbidas, e lexislou a favor del:

El Rey. Por quanto por convenir que se excuse la contratación de las Indias occidentales a la China y se modere la de las islas Filipinas, por haber crecido mucho aquélla y disminuido la de estos nuestros reinos de Castilla, que tanto conviene conservar, por cédula mía de la fecha de esta he proveído y mandado que de ninguna parte de las dichas nuestras Indias vaya a la China navío alguno, ni tampoco a las dichas islas Filipinas, si no fuera de la Nueva España⁴⁰.

En suma, a economía de base agropecuaria das illas acabou subordinada á economía de intermediación entre Asia e América pola grande mobilización de man de obra e excedente agrario —coleitas de arroz, carnes de vaca e *carabao*, augardentes e tabaco, madeira, téxtil, cordoaría e outros máis— que precisaba. E a terra, situada agora en lugar secundario, perdeu o valor simbólico que tiña para o conquistador-encomendeiro, que mudou cara ao oficio de mercador ou *cargador*, e tamén grande parte do seu valor de cambio. Era esa mesma terra que desde finais da centuria foi adquirida polas ordes relixiosas que construíron cima dela o seu patrimonio inmobiliario. Nesta refrega entre os intereses dos colonos e os da coroa gañaron os primeiros.

Conclusións

Antes da súa conquista polos hispano-mexicanos, a presenza dos poboadores orixinarios das illas non tiña producido unha alteración considerable dos ecosistemas. Acadaban os recursos para a súa mantenza en amplos espazos agrícolas sobre os que prevalecía o sistema de estivada con tecnoloxía moi rudimentaria. Polo tanto, apenas alteraron esa relación entre xentes e terras, pois estas se abandonaban periodicamente ao aflorar os rendementos decrecientes. En xeral, o chan era abondoso e o traballo mantiña polo mesmo un carácter comunitario, agás nalgunhas áreas moi minoritarias onde a escaseza de terras e o tamaño da poboación estendeu a propiedade

40 «Cédula de Felipe II regulando el comercio con Filipinas y Nueva España», San Lorenzo, 11 de xaneiro de 1593. AGI, *Filipinas*, 339, L.2, 72R-73V

privada. A chegada dos conquistadores alterou este ecosistema pola falta de recursos para continuar a conquista e levou á imposición dunha ordenación tributaria sobre as poboacións sometidas, que obrigarón a realizar un esforzo adicional empregando tecnoloxía europea e chinesa que permitía maiores rendementos. Pero a caída da poboación derivada das guerras de conquista, por un lado, e a crescente chegada, por outro, de novos poboadores e a suba incontrolable da poboación de chineses que viñan ao comercio e ficaron como moradores de feito, alteraron por segunda vez este equilibrio e afondaron máis na destrucción dos ecosistemas mediante o réxime de reducións e a formación de grandes espazos dedicados á agricultura e sobre todo á gandería, que precisaba de máis terras. Máis mal que ben, acabaron por impoñerse os últimos obxectivos dos Habsburgo para as illas, que pasaron a asumir un carácter ofensivo-defensivo —fronte as agresións das Provincias Unidas e a defensa dos territorios portugueses a americanos—, e non se houberon de desamparar.

Neste proceso de mudanza dos sistemas agrarios, que se alongou unhas décadas (entre os anos setenta e noventa) con pasos adiante e atrás, desempeñou un papel singular un animoso funcionario real nacido na Galicia, cuxa divisa tiña unha estrela sobre bandas azuis e brancas, e que esmoreceu tan lonxe da súa terra en cumprimento das obrigas de gobernador e capitán xeneral.

Bibliografía

- AGUILAR, Filomeno V. Jr. (2013), «Rice and Magic: A Cultural History from the Pre-colonial World to the Present», *Philippine Studies*, 61 (3), pp. 297-330.
- ALBALADEJO MARTÍNEZ, María (2008), «Fasto y etiqueta de la casa de Austria. Breves apuntes sobre su origen y evolución», *Imafronte*, 19-20, pp. 9-19.
- ALONSO ÁLVAREZ, Luís (2013), «*E la nave va. Economía, fiscalidad e inflación en las regulaciones de la carrera de la Mar del Sur, 1565-1604*», en Salvador Bernabéu e Carlos Martínez Shaw (eds.), *Un océano de seda y plata: el universo económico del Galeón de Manila*, Madrid, CSIC, pp. 25-84.
- ALONSO ÁLVAREZ Luís (2009), *El costo del imperio asiático. La formación colonial de las islas Filipinas bajo dominio español, 1565-1800*, Ciudad de México, Instituto Mora & Universidade da Coruña.
- ALZINA, Francisco Ignacio (1996-1998), *Historia de las islas e indios Bisayas*, Madrid, CSIC, 3 vols. (edición de Victoria Yepes).
- ARGENSOLA, Bartolomé Leonardo de (1609), *Conquista de las Islas Malucas [...]*, Madrid, Alonso Martín.

- CALDERÓN, Carlos (2002), «[...] mando que si me llevare Dios fuera del Reyno de Galicia [...]. El testamento de Gómez Pérez das Mariñas, Gobernador y Capitán General de las Filipinas (Año 1592)», *Cuadernos de Ultramar. Revista Americanista*, 4, pp. 70-86.
- CALDERÓN, Carlos (2006), «Cambios y persistencia en la mentalidad nobiliaria galaica en el tránsito de la Edad Media a la Moderna según la literatura testamentaria: un estudio comparativo», *Anales de Historia antigua, medieval y moderna*, 39, pp. 1-18.
- CÁMARA MUÑOZ, Alicia (1991), «Las torres del litoral en el reinado de Felipe II: una arquitectura para la defensa del territorio», *Espacio, Tiempo y Forma*, 4, pp. 53-94.
- CASTELLANOS ESCUDIER, Alicia (s./d.), «Gómez Pérez das Mariñas Rivadeneira», en *Real Academia de la Historia, Diccionario Biográfico electrónico* [<https://dbe.rah.es/biografias/5395/gomez-perez-das-marinas-rivadeneira>].
- CHIRINO, Pedro (2000), *Història de la província de Filipines de la Companyia de Jesús, 1581-1606*, Barcelona, Pòrtic. Transcripción e notas de Jaume Górriz.
- COLÍN, Francisco (1663), *Labor evangélica [...]*, Madrid, José Fernández de Buendía.
- COLLANTES DE TERÁN, María José (1998), «El juicio de residencia en Castilla a través de la doctrina jurídica de la Edad Moderna», *Historia. Instituciones. Documentos*, 25, pp. 151-184.
- CROSSLEY, John Newsome (2016), *The Dasmariñases, Early Governors of the Spanish Philippines*, London & New York, Routledge.
- DE BEVOISE, Ken (1995), *Agents of Apocalypse: Epidemic Disease in the Colonial Philippines*, Princeton, Princeton University Press.
- DONAPÉTRY IRIBARNÉGARAY, Juan (1991), *Historia de Vivero y su concejo*, Lugo, Diputación provincial de Lugo.
- EZQUERRA REVILLA, Ignacio Javier (s/d), «Antonio Mauricio Rodríguez de Pazos y Figueroa», en *Real Academia de la Historia. Diccionario Biográfico electrónico* [<https://dbe.rah.es/biografias/19787/antonio-mauricio-rodriguez-de-pazos-y-figueroa>].
- GÓMEZ CANEDO, Lino (1983), *Los gallegos en América. Entre el descubrimiento y la emancipación. Algunas notas y un guion provisional para escribir su historia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia e Instituto Gallego de Cooperación Iberoamericana.
- GONZÁLEZ ALONSO, Benjamín (1970), *El corregidor castellano (1348-1808)*, Madrid, Instituto de Estudios Administrativos.
- IGLESIAS BLANCO, Anastasio S. (2014), «Breve apunte bibliográfico sobre don Diego Pérez de las Mariñas, señor de Xunqueiras, Parga y Cillobre», *Minius*, 22, pp. 151-167.

- IRURETA GOYENA, Ramón (1893), *Sistema métrico decimal de pesas y medidas. Antiguo sistema de pesas y medidas de Filipinas [...]*, Manila, Tipografía Amigos del País.
- JUNKER Laura Lee (1999), *Raiding, Trading and Feasting. The Political Economy of Philippine Chiefdoms*, Honolulu, University of Hawai'i Press.
- LAMIGUEIRO, Xosé Lois (2008), «Os Teixeiro de Malados, antepasados de Dona Emilia Pardo Bazán», *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 15, pp. 263-286.
- MORGA, Antonio de (1609), *Sucesos de las islas Filipinas [...]*, México, Gerónimo Balli.
- NEWSON, Linda A. (2009), *Conquest and Pestilence in the Early Spanish Philippines*, Honolulu, University of Hawai'i Press.
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, José Raimundo (2001), «Gómez Pérez das Mariñas, capitán general de Murcia en el último tercio del siglo XVI», *XXVII Congreso Nacional de Cronistas Oficiales*, Murcia, Asociación de Cronistas Oficiales de la Región de Murcia [<http://www.geocities.com/cronistabet>].
- OLLÉ, Manel (2018), «Proyectos de conquista y de comercio para China y el Sureste de Asia», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 48-2, pp. 79-99.
- PHELAN, John Leddy (1959), *The Hispanization of the Philippines. Spanish Aims and Filipino Responses 1565-1700*, Madison, The University of Wisconsin Press.
- PLASENCIA, Juan de (2012), «Relación de las costumbres que los indios solían tener en estas islas [...], Nagcarlan (Laguna), 24 de octubre de 1589», en Patricio Hidalgo Nuchera (ed.), *Los autos acordados de la Real Audiencia de las islas Filipinas de 1598 y 1599*, Madrid, UAM Ediciones, pp. 84-92.
- QUINTELA SALAZAR, Antonio (1590), *Genealogía de don [...], deán de Astorga, y de sus hermanos*, Astorga, BN, MSS/9645.
- REY CASTELAO, Ofelia (1998), «Los gallegos en América y Filipinas en tiempos de Felipe II», en Antonio Eiras Roel (coord.), *El reino de Galicia en la monarquía de Felipe II*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 473-498.
- SAAVEDRA, Pegerto (1985), *Economía, Política y Sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- SCOTT, William Henry (1994), *Barangay. Sixteenth-Century Philippine Culture and Society*, Quezon City, Ateneo de Manila University Press.
- SOLANO Francisco de (1991), *Cedulario de tierras. Compilación de legislación agraria colonial (1497-1820)*, Ciudad de México, UNAM.
- VELASCO HERNÁNDEZ, Francisco (2017), «La construcción de torres de defensa en el litoral de Lorca, Mazarrón y Cartagena durante el siglo XVI», *Mvrgetana*, 136, pp. 57-83.

VAAMONDE LORES, César (1916 e 1917), «Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes», *Boletín de la Real Academia Gallega*, 112 e 114, pp.111-118 e 169-176.

OS TRABALLOS DA VIDA.

Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XX

Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-19155-90-0; pp. 109-138

EL PODER DEL CONCEJO Y LA JUSTICIA PEDÁNEA. EL MODELO DE LAS COMUNIDADES RURALES DEL REINO DE LEÓN DURANTE LA EDAD MODERNA

Laureano M. Rubio Pérez

UNIVERSIDAD DE LEÓN

En el contexto de una sociedad eminentemente rural en la que, como diría el profesor Pegerto, «la pobreza estaba socializada» y los recursos económicos eran limitados, la mayor o menor fortaleza de cada comunidad rural dependía, no tanto del mayor o menor nivel de los propios recursos, cuanto de la mayor o menor capacidad de autogestión y de poder que cada comunidad pudo conservar ante la presencia y acoso del régimen señorial y del resto de oligarquías rentistas que interactuaron a lo largo de la edad moderna. En este contexto, tanto las estructuras territoriales, como el determinismo geográfico o físico del propio espacio, fueron claves en la configuración de un modelo social y agrario que, desarrollado en buena parte del territorio del reino de León, estuvo marcado por un carácter fuertemente colectivista o comunitario que hundía sus raíces en el proceso repoblador sufrido, conforme avanzaba la Reconquista, entre los siglos X y XIII. Este proceso repoblador fue determinante en un sistema de poblamiento dominado por las pequeñas villas y lugares autónomos, y por la ausencia de importantes núcleos urbanos. A su vez, bajo las directrices de los Fueros de León, 1017 o de Benavente 1164, los reyes leoneses no sólo extendieron durante la alta edad media un amplio dominio sobre estos territorios, sino que también dotaron a las nuevas comunidades vecinales de todo un conjunto de pequeños fueros que encerraban y justificaban tanto la capacidad de autogestión como la de autogobierno a través de la actuación comunitaria vinculada al concejo abierto.

Aún desde las diferencias territoriales, la impronta alto medieval, como la posterior y gran crisis bajomedieval cerrada por la actuación de los Reyes Católicos (en adelante RR.CC.), se nos presentan como factores determinantes de este modelo social y organizativo que durante siglos tuvo sus referentes fundamentales en la pequeña comunidad vecinal, que excluía al forastero, y en el concejo abierto de vecinos que, además de ostentar la legalidad jurídica en la que se amparaba su capacidad de autogestión, justificaba la mayor o menor fortaleza de la propia comunidad. Esto parece explicar tanto la permanencia en estas tierras de un sistema concejil a lo largo del siglo XIX, como la presencia actual en gran parte del territorio leonés de las denominadas juntas vecinales vinculadas al concejo. La Ley de Régimen Local de Castilla y León de 1998 (B.O.E. 18-8-98) es clara al respecto:

Los órganos de gobierno y administración de las entidades locales menores serán el Alcalde Pedáneo y la Junta Vecinal. Funcionarán necesariamente en régimen de Concejo Abierto los municipios con población inferior a cien habitantes y aquellas entidades menores y municipios que tradicionalmente lo vienen haciendo.

A diferencia de los núcleos urbanos, villas y ciudades, en los que la gestión concejil y el concejo abierto, caso de existir, dio paso a formas institucionales de supuesta representación mediante regimientos cerrados y patrimonializados, la mayor parte de las comunidades, villas y lugares, que conformaban el territorio del reino de León permanecieron bajo un sistema de autogobierno concejil en el que el concejo general o abierto de vecinos se consolidó como la forma institucional de organización y administración local. Esto favoreció que, en las comunidades rurales, tanto de condición realenga como señorial, el concejo siguiera siendo el eje vertebral de la vida comunitaria y de las relaciones externas, toda vez que, a diferencia de los núcleos urbanos, aquí el poder señorial o sus representantes no formaban parte de él y por consiguiente el concejo estaba compuesto exclusivamente por los cargos u oficios concejiles y por la comunidad vecinal¹. Dada la importante presencia de jueces ordinarios leguleyos nativos o vecinos de la misma comunidad, tanto en jurisdicciones

1 «El Concejo y vecinos de este lugar de Villa del Monte estando juntos y congregados en el sitio y como lo tenemos de costumbre para tratar y conferir las cosas tocantes y pertenecientes al servicio de Dios nuestro Señor y bien de esta república, especial y señaladamente Juan Escanciano y Domingo Martínez, regidores, José Blanco, procurador general, Antonio Blanco, Gregorio Rodríguez» (sigue la relación de vecinos presentes). Archivo Histórico Provincial de León (en adelante AHPL), *Protocolos Notariales*, caja 11254. *Poder del Concejo de Villa del Monte, año 1724*.

señoriales, como en toda una pléthora de villa y lugares con jurisdicción propia rea-lenga, vecinal o señorial, la presencia de estos en el concejo se considera más como un derecho vecinal que como la representación del cargo que ocupa, de ahí que en las referencias documentales o en los poderes concejiles y reuniones del concejo general se encabecen con la forma «vecinos y concejo o vecinos, concejo y justicia»².

Pero, el poder de los concejos no sólo quedó legitimado en la capacidad legis-lativa, reflejada en las propias ordenanzas concejiles, sino también en las diferentes formas de asumir el poder ejecutivo pedáneo, lo que dota al concejo de una capa-cidad jurídica que en determinadas competencias de autogobierno goza de plena soberanía, tal como se demuestra tanto a la hora de impartir la denominada justicia pedánea, como de establecer las relaciones y dependencias forales con unos señores jurisdiccionales que en modo alguno perdieron sus aspiraciones de dominio sola-riego (Rubio, 2015: 1513-1530).

La justicia pedánea y la gestión del común. Bases jurídicas y marco legal

a) Presencia, tipología e imposición de la justicia en el reino de León. La justicia ordinaria y la justicia pedánea o concejal

A partir de las reformas introducidas por los RR.CC. en el poder judicial y de la creación definitiva de las chancillerías y audiencias, en las que en nombre del rey estos altos tribunales impartían justicia en vía de apelación, o en primera instancia en los denominados casos de «casa y corte», la denominada como justicia ordinaria, tanto en la vía civil como criminal, no sólo estuvo ostentada por una minoría de jue-ces formados en leyes, corregidores y alcaldes mayores, sino por toda una pléthora de jueces leguleyos que bajo la denominación de alcaldes y jueces ordinarios no sólo formaban parte de la propia comunidad sobre la que impartían justicia, sino que en su elección anual intervenía directa o indirectamente el propio concejo para que pos-teriormente extendiese el nombramiento el señor o dueño de la jurisdicción. Así pues, mientras que corregidores y alcaldes mayores eran elegidos cada tres años por

2 En la villa de Tombrio de Abajo con jurisdicción propia y dependiente del nombramiento del conde de Torenó el concejo está compuesto por el conjunto de vecinos cabezas de casa, por los vecinos que ostentan los oficios, dos regidores un procurador y el juez ordinario electo como los anteriores cada año. «Sépase que nos, los vecinos y concejo, justicia y regimiento de esta villa de Tombrio de Abajo, provincia del Bierzo, reino de León y obispado de Astorga, estando juntos y congregados en el sitio acostumbrado de la casa de concejo, convocados a él por son de campana tañida...». AHPL, *Protocolos*, caja 2233.

el señor jurisdiccional y residían en la ciudad o villa cabeza de jurisdicción, y como tales altos funcionarios eran asalariados del propio señor, la cuestión se complica tanto con la presencia de alcaldes ordinarios como de jueces ordinarios o leguleyos, máxime si tenemos en cuenta que la jurisdicción de los primeros es acumulativa y sometida a los corregidores y alcaldes mayores, mientras que la de los jueces ordinarios leguleyos, especialmente en el realengo y en comunidades con jurisdicción propia, disponen de una importante capacidad jurisdiccional vinculada al concejo.

Mais, como dicimos, en bastantes ocasións *galego* non parece ser un xentilicio, senón un substantivo ou adxectivo que apunta a unha clase de invididuos caracterizados sobre todo desde un punto de vista social: pobre, humilde, sufridor...¹⁰. O meniño pode nacer *galeguiño* lonxe de Galicia e sen vínculos familiares nela, mais compartindo a condición dos galegos por escolla propia (2 *infra*.); o pastor galego incluso manifesta a vontade de abandonar a súa terra («ja non queiro mas Galiza, / ni suas asperas montañas», Lisboa 1647) para ir servir o neno, a seu pai e súa nai, sen xantar e sen soldada. Contrapونse así a condición do fillo de Deus, rei de reis, que podendo nacer en berce dourado, en palacio, escolle vir ao mundo dun xeito máis humilde có máis humilde dos fillos do pobo.

(2) Galego é na terra o reye (Valencia a. 1643).

Galeguiños, galeguiños, / ay, que os traygo que contar, / que o miniño garridiño / ha nacido galeguiño / esta noite em hũ portal. / [...] Galegos de la montaña, / corred a Belen prestiño / donde nasce un galeguiño / que no ay beleza tamaña (Lisboa 1647).

Ay! chégome a Belein, / ¡ay, ay! de meu cordeyro, / que sendo fillo voso / ech'ome y é galego (Segorbe a. 1649).

Solo vn Galego, cal nos, / Fizera lo que Deus faze, / Pois entre mula, y boy nace, / Como Galego, aunque Deos (Madrid 1665).

2. Nesta reivindicación de galeguidade chégase a afirmar que nace de pai galego e, sobre todo, de nai galega (polo físico —«é pintada galega», Lisboa 1645—, pola fermosura, por unha suposta vinculación con Compostela, etc.), e por extensión parente dos galegos (3 *infra*.). Pero a argumentación cobra unha forza especial ao poder afirmar que o nacido é curmán do apóstolo Santiago, patrón dos galegos, ao que está consagrada a gran catedral de occidente (4 *infra*.). En realidade a identificación dalgunhas tradicións co curmán, irmán ou medio irmán de Xesús faise co apóstolo Santiago Alfeo, non con Santiago o Maior, fillo do Zebedeo, a quen está

10 A pobreza de Galicia e dos galegos é emblemática. Stevens (1706: s.v. *GALLÉGO*) testemuña, como ampliación das acepcións «the North-West Wind; also a Native of *Galicia*», a seguinte información: «Prov. A Gallégo pedidór Castelláno tenedór. To a beggary Galician turn loose a Castilian that holds faft. The Castilians charge the Galicians with begging, because their Country is poor, and they recriminate, saying, they are covetous and hold faft». Non esquezamos que tampouco o «viento gallego» ten marcas favorables: «El día se ennegrece / sopla el gallégo insano», di frei Luis de León e recolle na primeira inclusión do termo o dicionario académico (RAE, 1734: s.v. *GALLEGO*).

dedicada a catedral compostelá, mais na argumentación popular iso é un accidente de pouca importancia. Cómpre ter en conta que ao longo do tempo a coincidencia onomástica deu lugar a continuas confusións —por veces interesadas— e á mestura de tradicións, como a inclusión no libro dos *Miragres de Santiago* de relatos sobre a vida, paixón e translación fantasiosa da cabeza de Santiago Alfeo, e mesmo as dúbidas sobre a atribución desta reliquia traída desde Xerusalén (a pesar de que a tradición xacobea xa partía dun corpo íntegro do Zebedeo no sepulcro compostelán). Ata a estrela que alumou o *Campus Stellae*, sinalándolle ao ermitán Paio o lugar en que xacía soterrado o sariego do apóstolo, ten vínculos de parentesco coa que guiou os Reis ata o portal (5 *infra*).

- (3) Ay! se nosso Deus galego se faze / vamos a cantar á chozinha en que nace.
 / Ay se sua may é de Compostela / vamos a cantar fermosa galega (Vila Viçosa 1637).

Alegrense os çeos, / teña prazer a terra / pois nace vn Galeguiño / honor de Compostela. / Que para dar a vida / era razon que fueira / fillo de o pai Galego, / y de mai Galega. / [...] / Trazamosle a Galiza, / pos e por liña recta / fillo do pai Galego, / y de mai Galega (Cádiz 1654).

Ay, pela nossa campiña, / tangei sedo a gaitiña. / Ay, tangelde o pandeiro / que ele se fará galego. / Ay, si he sua Nay tan bela / solo pode ser galega (Lisboa 1664).

Ay, de la miña terra / beño eu contente / porque Deos do Ceo / he já meu parente (Lisboa 1640).

- (4) –¿Dime, Domingón, | quién es este Neno? / –Primo de Santiago, | patrón de os Galegos. (Madrid 1629).

Miníño meu, vos sois Caualeiro, / pois primo sois do mais nobre Galego. / Casa vos ten voso primo en Santiago, / que ha Enriquecido depois que foy Santo (Toledo 1661).

- (5) Si a Estrela, que a os Reyes guia / Es de a nosa è prima hermana, / Como a parenta cercana, / Fagamos muyta alegria: / E Compostela este dia / Ajuntarà os seus Abades, / [...] / Santiago sea con vos, / Como Patron Souberano, / Pois do Neno, è Primo hermano / E quijo pousar con nos (Madrid 1665).

3. En apoio da galeguidade do meniño invócase ademais a similitud no xentilicio transmitido na tradición cristiá polo Novo Testamento e o que agora se propón: «Ao son de ò Miño, é Mōndego / Baylay, pois Deus nace acà, / Galego, que pouco vā / de Galileo a Galego» (Madrid 1665).

4. Tamén se orienta a reforzar ese perfil galego o uso de topónimos e hidrónimos recoñecibles fóra de Galicia (6 *infra.*); a equiparación establecida de xeito recorrente entre *Oriente* e *Ourense*, de onde é o meniño ou aqueles que o van adorar, sexa ao occidente de Galicia ou a Belén ou outros lugares (7 *infra.*); ou a mención dunha personalidade que se identifica con facilidade con Galicia, o conde de Lemos, en ocasións referido como «o conde» por antonomasia e usado de xeito recorrente como paradigma de excelencia e alta posición social (8 *infra.*).

- (6) Si naciera en la Coruña / fuera mais ben acullido, / en espigas de centeno,
/ que no en as pallas do trigo (Sevilla 1675).

Daynos a mula e o boy juntamente, / ansí vos fazan Oubispo de Ourense
(Toledo 1661).

Alegrense os çeos, / teña prazer a terra / pois nace vn Galeguiño / honor
de Compostela (Cádiz 1654).

Vna Mula ten, y vn Boy, / he si fora en Ribadeo, / solo con ò Boy, è a Mula,
/ fora mais rico que ò Crego. / [...] / Desnudiño entre huas pallas, / has
sopiñas vay comendo, / que assi crian suas mais / os fillos en Mondañedo.
/ [...] / Entre as pallas que nace, / està ò Neno moy trigueño / dà color que
he en Lugo / ò Divino Sacramento. / [...] / Po lo error do primer home /
vene a saluar os Galegos, / he ferido de tres Crauos, / passara a Cruz de
Ferro (Madrid 1667).

Leru, Leru, Leru, / veña a ver o Fillo de Deus, / Ferrol, Coruña, / Ribadaiva
y Lemos, / [...] / Querenle por suo cariño / as moças de Ribadeo, / [...] /
Veña Orense, é Compostela, / Vila Franca, é Monte Rey (Córdoba 1669).

Como si fuera Belen / A las orillas del Sil. / Toquen, toquen el tamboril
(Madrid 1660).

- (7) Como un oiro se adormece, / bastalhe ser galeguinho de Orence (Lisboa
1645).

Sois o mais donoso, / mais belo e mais fermoso / que de Ourence bino: /
ay, morrome por bós, / porque sois galeguinho (Lisboa 1646).

veñen desde Orense / hasta Compostela / para ver el Nino / Galegos,
Galegas (Toledo 1647).

Y a os Reyes de Orense / que chegan en camelos / mil cosas les diremos
(Segovia 1666),

- (8) ¡Ay! Galeguiño nace, derramando / perlas, / que o Conde de Lemos dize
a sua / presenza: / ¡Ay! Fermosiño, etc. (Toledo 1633).

Ay muyto pode dona / o mi Niño de o Celo, / ay, eres Fillo do Conde /
si no es fillo do Crego. / [...] / poys Galegos son, / é Deus es Galego. / E

pues le honran tanto / Manforte de Lemos, / ay eres Fillo do Conde, &c.
(Écija 1640).

Id para lá, e serei lo Galego / mais regalado que o Conde de Lemos
(Toledo 1661).

A ò Neno que está ò Portal, / fincan rodilla os Galegos, / que ainda mais
Excelencia / ten que ò Conde de Lemus (Madrid 1667).

Magestad tan bela, / en fermoso geisto, / no la tèn par dicas, / o Conde de
Lemos (Málaga 1671).

5. Os galegos recoñécenlo como o seu *rei* (9 *infra.*) ou con calquera outro título (*maioral, amo, cobodoneiro*¹¹, *procurador*) que indique que se someten sen reservas ao servizo, mando ou guía daquel que recoñecen como o seu *señor* e do que esperan toda sorte de benfeitorías que poñan límite ás penurias cotiás (10 *infra.*). As esperanzas dos humildes pastores van máis alá de seren redimidos do pecado orixinal, como proclama a doutrina cristiá, pois esperan del que salve os galegos, que poña remedio ás súas penalidades, que os libre da fame, etc. É tamén o *deus* dos galegos, e por tanto de Galicia (11 *infra.*).

- (9) Se entre todas las naciones, / que a Dios buscando se ban, / bamos tam-bien los gallegos / para o poder festejar, / porque dizen que he nacido / o rei dos galegos já, / he grande bentura a nossa / termos Rey nado acá (Lisboa 1646).

Tocay Galeguiños, / tocay a gaytiña, / que oy ha nacido, / o Rey de Galicia
(Madrid 1672).

- (10) Ay Folgense moito / os galegos lacayos, / que ja ten amo / galego e fidalgo
(Salamanca 1646).

iAy! Que es da nosa terra / o noso Mayoral (Toledo 1656).

- (11) De baylar non cesse Giletia, / Nen da gayta pare sonciño, / En tanto que
no Pesebriño / El Deus de Galicia se deita (Madrid 1668).

11 O termo aparece usado en diversas ocasións e sintagmas («El *cobo doneyro* / de mallada nuesa», Toledo 1647; «Ay, *covodoneiro* o chaman, / vamos a la sua mallada», Lisboa 1664; «Dexad o mi Nino / *cobodoneyro*», Sevilla 1672), pero non puidemos documentalo fóra do corpus dos vilancicos, nin en galego nin por equivalencia noutras linguas peninsulares. Tampouco Lapa (1930: 56 n) puido esclarecer o significado. Landeira, que se debeu atopar coa mesma dificultade, anota «polo contexto ‘pastorciño’» (1975: 339 n). Na nosa opinión, os contextos de emprego apuntan á liña denominativa de ‘xefe, maioral, guía’, non a un simple ‘pastor’.

6. A ínfima calidade de vida que se lles atribúe aos galegos, xunto cos padecementos dun clima adverso e da pobreza extrema, utilízanse neste contexto como trazo positivo na medida en que iguala os galegos co meniño e a súa familia. Por iso, afianzando a galeguidade, aparecen de xeito recorrente —non exentos de certo humor— trazos coma a desnudez do neno, que morre de frío e se afai aos máximos rigores (12 *infra.*); o costume de andaren descalzos, mesmo co calzado ao cinto ou ao pescozo (13 *infra.*); a escaseza alimentaria e a fame consuetudinarias (14 *infra.*); ou a penuria dos acubillos e a dubidosa confortabilidade da vivenda rural máis común (15 *infra.*). Únense a eles outras mencións de aspectos sociais e de cultura material que van completando o tipo: o pan centeo, os magostos de castañas, os nabos «como pinos», os teitos de colmo, o calzado de pau, o vestido de basto burel, a boa raza das mulas galegas, a vida na montaña, mozas nais solteiras, etc. Completan este perfil, como veremos, os agasallos que os pastores ofrecen ao neno.

- (12) Desnudiño entre huas pallas, / has sopiñas vay comendo, / que assi crian suas mais / os fillos en Mondañedo (Madrid 1667).
En lo desnudiño, / que es Galeguiño / non poide negar; / tocay, è cantay, etc. (Madrid 1672).
Dexad o mi Nino / cobodoneyro, / que xima, que praña, / que fique ao sereno; / ay, él se farà Galego (Sevilla 1672).
- (13) Galego es meu neno, | pois anda descalço (Madrid 1629).
Esta noche los Gallegos, / [...] / Con el çapato en la cinta, / por no tropezar con él, / van muy calcados de barba, / y muy lampiños de pies (Madrid 1672).
- (14) Traballo al pey de la seyrra / le mando, è si ha de payssar / hambre, è sed, para ayunar, / es famosa nosa teyrra (Madrid 1672).
- (15) Cata, Maruca, | o neno garridiño, / deitado nas pallas, | como os galeguinos (Madrid 1629).
Calá, que cando Deus nace / o Galego señas da, / que dond'ay boy, mula e palla / es de Galicia vn casal (Toledo 1658).
En el Portal los Gallegos / Hicieron su rancho aparte, / Porque siempre son amigos / de dormir en los Portales (Madrid 1673).

7. As características físicas (pel clara, cabelo loiro), que se lle atribúen de acordo cun canon de fermosura vixente na época e que o afastan do estereotipo xudeu, apuntan tamén a unha procedencia galaica verosímil no contexto peninsular, tanto del coma da súa nai:

- (16) Ay leueme Deus / si a morena do Ceo / non ten u fillo / qu'e todo galego
(Salamanca 1646).

Como un oiro es o menino: / bastalhe ser, minha fé, galeguinho. / [...] /
Como un oyro es la sua madre, / bastalhe ser galeguinho seu padre (Lisboa 1645).

Ay cachopiño belo / dochome a Deus / como sois Galego. / Ay miño pai
diuino / dochome a Deus / como sois Galegiño. / Ay cachopiño de oiro /
dochome a Deus / como sois fermoso. / Ay miño pay de vida / dochome
a Deus / como sois de Galicia (Jerez de la Frontera 1649).

venid, venid, Gallegos, / que en el Portaliño / con o vaqueriño / mas
blanco que armiño, / faze pucheyros; / ay él se fará Galego (Sevilla 1672).

8. A onomástica persoal está tamén ao servizo da configuración do personaxe, mais non tanto polo uso de antropónimos que os identifiquen axiña como galegos coma polo emprego de nomes que xa non están na moda ou de variantes hispánicas antigas, coincidentes ou non coas que, desde un punto de vista actual, poderíamos interpretar como tipicamente galegas (caso de *Domingos e de Bras*). Xunto a *Domingos* ~ *Domingo* (-guiñ-, -gón, *Mingo(s)*, *Mingote*), atopamos a *Bartolo* (-liño, -lillo, *Bert-*), *Llorente* ~ *Lorente*, *Toribio* (-iño), *Bras*, *Antón*, *Gil*, *Pascual*; como nomes femininos, menos frecuentes, *Gila* (-eta), *Maruca* (-quiña, -queta), *Dominga*¹². Todos eles contribúen a deseñar o perfil de aldeán e rústico, de personaxe afastado do padrón de actualidade e modernidade que definen os espazos urbanos. Compárese este repertorio onomástico co que nos ofrece nesta pasaxe un escritor contemporáneo, Alonso de Castillo Solórzano (1626, *Jornadas alegres*, fonte CORDE), moi habituado aos ambientes cultos cortesáns, que ao describir o *locus amoenus* condensa ben a percepción que existe sobre eles desde o punto de vista do canon da corte:

Vió en sus verdes márgenes sencillos pastores, y libres zagalas: aquéllos
guardando ovejas y cabras, y éstas apacentando blancas ánades. Tosco era
su trato, rústicas sus conversaciones, y poco urbano su estilo. Eran sus
nombres, Domingos, Lorenzos, Giles, Brases, Antones, y Toribios. Y los
de las zagalas, Mengas, Belillas, Pascualas, Brígidas, y Olallas.

12 Nun vilancico de León Marchante (Madrid 1673) encontramos *Domiño* e *Domiña* (a carón de *Domingo* e *Dominguiño*), que tanto podería ser hipergaleguización coma abreviación por elisión a partir de *Dominguín/-a*. A favor da primeira hipótese, a rareza de testemuños temperáns no corpus; da segunda, o feito de que a escolha non estea condicionada pola rima senón pola medida do verso. Fóra do período estudiado, cando abundan a deturpación e a imitación lingüística, hai más testemuños: *Domiños* (Madrid 1691), *Domiño(s)* (Sevilla 1693), *Dumiño* (Toledo 1775).

9. No plano material, os galegos ofrecen ao neno produtos característicos —non por iso exclusivos— da súa terra: sardiñas, castañas, mazás, pan de centeo, mantiñas de la, etc. Da pobreza destes presentes dá conta, cunha chispa de humor, este fragmento dun vilancico cantado en Madrid (1664); repárese, por exemplo, na equiparación do basto *saial* co fino e delicado *cambrai*, ou no cravo que non falta nos zaptiños rústicos, zocos galegos feitos con madeira e coiro:

(17) Aquestas mançaas,	Pastillas Gallegas
Memorias de Adan,	de menjui con sal.
Po lo encarnadiño,	Estos çapatiños
Las podeis tomar.	Rusticos calçay,
Aquesta cestiña	Que el cravo passado
De os ouos tomay,	Busca el pie galan.
Y para vna Bula	Vna çamarriña,
Este medio real.	Forrada de sayal,
Dominguiño roscas	Que de Monterrey
De centeo vos da,	Este è ò cambrey.
Aunque en vuestrlos braços	A ò buey, y a la mula
La ve de cristal,	Cebadiña train,
Tomay de sardiñas	Porque al trigo dexen
Diez ducias no mais,	La palla en que està.

A pesar da pobreza tantas veces reiterada, prométenlle ao meniño as bondades farturentas da súa terra, para animalo a que os acompañe a Galicia, onde ademais poderá vivir sosegado, agasallado polo amor dos galegos: «Tenemos muitas galiñas, / cabritiños, terneriñas, / mel, e queju, e mil cosiñas, / muito viño, e muito pan» (Toledo 1638).

10. Os pastores galegos agasallan o neno co seu canto, a súa música e os seus bailes, e todos eles serven para identificalos inequivocamente como galegos.

O instrumento musical que mellor os define é a *gaita*, omnipresente (referida como *gaita*, *gaita galega* e *gaita de/do fole*) (18 *infra*.). Aparece con frecuencia a figura do *gaiteiro*, pois semella que nun grupo de galegos nunca falta quen saiba tocar ou tanxer este instrumento, que se identifica coa alegria da festa. Forman tamén parte do elenco habitual a *frauta* ou a *churumbela*; o *pandeiro*; o *tambor* ou o *tamboril*; e as *castañetas ~ castañolas* (19 *infra*.). Acompañando aos anteriores son mencionados, aquí e acolá, de modo xeral como rexistros únicos, outros instrumentos musicais que presuntamente caracterizan á música popular e serían recoñecibles como tales polo auditorio, mais non temos elementos para asegurar se, ademais, eran

recibidos e identificados como típicos dos galegos: *bajon* (Lisboa 1640), *rabelinho* e *guitarrinha* (Lisboa 1648), *guitarra*, *rabequña* e *cascavel* (Lisboa 1650), o *cascabel* e *sonaja* (Madrid 1665), *oitabas*, *bioylas*, *soalhas*, *rabotes*, *genebras* e *castanhoylas* (Lisboa 1674). Sen dúbida os estudosos da historia da música atoparán, tamén, no corpus dos vilancicos, en calquera das linguas utilizadas, unha fonte de datos extraordinaria sobre a variación, uso e difusión dos instrumentos musicais de carácter popular.

- (18) Vna Procesion de gaytas / Al Portal tocando vienen, / Y en venir vnas tras otras, / que son Gallegos parecen (Madrid 1669).

Ay miño pai, chamaimo gaiteiro, / q[ue] queiro bailar con sao Domingueiro. / [...] / Veñan gaitiñas bolando, corriendo, / que ven festejar Infante tan velo (Toledo 1642).

Veña à Gayta, / Gayta de fole, / Gayta Galega, / Brando me sone, / Pois fuge à noite, / Tocai alborada (Madrid 1662).

- (19) Ay veño de Galizia galeguiño soi, / toco a gaitiña, pandeiro y tambor (Segovia 1665).

tocareis vos la gaytiña, / eu cantaré vna cantiña, / que a los tres faza prazer. / Galeguiños, veni,veni, / tocando con la flauta y el tanboril. / [...] / En vna dança muy vela / venga Domingo baylando, / e Bartolillo cantando / con frautiña e churunbela (Sevilla 1642).

Leru leru con la gayta, / las castañetas chàs chàs. / Tocay Dominguiño, tocay a compàs, / Turururu, y andar, correr, y baylar. / Suene ò tamboril rurururu à compàs. / Suene la gaytiña turururu, y andar. / Y la castañeta turururu a còpas (Madrid 1664).

A característica máis salientable do modo de bailar é o seu carácter *chouteiro*. Acáelle tanto o significado recto coma o figurado: en efecto, os danzantes *brincan*, *bulen*, fan *cabriolas*, dan *voltas* e *volttetas*, e *zapatetas* no chan... (20 *infra.*); e se atendemos ás frecuentes mencións, pódese concluír que na altura era proverbial o carácter alegre dos cantores e bailaríns galegos, en curioso contraste coa imaxe tristeira e melancólica do pobo galego que se impón noutros períodos. En (21 *infra.*) contrástase, precisamente, o presunto carácter propotípico dos casteláns —acaso pola gravidade e severidade que se lles atribúe— co dos galegos, quizais mediatizado polo estereotipo arcádico da cultura pastoril. Outras características mencionadas con frecuencia é que bailan e fan mudanzas en parellas, e o continuo movemento sexa dos danzantes sexa dos músicos (22 *infra.*).

(20) Ay, beñobos co sayo / chouteiro, chouteiro / para dar la bolta / bolta a lo ligeyro (Lisboa 1640).

Mingo day otra bolteta / mais em riba e mais perfeita, / e logo huma çapeta / que a sola faga estalar (Lisboa 1668).

Alto Galegos chegai á bailar. / Ay lerus leru à compás, / è dad cabrioliñas: / Ay lerus leru à compás (Sevilla 1671).

Tangeme Bartolo, / Y veras como trisco no polvo / [...] / E qual campanario, / Darey hua bolteta, / E nadie se meta / En fazerme treta, / Por que na gambeta / Me rompa los ollos (Granada 1673).

Outra bolteta / Pero Fernandez, / Outra bolteta, / Antes que vos vades (Madrid 1665).

- (21) Vn Castellano, y Gallego, / De genios tan diferentes, / Que vno està siempre llorando, / Y otro està riendo siempre, / Cada vno con su tema / Se entraron hasta el pesebre, / Y cantaron a su modo / Diziendo de aquesta suerte (Madrid 1670).

Ay, pois que cheghei a belo, / a el le tengo de cantar / unas cantigas galegas / para o poder alegrar (Lisboa 1646).

- (22) Con cumplida reuerencia / dan a la dança principio, / que en la reuevincia son / los Gallegos muy cumplidos. / Precediendo su passeo, / de dos en dos diuididos, / en mudanças de villano / mostraron noble cariño (Toledo 1661).

Baylemos de dos en dos, / Que outra cousa non fagades, / Outra bolteta / Antes que vos vades, &c. (Madrid 1665).

Tocay Galeguiños, / ay, ay, ay. / Correy, paray, è bolteay, / tocay, è cantay, / è andese a gayta por el Portal (Madrid 1672).

Tamén informan os textos sobre formas e estilos de música e de danza, de novo unha gran fonte de datos para os historiadores destes campos. Vaian para eles, co ánimo de suscitar o interese, só algunas mostras que xulgamos significativas:

- (1) Alentados llegan todos, / Y ciertos que vencerán / Las cantiñas de Galicia, / Folias de Portugal (Madrid 1664).

Tocay la Gallarda, / por Españoleta. / Tocay castaneyta. / Daré zapateyta (Madrid 1669).

A compás face as mudanzas / mui ligeiro de talón, / i con as boltas do peito / o vento en zaga dexou. / Logo se aprestou Lorente / mancebo de muita pro, / e botando a caperuza / as polainas esguezou. / Seis tangidos

das folías, / çapateadas bailó, / i con cada dos giradas / tembrando a terra quedou. / Salen logo catro de elos / con castañolas de box / y a porfía os repiquetes / facen raja ca tambor. / Os cruzados que por contra / tiñan ia, facen labor, / porque os lembra o soneciño / as mudanças de invención (Segovia 1674).

Cabo

Nesta viaxe polo corpus dos vilancicos galegos —ou, máis ben, que implican a lingua galega— cantados en igrexas peninsulares con anterioridade a 1675 percorremos medio século, posto que ata o momento non demos rexistrado ningún anterior aos impresos en Sevilla en 1626. Todos eles formaron parte da liturxia de Nadal e Reis, pois é a este ciclo ao que mellor lle acae a figura do pastor galego pobre como protagonista. Proceden, sobre todo do centro e sur peninsulares, cun grande impulso dado desde as cortes española e portuguesa e con moito vizo en catedrais e igrexas andaluzas; non hai noticia de que na altura houbese a mesma práctica en Galicia nin nas rexións noroccidentais lindeiras, polo leste e polo sur.

Centramos o noso obxectivo na configuración dun personaxe, a do pastor galego que acode cos seus presentes ao portal para agasallar o meniño que acaba de vir ao mundo. A motivación principal da súa presenza é que neno é *galego*, cualificativo que pode ser entendido como ‘de Galicia’ ou ‘de condición equiparable á común dos naturais de Galicia’, é dicir, pobre, humilde, sufridor, sacrificado... Os galegos asisten á celebración para honrar estoutro galego que recoñecen como o seu rei e do que esperan grandes mudanzas que os liberen de penalidades.

Na exposición detivémonos tanto nos datos aducidos na argumentación da galeguidade do nacido e da súa parentela (§§ 4.1-4.5), coma nos trazos que caracterizan os galegos, e en particular os de clase humilde, aos ollos dos públicos foráneos (§§ 4.6-4.10); trazos que, en definitiva, comparte amplamente o «galeguinho novo», e que por iso mesmo interesa pór de manifesto. No percorrido foron salientadas particularidades físicas, culturais e sociais: pel clara, cabelo loiro; pobreza extrema, fame, falta de recursos contra os rigores do clima; rusticidade no vestido e no calzado; vivenda inconfortable, leito de palla; familiaridade con mulas e bois; produtos de mantenza como sardiñas, centeo ou castañas; onomástica persoal anticuada... Mais, xunto coa pobreza, o que mellor os caracteriza é falaren unha lingua ben diferenciada e teren unha música, uns cantos e uns bailes que, ademais de seren a expresión pura da alegría, identifican estes executantes de xeito inequívoco como galegos. E este é o mellor presente que levan consigo ao portal.

Quixemos romper, outra vez, unha lanza por este corpus textual, que consideramos de grande importancia como fonte de información para a historia da cultura galega na idade moderna. Noutras ocasións procuramos mostrar o alto valor como fonte de datos non só para rescatar do esquecemento voces e trazos do galego de outrora, senón tamén, e sobre todo, para trazar a evolución lingüística nuns séculos que serían menos escuros vistos con estas luces. Esperamos que este percurso de hogano estimule a atención dos historiadores deste período, cunha apelación especial aos musicólogos, pois temos a certeza de que coa súa esperteza atoparán novos aspectos de interese e afondarán mellor nesta perspectiva, e diso poderemos aproveitar todos. Certo é que a tarefa sería máis doada se dispuxésemos das necesarias edicións filolóxicas que orientasen nun corpus que oscila entre a autenticidade, a imitación, a parodia e a deturpación na transmisión, pero non o é menos que ese labor dos filólogos ten que ter por alicerce un traballo pluridisciplinar no que, como mínimo, deben participar investigadores dos campos da Historia, da Musicoloxía e da Filoloxía.

Referencias textuais

- | | |
|---|-------------------------------------|
| Cádiz 1654 = BNE: VE/92/18(2) | Madrid 1664 = BNE: VE/88/62 |
| Córdoba 1669 = BNE: VE/127/61 | Madrid 1665 = BNE: VE/91/17/3 |
| Écija 1640 = PN: ME/641 (3) | Madrid 1667 = BNE: VE/88/64 |
| Granada 1673 = BNE: R/34987/8 | Madrid 1668 = BNE: VE/77/33 |
| Jerez de la Frontera 1649 = BNE: VE/88/16 | Madrid 1669 = BNE VE/91/18 |
| Lisboa 1640 = Lapa 1930: 33 | Madrid 1670 = BNE: VE/88/66 |
| Lisboa 1645 = Lapa 1930: 30 | Madrid 1672 = BNE: VE/88/67 |
| Lisboa 1646 = Lapa 1930: 44 | Madrid 1673 = BNE: R/34988/51 |
| Lisboa 1647 = Lapa 1930: 47 | Madrid 1675 = BNE: VE/88/69 |
| Lisboa 1647 = Lapa 1930: 49 | Madrid 1691 = BNE: VE/91/64 |
| Lisboa 1648 = Lapa 1930: 50 | Málaga 1671 = BNE: R/34980/2 |
| Lisboa 1650 = Lapa 1930: 51 | Salamanca 1646 = VE/1196/1 |
| Lisboa 1664 = Lapa 1930: 55 | Segorbe a.1649 = Pensado 1991: 436 |
| Lisboa 1668 = Lapa 1930: 59 | Segovia 1665 = Villanueva 1994: 228 |
| Lisboa 1674 = Lapa 1930: 61 | Segovia 1666 = Villanueva 1994: 229 |
| Madrid 1629 = Villanueva 2002a: 211 | Segovia 1674 = Villanueva 1994: 231 |
| Madrid 1660 = BNE: VE/88/59 | Sevilla 1626 = BNE: VE/1309/2 |
| Madrid 1662 = BNE: R/34988/36 | Sevilla 1626 = BNE: VE/1309/3 |

Sevilla 1642 = BNE: VE/1309/15	Toledo 1647 = BNE: VE/88/14
Sevilla 1661 = BNE: VE/1309/20	Toledo 1656 = BNE: VE/88/22
Sevilla 1671 = BNE: VE/83/4	Toledo 1658 = BNE: VE/88/24
Sevilla 1672 = BNE: VE/1309/27	Toledo 1661 = BNE: VE/88/26
Sevilla 1675 = BNE: VE/1189/22	Toledo 1775 = BNE: R/34983/9
Toledo 1633 = BNE: VE/88/1	Valencia a.1643 = Pensado 1984-85: 668
Toledo 1638 = BNE VE/88/5	Vila Viçosa 1637 = Michaëlis 1904: 789
Toledo 1642 = BNE: VE/88/9	

Bibliografía

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (1959), *Escolma da poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*, Vigo, Galaxia.

ÁLVAREZ, Rosario (2007), «Autenticidade, imitación e parodia na lingua dos vilancicos en galego do século XVII», en Helena González Fernández e María Xesús Lama López (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional AIEG: Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*, Sada, Ediciós do Castro / AIEG / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), px. 703-719 <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2944801>>.

ÁLVAREZ, Rosario (2017), «A lingua galega no espello. Edición e estudo de seis vilancicos cantados fóra de Galicia antes de 1650», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 20 (Número especial), px. 215-229 <<https://doi.org/10.5209/MADR.56219>>.

Ben-Cho-Shey = [RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA, Xosé] (1969), «Festas de Nadal: o galego foi a lingua oficial do vilancico en España / por Ben-Cho-Shey», *Chan. La revista de los gallegos*, 20, px. 30-31.

BOUZA BREY, Fermín (1967), «Villancicos gallegos en los templos de Castilla en el siglo XVII», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 22, px. 337-341.

BRITO, Manuel Carlos de (1989), *Estudos de história da música em Portugal*, Lisboa, Estampa.

BUEZO CANALEJO, Catalina (1992), «La figura del gallego en los villancicos toledanos de los siglos XVII y XVIII», en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, A Coruña, Fundación Barrié, VI, px. 417-447.

CARREIRA, Xoán Manuel (1987), «Os ‘vilancicos de galegos’ na liturxia do nadal nas eirexas ibéricas e americanas nos séculos XVI ao XVIII», *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 68, px. 3-15.

- CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://corpus.rae.es/cordenet.html>> [abril-maio de 2022].
- FILGUEIRA (1942), *Cancionero musical de Galicia reunido por Casto Sampedro y Folgar. Reconstitución, introducción y notas bibliográficas por José Filgueira Valverde*. Reimpresión facsímile de la edición de 1942, A Coruña, Museo de Pontevedra / Fundación Barrié, 1982.
- LANCIANI, Giulia e TAVANI, Giuseppe (1993, eds.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho.
- LANDEIRA YRAGO, Xosé (1975), *Poesía galega. Dos devanceiros ao dezaoito*, Vigo, Galaxia.
- LAPA, [Manuel] Rodrigues (1930), *Os vilancicos. O vilancico galego nos séculos XVII e XVIII*. Lisboa: edición do autor.
- LOPES, Rui Cabral (2012), «O repertório de vilancicos da Capela Real portuguesa (1640-1716): vetores sociolinguísticos, implicações musicais e representação simbólica do poder régio», *Revista Brasileira de Música*, 25, 2, px. 277-285.
- MICHAÉLIS DE VASCONCELLOS, Carolina (1904, ed.), *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1990 [Reprod. facs. da ed. de Halle, Max Niemeyer, 1904].
- MOLL, Jaime (1970), «Los villancicos cantados en la Capilla Real en los s. XVI-XVII», *Anuario Musical*, 25, px. 81-96.
- NTLLE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*. <<https://apps.rae.es/ntlle/SrvltGUISalirNtlle>> [abril-maio de 2022].
- PENSADO TOMÉ, José Luis (1984-85), «Portugués y castellano en los villancicos de Juan Bautista Comes», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 100, px. 659-675.
- PENSADO TOMÉ, José Luis (1985), *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (ensayos)*, A Coruña, La Voz de Galicia.
- PENSADO TOMÉ, José Luis (1991), *Galicia en su lengua y sus gentes: ensayos*, A Coruña, La Voz de Galicia.
- REY SÁNCHEZ, Generosa (2010), *Lenguas y dialectos hispánicos en los villancicos del Siglo de Oro. Edición de villancicos españoles del siglo XVII (1621-1700)*. Tesis doctoral. Universidad de Salamanca. <<http://hdl.handle.net/10366/76518>>.
- RICÓN, Amado (1977), «Feixe de vilancetes galegos apañados nos fondos da «Hispanic Society of America» de Nova Iorque», *Grial*, 58, px. 455-479.
- TORRENTE, Álvaro (2016), «El villancico religioso», en Álvaro Torrente (ed.), *Historia de la música en España e Hispanoamérica. Volumen 3, La música en el siglo XVII*. Madrid / México, Fondo de Cultura Económica, 433-530.

VILLANUEVA, Carlos (1994), *Los villancicos gallegos*, A Coruña, Fundación Barrié.

VILLANUEVA, Carlos (2002a), «Los villancicos de los siglos xvii y xviii como crónica de la vida diaria», en Camilo Fernández Cortizo, Domingo L. González Lopo e Enrique Martínez Rodríguez (eds.), *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, px. 203-216.

VILLANUEVA, Carlos (2002b), «Villancico», en Emilio Casares Rodicio (dir.), *Diccionario de la música española e hispanoamericana*, Madrid, Sociedad General de Autores y Editores, px. 920-923.

VILLANUEVA, Carlos (2011), «Contra los villancicos de Nochebuena, o la gran fiesta al Dios que se hace hombre = Contra los villancicos de Nochebuena ou a gran festa ó Deus que se fai home», en Ramón Yzquierdo Peiró (ed.), *Ceremonial, fiesta y liturgia en la Catedral de Santiago = Cerimonia, festa e liturxia na Catedral de Santiago. 800 Aniversario Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago-Cabildo de la Catedral de Santiago, px. 278-292.

OS TRABALLOS DA VIDA.

Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XX

Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-19155-90-0; pp. 243-254

CANCIONEIRO DA SOTANA

Antón Santamarina

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nos números 84 (outubro de 1930) e 85 (xaneiro de 1931) da revista Nós publicou don Armando Cotarelo un *Cancioneiro da agulla* que, nese mesmo ano 1931, Ánxel Casal converteu en libro. O seu tema queda bastante claro no título: cantigas populares referentes a xastres e costureiras, que naquela altura eran traballadores más ou menos ambulantes pois ían de casa en casa dentro dunha determinada área. Son moitos os oficios ou profesións que serviron de tema para cantigas populares (ferreiros, canteiros, arrieiros, zarralleiros, teceláns, abogados, etc.) e entre as desta temática, maiormente coplas, están as que teñen como protagonista a figura do crego; por iso, inspirado en don Armando título este rascuño *Cancioneiro da sotana* (tamén podería chamarse *Cancioneiro do hisopo* ou *guisopo*, se simbolizamos a profesión nunha ferramenta das que usa o cura).

Pareceume acaído este tema para incluír nunha homenaxe a Pegerto Saavedra porque nalgúns dos seus escritos ten prestado atención ó clero secular da Galicia das últimas centurias. Ata hai poucos anos de algo que escaseaba dicíase que era «raro coma os bispos» pero en cambio os cregos, durante o século XX e os dous ou tres séculos anteriores, andaban moi espesos porque cada parroquia tiña o seu e ainda había parroquias que tiñan a dous e a tres. Se pasan de 3700 as parroquias galegas pódese deducir o que significaba a presenza numérica de curas na sociedade da época. É ben sabido que o cura da parroquia era o último elo dunha cadea xeráquica que non se limitaba só ó espiritual porque ata hai ben pouco o poder da igrexa invadía moitas esferas da vida civil. Abonda lembrar que áinda en 1813 Manuel Pardo de

Andrade, desde Londres, lle facía uns rogos á Virxe para que nos libraxe «dos nubeiros | da maldita Inquisición»; pero tiveron que pasar máis de vinte anos para que fose escoitada pola Virxe a demanda de Pardo de Andrade pois só foi definitivamente abolida en 1834; e mesmo despois de ilegalizado o Santo Oficio o poder da Igrexa na esfera civil continuou sendo grande, de feito áinda hoxe non temos un Estado netamente laico. Ademais o cura era un pastor; él era quen lles ensinaba ós fregueses o que tiñan que crer —o credo e os artigos da fe e outros dogmas que se foron incorporando ó iderario católico—, senón que tamén os orientaba como tiñan que obrar para ser bos cristiáns facéndolles aprender os mandamentos e recordándolles cales eran os pecados capitais. Ademais do púlpito tiñan unha ferramenta moi eficaz para penetrar na conciencia da xente: a confesión. A figura do crego estaba presente en moitos momentos importantes da vida das persoas: bautizos, casamentos, enterros e cobraba polos servizos que prestaba, fose pobre ou fose rico o destinatario dese servizo. Todo isto era bastante para que a súa figura fose tomada en moita consideración e non poucas veces dunha maneira crítica.

En efecto, o ministerio de coidar das almas era desempeñado por un home e como tal tiña as mesmas necesidades fisiolóxicas e os mesmos estímulos hormonais que calquera outro e como tal, tamén era obxecto dos ataques dos tres inimigos da alma: o demo, o mundo e a carne; algúns resistíanos pero eran moitos os que sucumbían a eles quedando desta maneira en evidencia, cando transcendían as súas debilidades, a contradición entre o que predicaban e o que facían. E iso deu pé para que un pobo burlón coma o galego tomase o crego como suxeito de moitas das súas cantares. Hainas tamén nos cancioneiros doutras linguas pero non ocupan unha proporción tan grande coma no galego. A miña colega Dorothé Schubarth, de cultura protestante centro-europea e familiarizada con cancioneiros de toda Europa, non daba crédito cando fixemos o *Cancioneiro popular* á frecuencia e ó desenfado con que os galegos trataban esta figura.

De feito, se se agrupan tematicamente as cantigas dos cancioneiros, dentro do capítulo de «oficios e profesións» o que produce o número maior de cantigas é o dos curas. Vou usar nos exemplos que cite a continuación textos extraídos dos cancioneiros de Blanco, Saco, Ballesteros, Tobío, Ventín, Lorenzo e Schubarth (Blanco, 1992; Saco, 1987; Pérez, 1885-1886; Tobío, 1985; Ventín, 2007; Lorenzo, 1983; Schubarth e Santamarina, 1984-1993)¹; cítos na orde cronolóxica na que foron

1 Blanco (1992), recolle textos desde 1745 (Sarmiento) ata 1885, data da publicación do *Cancioneiro de Pérez Ballesteros; contén todo o que apareceu disperso en publicacións así como en textos manuscritos depositados en bibliotecas, entre outros o Cura de Fruíme, Casal y Loís, Leite de Vasconcelos, etc.*

recollidas as cantigas —que non coincide ás veces coa data en que se publicaron—. Hai máis cantoneiros, pero os que manexo proporcionan un corpus moi representativo. Pois ben, nunha concordancia da obra deses oito autores coas palabras «cura», «crego» e «abade» (e algunas variantes) resultaron 725 entradas; é verdade que hai certas cantigas repetidas porque Blanco e Ballesteros inclúen cantigas de Saco ou Valladares; Blanco reproduce a Tobío e o cantoneiro daquela inédito de Casal y Lois entre outros; e tamén sucede con frecuencia que a mesma cantiga, idéntica ou con pequenas variantes, puido ser recollida na Limia, en Melide ou en San Martín de Lúa; pero aínda así resulta un carozo abundante de cantigas únicas.

Cabanillas, que é autor dunha coñecida antoloxía de cantigas (*Antifona da cantiga*, 1951), non puido obviar o tema dos curas, pero só inclúe dous exemplos (*O cura chamoume Rosa [...] e Señor cura, señor cura, | a doutrina non lla sei...*); pero era sabedor de que as cantigas de curas non eran todas tan inocentes porque recoñece que «no que toca ós cregos tan traídos e levados nos rueiros campesíos, sin menos cabio do reconocimento da súa virtude e bon consello, ós cantadores aprácelles chiscarlle o ollo e tirarlles pedriñas por xoldra e divertimento. Si ás vegadas a pedriña é un seixo nunca chega o sangue ó río e a sotana sai sin lixo da liorta» (Cabanillas, 1951: 35). É un xuízo que se axusta pouco á verdade porque as coplas que recoñecen a virtude e o bo consello son moi poucas en comparanza coas que levan un seixo cheo de lixo que deixa a sotana necesitada de bogada.

E imos xa co cantoneiro da sotana. Comezo polas cantareas que son laudatorias, non moitas; en xeral non falan das virtudes do crego senón do belo que é e do fino e ben traxeado que anda. En realidade neste tipo de cantigas abundan as que enxalzan o cura da propia parroquia fronte ó de parroquias veciñas; poderían clasificarse tamén entre as coplas que expresan a rivalidade entre parroquias poñendo como testemuño a figura do crego.

*O señor abade d'Entrimo, | cariña de primaveira,
cando entra par'a igrexa, | os mismos santos s'alegran* (Saco, 1987: §157).

*O señor abade d'Entrimo | tén a capa na roseira;
vámola ver, queridiños, | vámola ver como cheira* (Saco, 1987: §157).

*O crego de Bastavales | tén un caravel no libro
que llo mandou de regalo | o cura de Bugallido* (Tobío, 1985: §372).

*Miña Virxe dos Dolores | ¿o voso cura quen é?
Unha rosa churumada | con unha retrama ó pé* (Blanco, 1992, I: §3).

*O señor cura d'Olveira | vestidiño de marello
nā vilā de Santiago | non entrā millor espello* (Schubarth, 1988: §654).

*Señor cura de Moraime | cando vai desi-lá misá
dá ia voltā no altare | vivā la flor de Galicia* (Schubarth, 1988: §653).

*Señor cura de Colúns | sentadiño na ventana
ca súa cadena d'ouro | relumbra a tod'España* (Schubarth, 1988: §656).

*Señor cura d'Ameixenda | tén a camisa rachada
vén a cab'o de Villestro | vintecinco na boghada* (Schubarth, 1988: §670f).

*O abade de Corzáns | non tén camisa ningunha
viva o da nosa parroquia | que pr'on cento fáltall'unha* (Schubarth, 1988: §665).

*O señor cura de Cuiro | non ten capa nin capelo
o señor cura de Beba | tén unha de tersiopelo* (Schubarth, 1988: §671d).

Non son moitas as coplas nas que se deosta ou caricaturiza o crego. Socioloxicamente quizais só se poden interpretar como demostrativas da pouca estima que se sentía polo personaxe.

*O creguiño de Sueiro | moi pequeno se quedou
que naceu no mes de agosto | e coa seca non medrou* (Pérez Ballesteros, 1885, I: §57).

*O cura de Sabucedo | a mailo de San Quintánhe
para un carro de pedra | mellor parexa n'a fanhe* (Schubarth, 1988: §677).

*Raíses con alcasén
comíaos o cura d'Arcos | mira qué barrigha tén* (Schubarth, 1988: §676).

*O señor cura de Zanfoga | tén unha pena que o mata
naceull'un pelo no cu | com'o corno dunha vaca* (Schubarth, 1988: §697a).

*Ios collois do cura vello | van nun carro car'o inferno
i a criada vai detrás | tó Castaño vent'ó rego* (Schubarth, 1988: §704).

*Señor cura señor cura | que ben ll'está a chaqueta
xa tén os cóbados rotos | de toca-la pandereta* (Schubarth, 1988: §736).

Pero é o ámbito dos pecados capitais o que dá lugar a un número maior de cantareas relacionadas co cura, nomeadamente o pecado segundo, a avaricia, que Astete definía como «apetito desordenado de hacienda»; o terceiro, a luxuria, «apetito desordenado de sucios y carnales deleites» e en menor medida o quinto, a gula, «apetito desordenado de comer y beber».

Era opinión xeneralizada que a o cargo de párroco, ou o de simple cura, ainda sen tenencia de parroquia, era ben remunerada; hai un refrán ben coñecido que o acredita: «na casa do señor cura cando non chove barruza»; e outros menos

coñecidos como «ó que a crego se mete non lle faltará molete» —aínda que, como sempre, tamén hai refráns que serven para acreditar o contrario: «crego d'aldeia, moito canta e pouco medra»—. Ó ben remunerado que estaba o cargo podía engadirse con frecuencia a avaricia de quen o desempeñaba, do cal hai tamén constancia no refraneiro: «Gorrións, cregos e frades, Dios nos libre de tan malas aves» (Ventín, 2007). Dispor de bens permitía unha vida regalada, como tamén acredita o refraneiro: «Comer e folgar, vida de capellán». Cando os oficios se celebraban en latín había unha parodia moi coñecida do *Dies irae* —cantado nos enterros— que rezaba así: *Se é rico e paga ben | comámoslle canto tén | se é pobre e non ten nada | vaia axiña prá furada*. Así é que este tema é motivo dun bo número de cantigas; entre elas algunas como as seguintes:

*Tódolos curas, miniña, | todos gastan boa capa,
bo sombreiro, boa mula, | bo gabán, boa casaca* (Blanco, 1992, II: §3494).

*Almorsei en cas do crego, | hei de volver a xantar;
se no'm'arrimo a quen tén, | quen non tén, non tén que dar* (Saco, 1987: §111).

*O melro canta na viña, | o reisiñol no loureiro,
os cregos cantan na igrexa | serven a Dios por diñeiro* (Lorenzo, 1983: §1704).

*A Virxe do Rialijo | tén o tellado de pedra
ben o podía ter d'ouro | s'o cura non llo comera* (Schubarth, 1988: §833b).

*Leirado tén doux abades | que nos rouban á porfía
os doux andan mangoneados | coa Pilara de Sofía* (Schubarth, 1988: §682).

Hai, despois, un bo número de cantigas que se refiren ás relacións entre curas e mulleres. Imos ver algúns exemplos agupándoos por afinidades. Podemos facer, en primeiro lugar, un pequeno grupo con aquellas cantigas nas que se presenta o crego só como pretendente.

*O crego cando pretende | pretende nas teselanas:
tres Mariás, tres Antonias, | tres Anas, tres Xulianas* (Tobío, 1985: §371).

*O cura de Barrabás | doull'o Demo un asubío
para chamar as rapazas | cando van pró muíño* (Blanco, 1992, II: §3462).

*As mocíñas de Pereiro | son poucas e reboubiotas
qu'acuden os curas èlas | com'os porcos ás ablotas* (Schubarth, 1988: §442bis).

*Esto de pela-la pava | ándache por tod'a terra
qu'asta os señores curas | preguntan donde se pelan* (Schubarth, 1988: §398).

Aínda que os requisitos do crego son por veces desatendidos de maneira clara.

*O cura chamoume rosa, | eu tamén lle respondín,
desas rosas, señor cura, | non as ten no seu xardín* (Blanco, 1992, I: §199).

*Arrenégote Demonio, | desconxúrote enemigo:
o cura desta parroquia | queríase casar conmigo* (Blanco, 1992, I: §1300).

*O señor cura miroume | díxome qu'era galana
señor cura mir'o libro | a osté non ll'importa nada* (Schubarth, 1988: §741b).

Hai, pola contra, un gupo de cantareas no que son as mulleres as que buscan ou aceptan de bo grado os favores do crego, o cal é esperado porque o crego pode agasallalas con regalos (diñeiro, xoias, pezas de roupa...). Teño sentido moitas veces que nunha casa de Llencias (parroquia de San Martín de Suarna) a principios do século pasado unha muller, no leito de morte, lle confesou a unha visitante: «desta morro e a peor pena que levo pró o outro mundo é que nunca valín prós curas», declaración que non sorprende se temos en conta o que supuña na época a condición de irmá celibata vivindo na casa do meirazo. Ás veces os amores da muller co crego disimúlanse cunha reviravolta metafórica.

*Farruquiño, meu amor,
estudía para crego | sera-lo meu confesor* (Pérez Ballesteros, 1885, II: §27).

*Joseíño, vai de cregho, | lévame de túa dama
eu contigo fagho vida | anque sea na montaña* (Schubarth, 1988: §764).

Margaritiña, relouca, relouca | porque o crego non lle da a touca (Sampedro, 1942: 37).

*Xa me levantan as miñas veciñas | qu'ando co cura debaixo das viñas
e se ando faigho moi ben | no meu e no del non manda ningúén* (Schubarth, 1988: §746b).

[...] i o Peruxiño asustado | deu un brinco e foi a cociña.
—Levántate miña sogra | que teño a muller parida
i eu non sei quen é o pai | a ver se conoz'a cría.
—O pai éch'o señor cura | —dixoll'o demo da vella—
pero ti non digas nada | que nos dá moitas cadelas [...] (Schubarth, 1988b: §67a).

*Non sei quen ha de sabere | dond'a rula tén o niño
téno na horta do cura | no máis alto carballiño* (Schubarth, 1988: §698a).

¿Dónde vés María? | Veño da verdura.

Ai qué ricas coles | tén o señor cura (Schubarth, 1988: §744).

*Aquela miniña | a quen Dió-la axude
iba en cas'do crego | iba polo lume;
non levaba cacho | nin levaba nada,
¡nin levaba traza | de muller honrada!* (Pérez Ballesteros, 1885, II: §9).

Con todo, namorarse dun crego non convén nin tampouco está ben visto que o crego pague amores con favores.

*Non te namores no crego | nin tampouco no casado
namórante no solteiro | qu'é amor desengañado* (Blanco, 1992, II: §3487).

*Meniña, non te namores | do crego pola mañán
que non pode decir misa | nin ter o cáliz na man* (Blanco, 1992, II: §2785).

*Miña nai, dém'un mantelo, | que me quero confesar;
o crego que ten amores, | ¿que consello m'ha de dar?* (Blanco, 1992, II: §2794).

*O crego cando namora | logo promete almendriñas [= cast. almendrillas];
namorai, namorai cregos, | que vos nasan as nacidas* (Blanco, 1992, I: §268).

*O crego cando enamora | ofrece moitos ichavos;
¡Namora, crego, namora, | que t'han de levar os diablos!* (Blanco, 1992, I: §128).

Sex Is Fun reza o título dun libro e todos os humanos naceron equipados para practicalo, incuídos os curas, a pesar do voto de castidade a que se obligaron o día que recibiron a ordenación. E esta querencia pola diversión debeu de estar moi estendida, segundo o confirma o refrán: «Á casa do cura nin por lume vai a moza segura». E revélaos tamén cantigas coma estas.

*O cura ten un paxaro, | non sei que paxaro é:
alá pola media noite | pons'o paxaro de pé* (Tobío, 1985: §382).

*Ai, Deloriñas de Tal, | ¿quen che tirou os colores?
—Tirouchos o señor cura debaixo dos cobertores* (Ventín, 2007: §59 [p. 275]).

Dentro deste apartado, o capítulo máis abondoso de cantigas de cura é o referente ás criadas. Moitas veces é a mesma cantiga na que hai pequenas variantes, moitas delas referentes á procedencia do cura. Outras veces son cantigas que comparten

o primeiro verso e teñen remates diferentes: «O cura e maila criada...»; «O cura cando vai fóra...»; O cura vendeu a besta...», etc.

*O cura maila criada | andaban ós bughalliños
o cura caeu de cúa | a criada de fociños* (Schubarth, 1988: §711b3).

*O cura e maila criada | van ate-los² cabritiños
a criada cai de cu | i o cura cai de fuciños* (Schubarth, 1988: §711c3).

*Io cura e maila criada | xogharon á bughalliña
vai o cura descoidouse | meteulla na buratiña* (Schubarth, 1988: §715).

*O cura e mais a criada | foron xuntos á bodega
a criada rervalou | i o cura por riba dela* (Schubarth, 1988: §714).

*O crego e más a criada, | foron sachar os melós:
á criada cánlle as saias, | ao crego cánlle os calzós* (Blanco, 1992, I: §143).

*O crego e más a criada | ordenaron unha festa:
peneiraron a fariña | ó abrigo dunha xesta* (Blanco, 1992, I: §1022).

*O crego cando vai fóra | déixalle dito a Manoela:
moza, si non veño d' hora | fai a cama e vaite a ela* (Pérez Ballesteros, 1886, III: §93).

*O crego cando vai fóra | déixalle dito á criada:
nena, si non veño logo | déítate na miña cama* (Pérez Ballesteros, 1885, I: §53).

*O crego da miña aldea | dorme coa ama ó lado
por si lle dá un dolor | que lle acoda de contado* (Pérez Ballesteros, 1886, II: §63).

*O crego, cando vai fóra, | pon á criada na mula;
na primeira ramalleira | dál'l'unha sacudidura* (Blanco, 1992, II: §3465).

*O abade de Leirado | vendeu a burra rabona
i ahora vai ós enterros | a cabalo da Catona* (Schubarth, 1988: §725g).

Había curas que non se conformaban co servizo exclusivo da criada e practicaban a poligamia (se a expresión fose adecuada no seu caso), ou tiñan outras alternativas; son poucas as cantigas deste apartado, pero tamén as hai.

*O cura de Taragoña | ten unha ducia de amas:
tres Mariás, tres Antonias, | tres Pepas, tres Xulianas* (Blanco, 1992, I: §1221).

*O abade de Corzán | non tén amigha ningunha («porque era un maricón»)
pero viv'o de Leirado | que pr'o cento fáltall'unha* (Schubarth, 1988: §668).

E outro apartado abundante é o que ten como palabras clave «cura» e «muíño». O muíño no cancioneiro é visto como un lugar onde se encontraban mozos e mozas (*Fun ó muíño con Paula | fun ó muíño con ela | fun ó muíño con Paula e durmín nos brazos dela*); e con frecuencia ademais era una muller a que cobraba a maquiá e apeaba o muíño (*Moito te quero, meniña, | moito máis t'hei de querer: | cando eu vou ó teu muíño | sempre me deixas moer*). Con todo as visitas do crego ó muíño, que ocorren cando a criada está indisposta e non pode acudir ela, adoitan acabar de maneira cómica.

*O cura foi ó muíño | foille millor que non fora
que coa beira da sotana | varreu a fariña toda* (Schubarth, 1984: §158).

*O crego foi ó moíño, | meteu a cabeza dentro;
trouxo a fariña na croa | para facer o formento* (Blanco, 1992, I: §122).

*O cura fui ó muíño | e caíu no tremiñado
levantai o noso cura | que vai todo ensariñado* (Schubarth, 1984: § 154a).

*O crego foi ó moíño | e caieu da ponte embaixo;
acodide ó crego, nenas, | que vai polo río abajo* (Pérez Ballesteros, 1885, I: §41).

*O cura foi ó muíño | co pelico na cabeza,
esbarrancáronll'as chanquiñas | e caíu co cu na presa* (Blanco, 1992: §3829).

*O cura foi ó muín | levou o sole más grande
porque'a criada non pode | mentras o neno non ande* (Schubarth, 1988: §733).

*O crego foi ó muíño, | foi cun fol e veu con outro
para forrar á criada | qu'está parida de pouco* (Tobío, 1985: §376).

E finalmente hai un grupo numeroso de cantigas nas que se presenta o cura como castal; está claro que se se practica sexo a consecuencia esperada é que a muller se volva grávida e teña nenos. Non sei se as fontes históricas permiten averiguar a porcentaxe de cregos que na vida real deviñeron pais pero é moi probable que o caso do crego Martínez Viojo non sexa excepcional, senón frecuente.

Aquela vella que vende os angasos | anda preñada do crego de Pasos (Blanco, 1992, II: §2884).

*Tódolos cregos ten fillos | menos o señor abade;
aquei ten un pequenijo; | cuida que ninguén llo sabe* (Blanco, 1992, II: §3464).

*Eu ben vin estar o crego | tendendo nos cu[e]iriños;
dixen entre Dios e min: | este crego ten miniños* (Blanco, 1992, I: §265).

*O cura da Fontaneira | nin ch'é cura nin señor
tén un fatado de fillos | com'un pobre labrador* (Schubarth, 1988: §731a).

*O crego e mais a criada | están facendo lum'ó forno;
os filliños ó redor: | «mamai, teta; papai, bolo»* (Blanco, 1992: §1023).

*Touporroutou, miña nai pariu nove, | cinco do crego e catro do home,
e miña nai está ben contente | de te-los fillos de tan boa xente* (Ventín, 2007: §654).

A figura do crego, ademais de ser o suxeito de moitas coplas tamén figura noutros xéneros do cancionero popular, nomeadamente en romances novos. Hai un, moi coñecido nas coleccións de romances hispánicos como «El mal cura», «El cura sacrílego» ou «El cura traidor»³, difundido por case toda España. Refirese a un crego que se namora dunha nena o día do bautizo; a nena queda orfa e cando é adolescente o crego abusa dela e ó día seguinte atópaa morta. No Cancioneiro de Schubarth e meu hai catro versións en Galicia, todas na provincia de Ourense. Non imos reproducilo⁴. Si en cambio imos reproducir un romance recollido por min, que fai referencia a un crego da parroquia de Freixo, á que pertence a aldea da que é natural Pegerto. Cantábaa Florencio, o Cego dos Vilares, e en 1979 graveina eu mesmo en San Martín de Suarna⁵. O romance probablemente responde a un feito real —as relacións do cura cunha veciña—, dramatizado como se o poeta presenciase a escena. Non sabemos nin quen foi o poeta nin a difusión que chegou a ter o tal romance.

*Escuchen señores todos | o que pasou hai medio ano
ese curiña de Freixo | [e] á'Ncarnación do Carballo.
Encarnación do Carballo xa perdich'o casamento
tod'o público se ríe | o cura'stá ben contento.
E chegou a Filomena | que viña de sembrar millo
e'ncontrou ós dous na cama | como muller e marido.
E dixoll'a Filomena | ¿vosoutros qu'andais facendo?
Rompéuseme a sotana | támoslle poñend'un mendo.
E dixoll'a'Ncarnación | señor cura eu pensei
que vósté non era xastre | pero ahora xa o sei.
E dixoll'o señor cura | somos dous anoviciados
qu'áñ á muller de Nicasio | tamén lle eu untei os tarros.*

3 Hai un estudo pormenorizado na tese de Beatriz Valiente Barroso. Valiente (2016: 664 ss.)

4 Pode verse e escoitarse unha versión en: [<http://apoi.museodopobo.gal/526/>].

5 Schubarth (1988, IV: letra §66, melodía §57^a).

*Adiós curiña de Freixo | modistas de Vilanova
qu'en marchand'o señor cura | non volveis a ve-la ronda* (Schubarth, 1988: §66).

E aquí remata o meu relatorio. O cancionero da sotana ten moitas más estrofas das que transcribín e comentei pero non é este o sitio para facelo todo o exhaustivo que merece. Aínda así, a antoloxía que fixemos, creo que pode axudar a percibir a imaxe que un pobo de labradores sarcásticos elaborou arredor da figura do reitor.

Bibliografía

- BLANCO, Domingo (1992), *A poesía popular en Galicia. Recopilación, estudio e edición crítica*, I e II, Vigo, Xerais.
- CABANILLAS, Ramón (1951), *Antifona da cantiga*, Vigo, Galaxia.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xoaquín (1983), *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, Vigo, Galaxia.
- PÉREZ BALLESTEROS, José (1885-1886), *Cancionero popular gallego*, Madrid, Librería de Fernando Fe, I, II e III.
- SACO Y ARCE, José Antonio (1987), *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*, edición e estudio preliminar de Juan Luís Saco Cid, Ourense, Deputación de Ourense (textos anteriores a 1881).
- SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1942), *Cancionero musical de Galicia*, Colección de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Recogido por. Reconstitución, Introducción y notas bibliográficas por José Filgueira Valverde, 2 tomos, Madrid, Librería J. Cintas.
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1984), *Cancioneiro popular galego*, t. I (oficios e labores), A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1986), *Cancioneiro popular galego*, t. II (festas anuais), A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1988), *Cancioneiro popular galego*, t. IV (romances novos, cantos narrativos, sucesos e coplas locais), A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1988b), *Cancioneiro popular galego*, t. V (cantos dialogados), A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.

- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1993), *Cancioneiro popular galego*, t. VI (coplas diversas), A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- TOBÍO CAMPOS, Lois (1985), *Colección de Cantigas da Mahía*, Sada, Edicións do Castro, [ms. 1880].
- VALIENTE BARROSO, Beatriz (2016), *El romancero tradicional de Cantabria: el ciclo del tabú del incesto*, Universidad Complutense, [Tese doutoral inédita].
- VENTÍN DURÁN, José Augusto (2007), *Cantigas populares de Moscoso*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro, [ms. 1942].

OS TRABALLOS DA VIDA.

Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XX

Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-19155-90-0; pp. 255-285

«ANTIGUAMENTE NO SE ESTIMABAN MUCHO
LOS MONTES, MAS HOY ES LA MEJOR HACIENDA».
OS APROVEITAMENTOS DO MONTE COMUNAL
EN GALICIA, SÉCULOS XVI-XIX¹

Hortensio Sobrado Correa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entre os diversos temas abordados por Pegerto Saavedra na súa ampla traxectoria investigadora sobre o mundo rural galego na idade moderna, mereceu unha especial atención o estudo do vigor da vida comunitaria e dos montes comunais, auténtico soporte do sistema agrario e da fortaleza das comunidades campesiñas (Saavedra, 1982, 1989, 1994, 1996, 1999, 2003, 2007, 2008b, 2012, 2014 e 2015, entre outros). Conscientes diso, escollemos o monte comunal e os aproveitamentos colectivos como temática da nosa contribución a este libro, que quere ser unha sentida homenaxe á figura e obra dun senlleiro e lúcido historiador, que tanto ten aportado ao coñecemento da Galicia rural de antigo réxime.

O encabezamento do título: «antiguamente no se estimaban mucho los montes, mas hoy es la mejor hacienda»², forma parte dunha anotación atopada na marxe dun tombo ou apeo de bens de 1680 —feita polo prior da granxa de Santiso, sufragánea do mosteiro de Meira (Lugo) —, ao carón dunha serie de rendas pagadas polos veciños por varias prazas de montes bravos. Esa reflexión do monxe cisterciense fai referencia

1 Traballo realizado no marco do Proxecto de Investigación: «El monte comunal en Galicia desde comienzos de la Edad Moderna a la actualidad. De soporte de un viejo complejo agrario a recurso medioambiental y patrimonio paisajístico» (HAR2014-52667-R), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad.

2 Archivo Histórico Nacional (en adiante AHN), Clero Regular, 6433.

aos cambios experimentados na estimación e nos usos dos montes no transcurso da idade moderna, cuxa análise constitúe un dos principais propósitos deste traballo.

Deste xeito, entre os nosos obxectivos está reflexionar sobre a traxectoria dos usos e aproveitamentos dos montes comunais en Galicia nos séculos XVI ao XIX. Para iso cruzaremos unha variada tipoloxía de fontes documentais, de carácter xudicial (preitos civís, ante a Real Audiencia de Galicia e a Real Chancelería de Valladolid), fiscal (Catastro de Ensenada), eclesiástico (libros de acordos e licenzas, de contas, e de visitas de mosteiros), protocolos notariais (apeos, inventarios *post-mortem*...), así como doutras fontes, caso dos informes da Real Academia de Agricultura do Reino de Galicia ou dos expedientes de excepción de montes derivados das desamortizacións liberais do século XIX.

O gran vigor dos montes comunais na Galicia da idade moderna

Historicamente, en Galicia conflúen unha serie de factores que determinan certa especificidade dos montes comunais. En primeiro lugar cabe destacar a considerable extensión dos montes abertos ou comúns, que constitúen o principal compoñente da propiedade colectiva galega. Hai que ter en conta que en Galicia predominaba unha escasa superficie cultivada que, segundo o Catastro de Ensenada (1752), apenas superaba o 13,4% do total, sendo ditos valores incluso inferiores nas antigas provincias de Mondoñedo e de Lugo (10,9 e 11,5% respectivamente) (Saavedra, 2012: 168). O propio Lucas Labrada, na súa *Descripción Económica del Reino de Galicia* (1804), afirmaba que: «sólo la sexta parte del Reino es la cultivada, no la quinta ni la cuarta, como equivocadamente han creido algunos sujetos de celo» (Labrada, 1971). Aínda admitindo a infravaloración dunha fonte fiscal como o Catastro de Ensenada, a superficie cultivada non alcanzaría o 20% (menos de 1/5 parte da extensión total do país), polo que entre 1750-1850 os montes supoñían ao redor do 80% do territorio galego, de xeito similar ao acontecido noutras áreas do norte peninsular (Barreiro, 1997; Lanza, 2010; Mantecón, 2013); e a mediados do XIX unha gran maioría dos montes galegos áinda eran veciñas (Balboa, 1999: 101).

Pero máis que o seu tamaño, o que define as características dos montes comunais en Galicia é a súa relación co espazo cultivado, xa que, estaban integrados na explotación agraria, como unha auténtica prolongación das terras de labor, proporcionando tódolos elementos necesarios para a reproducción das explotacións campesiñas. Pódese sinalar que a racionalidade da agricultura galega apoiábase no equilibrio entre o espazo inculto (*bravo*) e o espazo de cultivo (*manso*). En palabras de Abel Bouhier, o monte era un auténtico «soporte tradicional» do conxunto do sistema agrario (Bouhier, 2001[1979]).

Pegerto Saavedra ten demostrado como en Galicia os comunais contaban cun gran vigor secular derivado da propia fortaleza da comunidade campesiña, debida a unha serie de factores que peculiarizaban a súa estrutura económica e social, tales como a existencia dunha relativa homoxeneidade do campesiñado, a posesión efectiva da terra, o control dunha extensa propiedade colectiva, composta fundamentalmente polos montes abertos, así como ao escaso intervencionismo da Facenda Real (Saavedra, 2003: 180-198 e 359).

A diferencia doutros territorios da península, en Galicia as comunidades rurais estaban moi pouco xerarquizadas, sobre todo nas terras interiores de Lugo, e en menor medida nas provincias litorais e de Ourense (Saavedra, 2012: 164). Nas aldeas galegas apenas había campesiños ricos, e a maioria eran pequenos labradore que traballaban reducidas explotacións, a miúdo deficitarias, polo que todos necesitaban obter recursos nos montes comúns. No expediente de exención de venta de comunais do distrito de Pol (Lugo) de 1862, declarase que «los montes en este país son su principal riqueza, pues sin ellos no podrían vivir ni el inferior, ni el mediano y con dificultad el principal labrador»³. Polo tanto, os beneficiarios dos bens e usos da comunidade eran tódolos sectores da sociedade rural, como ocorre no veciño Portugal, onde se servían deles tanto os pequenos agricultores, como os campesiños acomodados, e incluso os grandes terratenentes (Silbert, 1972: 221-297; Sobral, 2003: 192). Con todo, a dependencia dos montes comunais para a subsistencia era especialmente perentoria para os estratos más pobres do campesiñado galego, os denominados *bodegueiros/as*, *caseteiros/as* ou *camareiros/as*. Así, en 1862 no informe de don Antonio Ron Camba, secretario da Deputación Provincial de Lugo sinálase que:

hay en las parroquias una población flotante que no es agricultora compuesta de desvalidos, de mugeres, niños y ancianos que viven en miserables chozas y tienen el nombre de caseteros o camareros [...]. A estos desgraciados no les queda otro recurso contra la miseria que el uso y aprovechamiento de los montes comunes. En ellos se mantiene la miserable vaca que les da la leche y la manteca, en ellos apacentan el raquíto caballejo con que trajinan de feria en feria, en ellos crían el ganado de cerda con cuyo producto compran lo mas preciso; y en ellos, en fin, encuentran el combustible que en las noches frías de invierno suple la falta de abrigo⁴.

3 Arquivo Histórico Provincial de Lugo (en adiante AHPL), *Facenda, Desamortización*, 18412.

4 AHPL, *Facenda, Desamortización*, 18412.

Dereitos colectivos como o pasto, o espigueo, o ramalleo, a rebusca e aproveitamento da restreba, recolección de leña e toxo, e outros recursos do monte, resultaban indispensables para a subsistencia dos sectores máis desfavorecidos da sociedade rural, ao igual que ocorría noutras zonas de Europa (Sée, 1926: 205; Clère, 1993; Boehler, 1995: 1272; Baulant e Beutler, 2006: 153). De igual modo, nas rexións portuguesas da Beira Baixa e do Alentexo, a *vaine pâture* e os comunais permitiron a constitución dunha clase de campesiños sen terra, mais que tiñan un arado e un par de bois (Sobral, 2003: 191).

Ao analizar as unidades produtivas campesiñas galegas atopámonos con que en moitas zonas entre a metade e tres cuartas partes delas son incapaces de ser autosuficientes, mesmo nos mellores anos. Neste senso, e segundo o Catastro de Ensenada (1752), na comarca de Xallas arredor do 80% das explotacións son deficitarias, mentres que na do Salnés estas chegan o 60% (Barreiro, 1973: 525; Pérez García, 1979: 396). Noutras áreas do interior, como Terra de Montes (Pontevedra), a xurisdición de Folgoso (A Coruña) ou o centro de Lugo, a mediados do século XVIII o 40-50% das explotacións agropecuarias non son autosuficientes (Fernández Cortizo, 2001: 746; Sandoval, 1999: 75 e 2022: 237; Sobrado, 2001: 205). Nestas condicións, moitos campesiños galegos subsistían grazas ao aproveitamento dos recursos comunais, ao desempeño estacional de actividades complementarias, ao traballo ao xornal ou á emigración (Sobrado, 2017: 95).

Por iso, non é estralo que nas fontes xudiciais da época abunden testemuños que insisten en que os campesiños galegos non poden sustentar ás súas familias sen a explotación dos recursos que lles aportan os montes. Así, en 1593 Xoán de Cora Salvaterra, veciño de Viveiro, sinalaba que «si no hes en los montes que estan al derredor de dicho valle y tierras de Buján ningún labrador ni morador en ella puede sembrar pan y sustentar su casa hijos familia e muger»⁵. En 1616 os veciños de Arnuiide (Ourense), declaraban que «la tierra es tan hestrecha que si no se labran los dichos vedros y montes de dar pan no tienen los labradores en que labrarlo y coixerlo y de necesidad an de dexar sus casas mugeres e fijos e irse del Reyno»⁶. Ademais, «los montes del dicho coto y feligresía son muchos y largos en mas de tres leguas y que si no hiciesen las dichas cerraduras y tapaduras no se podran sustentar ni pagar la dicha renta»⁷. Aínda en 1862 o mencionado secretario da Deputación de Lugo sinalaba que os veciños:

5 Arquivo do Reino de Galicia (en adiante ARG), *Montes e comunais*, 24941/32.

6 ARG, *Veciños*, 26203/50.

7 ARG, *Veciños*, 26208/50.

sin el monte común de la parroquia estarían en la miseria más espantosa. El aprovechamiento de estos montes les facilita su modo de vivir y sin ellos habrían de emigrar o abrir la fosa para ellos y sus familias [...] o convertir en cementerio el propio monte, siquiera no podrían subsistir⁸.

A diferencia doutras zonas de Castela ou do resto da península, nas que existía unha gran polarización social dentro do campesiñado e abundancia de desposuídos, ao non lograr manter o usufruto da terra e ser cada vez máis explotados como parceiros pola oligarquía rural (Brumont, 1984; Ruiz, 1985; Vassberg, 1986; Yun, 1987), en Galicia mantíñase unha menor diferenciación social no seo do mundo rural, coa existencia dunha relativa homoxeneidade do campesiñado, en parte apoiada na súa posesión efectiva da terra, que debido a estabilidade do canon foral conseguiu conservar ao longo do antigo réxime o usufruto das leiras a través de contratos agrarios de longa duración (Saavedra, 2003).

O control por parte das comunidades rurais dunha importante propiedade colectiva, composta fundamentalmente polos montes abertos, decisivos para a viabilidade das pequenas explotacións, tamén explica a fortaleza dos comunais. En Galicia existía unha gran flexibilidade nos aproveitamentos do comunal, pois había unha ampla tolerancia veciñal, tanto nos tipos de recursos extraídos dos montes abertos como nas regras de acceso, o que garantía unha xestión eficiente dos mesmos. Elionor Ostrom (1990, 1999, 2009, 2010) e outros autores teñen demostrado a pervivencia durante longos períodos históricos dos modos de xestión colectiva dos recursos naturais. E, tamén, que esta xestión colectiva pode ser máis eficiente e socialmente estable que as alternativas á privatización ou de regulación e asignación por parte do Estado, xa que os propios implicados son os mellores para xestionar de forma sostible un recurso de uso común. De feito, ningúen era máis consciente da necesidade de manter o equilibrio do sistema de aproveitamento dos diversos recursos que aportaba o monte comunal que os mesmos campesiños. Eles eran os mellores coñecedores dos seus límites e das súas posibilidades. Só así se pode comprender a aparente permisividade con que actúan en determinados momentos, permitindo acoutamentos, apresamentos e aproveitamentos fora do marco comunal (Balboa, 2002: 457).

A fortaleza das comunidades campesiñas galegas e máis o vigor dos seus comunais, tamén descansa no escaso intervencionismo da Facenda Real, tanto na

8 AHPL, *Facenda, Desamortización*, 18412.

vida interna das aldeas, como na propiedade colectiva —particularmente nos seus montes—, que sofre poucos ataques. A diferencia doutros territorios da coroa de Castela, nos que desde o século XVI e ao longo do resto da idade moderna tiveron lugar importantes procesos de expropiación de bens comunais, con abundantes vendas de baldíos que, logo, máis tarde, sufriron novas diminucións a mans das desamortizacións liberais do XIX (Gómez Mendoza, 1967; García Sanz, 1980; Vassberg, 1983 e 1986: 223; Sánchez Salazar, 1986; Marcos, 1997 e 2008; Demélas e Vivier, 2003; Egler, 2008; Sobral, 2010: 327; Bravo e Fernández, 2011; Lanza, 2012), en Galicia os comunais apenas padeceron expropiacións por parte do Estado, mantendo o seu carácter colectivo durante moito tempo (Simón, 1973; Balboa, 1990; Artiaga, 1991; Villares, 1994).

Hai que ter en conta que os dereitos de propiedade condicionan as formas de acceso aos comunais, e como en Galicia apenas existían baldíos da coroa, nin bens de propios municipais, as comunidades parroquiais ou de aldea figuraban como titulares dos comunais e así os xestionaban. Pero o feito de que os montes se mantiveran proindiviso ou se explotasen de forma máis ou menos colectiva hasta ben entrado o século XX, non quere dicir que o seu usufruto fose igualitario (Chamoux e Contreras 1996; De Dios, 2002; González Dios, 2004: 554). É necesario ter presente o réxime xurídico dos montes vixente nas distintas zonas do territorio galego, xa que alí onde predominaban os denominados montes de «varas», de «voces», ou de «fabeo» —na Galicia central e setentrional, principalmente na provincia de Lugo—, estes eran comúns en canto ao pasto, pero á hora de cultivarse polo sistema de rozas ou *estivadas* a cada casa porcioneira asignábanselle segundo cotas desiguais medidas en varas e palmos, con facultade para dividir ou vender a súa parte. Polo contrario, onde dominaba a tipificación xurídica de montes *concejiles* ou de «man común» —na Galicia meridional, sobre todo en Ourense—, accedíase ao aproveitamento dos comunais en condicións de igualdade, por veciñanza, pola simple razón de ser veciño dunha aldea (ou parroquia) (Saavedra, 1982 e 1989; Artiaga e Balboa, 1992).

O control de acceso aos comunais dependía igualmente do complexo mapa xurisdiccional galego (Castro Redondo, 2019). En Galicia os señores xurisdiccionais eran fundamentalmente casas nobres e institucións do clero secular (mitras e cabidos) e regular (mosteiros), e estes podían facilitar ou obstaculizar o acceso dos veciños aos aproveitamentos dos montes comunais. De feito, en terras galegas casas nobres e mosteiros tiñan unha sólida base territorial e atribuíánse o derecho eminente dos montes das súas xurisdicións e, incluso, a súa propiedade plena. De modo que, a facían valer ao esixir aos veciños unha autorización expresa para aproveitar os montes e a miúdo previo pago dunha renda.

En relación con isto, cumpre sinalar que na evolución histórica das formas de xestión e acceso aos aproveitamentos do monte comunal da Galicia da idade moderna tivo lugar un proceso de crecente perda de protagonismo dos señores, —tras dilatados conflitos durante os séculos XVI-XVIII—, a beneficio das comunidades veciñais, que se foron convertendo paulatinamente en verdadeiros axentes de control da xestión ou das regras de acceso aos montes (Saavedra, 2007 e 2015).

En todo caso, habería que matizar que, en Galicia, e de xeito semellante a como ocorre noutras zonas do norte peninsular (González Dios, 2004 e 2013), a organización formal ou institucional da comunidade estaba pouco desenvolvida, polo que nas comunidades rurais galegas ao falar da regulación da vida comunitaria hai que ter presente o rol do costume. En terras galegas, a diferencia doutros territorios da coroa de Castela ou de Europa (Rubio, 1993, 1994: 264 e 2012; De Moor *et al.*, 2002; Lana e Iriarte, 2015), apenas se coñecen ordenanzas ou regulamentos escritos, polo que a súa limitada ou case inexistente institucionalización, convertía ás comunidades rurais en simples concellos de aldea ou parroquia. Deste xeito, en Galicia as regras de aproveitamento dos montes eran de tipo consuetudinario e oral, asentadas no costume, na memoria e na tradición, base que regulaba as obrigas e dereitos colectivos.

Os tradicionais aproveitamentos do monte comunal en Galicia

En Galicia tradicionalmente os montes comunais permitían o mantemento das explotacións agropecuarias, abastecéndoas de pastos, esquilmo, esterco, leña e de terras de cultivo, así como doutros recursos indispensables para o sostén das economías campesiñas, igual a como ocorre noutras zonas da península e do resto de Europa (Paz, 1966: 52; García Fernández, 1975: 224; Balboa, 1990: 23-43 e 1992: 25-40; Saavedra, 1994; Bouhier, 2001: 757; Fernández Cortizo, 2004: 1078; Rey Castelao, 2004: 958; García Fernández, 1988; Barreiro, 1997; Moreno, 1998: 77; Aragón, 2001 e 2003; Mikes, 2005; Lanza, 2010; Pérez Álvarez, 1996; Ezquerra e Gil, 2004: 78; Ortega, 2014; Zink, 1997: 51-73; Vivier, 1998 e 1999; Bourin, 2002; Sobral, 2003 e 2010; Neeson, 1993 e 2003; Warde, 2003; Charbonnier *et al.*, 2007).

A relevancia dos diversos usos do monte para a subsistencia do campesiñado galego era notable, tal e como se encargan de destacar os propios labregos nas fontes da época. Por exemplo, no preito litigado en 1676 entre don Diego de Sarmiento, conde de Salvaterra, e os veciños de Gargamala e Sabaxáns (Mondariz, Pontevedra) sobre o aproveitamento dos montes de Monte Maior, estes declaran que tanto os montes altos e baixos:

los han gozado con todo genero de aprovechamiento probado desde tiempo inmemorial y ha esta parte [...] cortando, rozando y apazentando sus ganados mayores y menores quieta y pacíficamente [...] y de los altos sacaban madera en carros y en azes así para hacer casas como para las lumbres, y de los bajos el estrume para hacer abono para estercolar sus heredades⁹.

Os montes comunais permitían o sostemento das pequenas explotacións campesiñas, abastecéndoas de pastos e forraxes para a gandería. O pastoreo do gando no monte común era tradicionalmente libre, tanto para a cabana ovina-caprina como vacúa e equina. En ocasións, tamén se acoutaban partes do monte aberto para o alimento das reses bovinas, nas denominadas *coutadas*. En 1547 os veciños do concello de Bande (Ourense) din estar «en la pacífica posesion de tiempo ynmemorial a esta parte de pacer e montar con sus ganados con boys mansos de arada en la cotada y pasto del lugar de morujoyso»¹⁰. En Viana do Bolo (Ourense), áinda a comezos do século xx: «en algunas aldeas acutan parte del monte para que paste en ella, durante el verano solamente, el ganado vacuno. A esto llaman *coutadas*» (Tenorio, 1984).

O toxo (*ulex europaeus*), especie vexetal da familia das leguminosas, endémica en Galicia e o norte de Portugal, tiña presenza en moitos montes baixos, constituíndo un produto clave da economía campesiña, ao garantir ao longo do seu ciclo vexetativo un aproveitamento polivalente para pasto e forraxe, esquilmo, abono e leña.

Os brotes dos toxos eran empregados directamente como pasto praticamente por todo tipo de cabana gandeira. E, como ocorre noutras áreas da Europa atlántica, nas terras galegas o toxo era empregado como forraxe para o gando (Antoine, 2001: 215 e 2014: 166). Tenro e picado servíalle de alimento, moitas veces misturado con herba verde ou con palla. No século xix, cando escaseaba a herba, as reses completaban a súa mantenza con brotes tenros de toxo cocidos con patacas. Pola mesma, tamén se cebaban porcos con toxo esmagado mesturado con nabos, patacas ou fariña de millo (Balboa, 1990: 40). Nos inventarios de bens dos séculos XVII e XVIII dos arredores de Santiago de Compostela, aparecen nas eiras pías de pedra para o mazado do toxo que comían os animais (Villares, 1973: 48; Rozados, 1991: 113). De igual forma, nos inventarios *post-mortem* de Arzúa (1819-1845) áinda teñen presenza as «pilas de piedra para pisar tojos» (Presedo, 1997: 256). Para iso os campesiños empregaban mazas, ou a trilla: unha especie de machado de folla grande para

9 Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (en adiante ARCHV), Pleitos civiles, Alonso Rodríguez, 2270/1, 2273/1.

10 ARG, Veciños, 26350/19.

piar ou picar toxo, así como a «coitela», normalmente situada na denominada *pica* ou *picadeira*, especie de banco cunha gran coitela, a modo de cizalla, para picar o toxo. Pero, ademais, as follas de olmos e, nas zonas de montaña, de acivros, tamén se empregaban como forraxe invernal para o gando, iso si, previamente trituradas e mesturadas con salvado e gran (cebada ou avea). Nos Ancares lucenses atopamos testemuños da existencia de picadeiras de acivros ou xardóns en casas campesiñas a finais do XVIII e principios do século XIX, tal e como reflicten no lugar de Cubilledo (Doncos) os recontos de bens de Simón Carvallo, en 1791, no que se rexistra a existencia dunha «picadera de los jardones», ou no de Domingo Rubio, feito en 1808, que tiña «dos picaderas de jardones»¹¹.

Mais o toxo —xunto con queiroas, fentos, herba, etc.—, era empregado sobre todo como esquilmo para facerlle a cama ás bestas (*estrar as cortes*), e logo, como materia prima indispensable para facer esterco¹², funcionando pois coma un verdadeiro axente da fertilidade da agricultura galega (Balboa e Fernández Prieto, 1996; Sobrado, 2004).

O monte fornecía igualmente de leña aos campesiños, procedente en ocasións da poda ou da talla de árbores. Especies arbustivas como os toxos, xestas, carqueixas e uces abastecían tamén de leña aos fogares, quentando lareiras e fornos, e outras, como a vimbia e o *sanguiño*, aproveitados para facer cestas e láminas; mentres que a vexetación das matogueiras era empregada para o levantamento das sebes que serven de peches ás leiras. Así mesmo, os montes comunais provían de madeira aos labregos, usada para a construcción de vivendas e demais alpendres, dos apeiros de labranza, a elaboración de *tuñas* e arcas para cereal, cubas para o viño, e mesmo do enxoaval e mobiliario da casa. En 1700, nun preito entre os veciños de Santa María de Pereiro, xurisdición de Foz, e o alcalde maior de Mondoñedo, sobre procedemento para facer *estivadas*, destácase o aproveitamento da madeira extraída dos comunais para a elaboración de apeiros de labranza maiores e menores, indispensables para traballar os campos: «se aprovechavan de las maderas de las fragas comunes entre mis partes para hacer carros, arados y otros instrumentos para el granjeo de sus labranças»¹³.

Nos montes comúns os labregos beneficiábanse de materias primas para o desenrollo dalgunhas actividades auxiliares, como as de carpinteiros, zoqueiros, cesteiros, etc., ao tempo que abastecían de casca de carballo para os curtidos, ou

11 AHPL, *Protocols*, 6589/4 e 6590.

12 Para o caso da veciña Francia, véxanse, Zink (1997: 54-56); Antoine (2001: 215).

13 ARG, *Veciños*, 19928/31.

alimentaban a produción de carbón vexetal para a súa venda nas ferrerías, actividade moi presente nas economías de montaña, practicada por moitos aldeáns —incluídos os más pobres—, e rexistrada desde o século XVI, para o que se aproveitaban tamén os cozos das uces (Balboa de Paz, 2015). Así, por exemplo, nos montes de Abelleira, na xurisdición de Sobroso (Pontevedra), en 1638 había «uzes en grande abundancia, de cuyos troncos se haze el carbón»¹⁴, e en 1695 nos montes de Santa Euxenia de Lobanes, xurisdición de San Clodio (Ourense), os veciños «procuran arrancar las zepas de uzes en dicho monte y azer carbón»¹⁵. Do mesmo xeito, nas *Respuestas Generales del Catastro de Ensenada de Folgoso do Courel* (1752), fálase da existencia de «montes de uz para carbón de ferrerías»¹⁶.

E todo isto, sen esquecer o complemento que supuña o compoñente silvo-pastoril (caza, pesca, mel, recolección de froitos silvestres, etc.), ou da pedra para facer os valados das leiras, casas, palleiros e demais pendellos. En 1676, no preito entre o conde de Salvaterra e os veciños de Gargamala (Mondariz, Pontevedra), indícase que «los vecinos de dichas feligresías en los dichos montes de Monte Mayor también tienen en ellos el derecho de la caza y montería, y de sacar la piedra que necesitan para sus casas»¹⁷. Nalgúns casos, o monte común servía para a edificación de novas vivendas, asegurando a expansión demográfica. Así, en 1726, no litixio entre o Procurador de Pontevedra con Pedro Adán e outros, de Valongo (Cotobade), sobre ocupar os pastos comunais, informase de que: «por multiplicarse en este Reino las gentes en mucho numero los labradores acostumbran con permiso de los mas vecinos en los pastos comunes fabricar algunas casas para vivir en ellas y chossas para recoger sus ganados y hacer estercoleras»¹⁸.

A recolección de mel, castañas e landras e dunha gran variedade de froitos silvestres nos montes, aportaba aos campesiños un complemento á súa dieta e á do gando. Non hai que esquecer que a mediados do século XVIII, e segundo o censo ganadeiro de 1752, Galicia estaba á cabeza da coroa de Castela no número de colmeas, con algo máis de 366.000¹⁹, moitas delas situadas nos montes, protexidas en alvarizas. Ademais, a abundancia de soutos bravos e soutos mansos desde a idade media (Ríos, 2001), garantía á poboación rural o consumo de castañas, o que contribuía

14 ARG, *Montes e comunais*, 10882/20.

15 ARG, *Montes e comunais*, 23499/85.

16 Archivo General de Simancas (en adiante AGS), *CE, RG*, 175, 181.

17 ARCHV, *Pleitos civiles*, Alonso Rodríguez, 2270/1, fol. 540.

18 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (en adiante AHPP), *Preitos civís*, 113/9.

19 *Censo ganadero de 1752 de la corona de Castilla*, Madrid, INE, 1996.

á diminución do gasto de pan parte do ano (Saavedra, 1994; Sobrado, 2001: 490). Non é estranxo, polo tanto, que ante a gran diversidade de aproveitamentos que os labregos facían dos recursos que lles proporcionaban os comunais o ilustrado Xosé Cornide recoñecese nun *Informe*, que en Galicia os montes: «son más útiles para algunos pueblos que las mismas heredades»²⁰.

Nos debates xurdidos na década de 1760 no seo da Real Academia de Agricultura do Reino de Galicia sobre a oportunidade de dividir e privatizar os montes comúns, o feito de que triunfe a postura dos defensores da explotación dos comunais ao estilo tradicional —Somoza de Monsoriú, José Jaspe, etc.—, con aproveitamento de pastos, extracción de leña e práctica das rozas, dá fe da importancia alcanzada polos montes abertos como peza esencial do sistema agrogandeiro galego (Sánchez Rodríguez, 2003: 230; Saavedra, 2014: 176).

Ademais de posuír unha primordial función produtiva, ao conformar importantes espazos de aproveitamento económico, os montes comunais contaban igualmente cunha gran transcendencia no plano social (Moreno, 1998; Iriarte, 2003), constituíndo un dos principais elementos articuladores das comunidades, ás que servían de factor de identidade e cohesión social (Vivier, 1998; Izquierdo, 2001; Lana, 2012). Non debemos esquecer que na época moderna os montes eran espazos vivos, plenamente integrados nas comunidades campesiñas, xa que constituían *áreas* nas que se desenrolaba unha boa parte da actividade cotiá do mundo rural (Rey Castelao, 1995: 63). A posesión dos montes e o control do seu aproveitamento de acordo a determinadas regras outorgaba a moitas aldeas unha certa identidade territorial e cultural, xa que a defensa dos montes comúns servía para reforzar internamente a unidade dos veciños e, mesmo, para acreditar a súa condición de tales (Saavedra, 2012: 178). Os comunais eran parte da súa cultura, entendida como lóxica produtiva, como racionalidade económica-ecolóxica ou como «economía moral», relacionada cos usos consuetudinarios e o costume (Thompson, 1971 e 1993: 185; Serrano, 2005: 455).


Evolución dos usos do monte comunal en Galicia, séculos XVI-XIX

No transcurso da idade moderna, a medida que a poboación aumenta e os sistemas de cultivo, o tamaño e a composición da cabana gandeira se modifican, as formas de uso dos montes tamén o fan, experimentando cambios e unha maior diversificación.

Entre 1500 e 1850 a poboación galega multiplicouse por máis de seis. Co incremento demográfico e a necesidade de máis terras de cultivo, o monte experimenta unha auténtica revalorización, ao converterse nun recurso cada vez máis importante para o mantemento das economías campesiñas. A crecente humanización da paisaxe agraria polas cavaduras, fai que a acción do home sexa cada vez más visible sobre o medio natural, incrementándose o proceso de deforestación e de peche de pedazos de monte (Gutián, 2002: 105; Saavedra, 2015: 159).

No século XVI un dos aproveitamentos fundamentais dos comunais eran os pastos. Mais como no último terzo do século tivo lugar unha fase de expansión demográfica e agraria, a crecente presión da poboación deu lugar a unha redución do pasto común, así como a un proceso de rompemento de montes, ao obxecto de incrementar o cultivo de cereais e de viñas, xerando deste xeito unha fase de intensificación da conflitividade por montes e comunais (gráfico 1) (Rey Castelao, 1995: 258; Saavedra, 2012: 178).

**GRÁFICO 1. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PREITOS SOBRE MONTES E PASTOS
 NOS EXPEDIENTES DE VECÍNOS DA REAL AUDIENCIA DE GALICIA (1560-1807)**



Fonte: elaboración propia con datos de Saavedra (2012: 177).

No século XVII e primeira metade do XVIII na Galicia occidental e cantábrica prodúcese unha nova fase de medre demográfico e agrario, que dará lugar á súa vez a cambios nos usos e aproveitamentos do monte. Comarcas como O Salnés e

o Baixo Miño experimentan un intenso incremento da poboación (Pérez García, 1979 e 2006). A presión sobre o monte aumenta e a intensificación agraria derivada da introdución e progresiva difusión do millo na Galicia litoral —principalmente desde 1630—, orixinará novas esixencias agropecuarias, polo que a crecente necesidade de máis abonos e a estabulación gandeira producirán cambios notables nos usos dos montes (Pérez García, 1981 e 1992; Saavedra, 1999 e 2018: 50). Rexístrase entón unha maior explotación de esquilmos (toxos) a fin de aumentar a reserva de estrume coa intención de manter os rendementos dunha agricultura cada vez máis intensiva, o que fai que moitos labregos acouten espazo no monte para o cultivo de cereais mediante a práctica das rozas ou *estivadas*, as cales tenden a perder peso co paso dos anos. Deste xeito, en 1752 nas provincias más occidentais de Santiago e Tui dita práctica xa era residual, encontrándose en regresión (Rey Caste-
lao, 2004: 921).

A intensificación agraria derivada da difusión do cultivo do millo, levou con sigo unha maior estabulación do gando, co que este proceso contribúe igualmente á redución do monte como pasto. Así mesmo, xera unha revalorización dos toxos, que cada vez adquieren maior valor e estima entre os labregos. Neste contexto, a presión sobre o monte fai que señores e campesiños choquen a miúdo nos seus intereses, desembocando estes enfrontamentos en enconados preitos, algúns deles moi dilatados no tempo (Pérez García, 2000: 99; Saavedra, 2003: 151-176; Suárez, 2018: 359-368). Ás economías señoriais interesáballes manter o dominio dos comunais, pois nunha realidade de crecente «fame de terras» pola poboación rural, as institucións rendistas tomaban conciencia acotío do valor que os montes podían ter para a viabilidade das súas economías, tal e como o afirma en 1680 o prior da granxa de Santiso, sufragánea do mosteiro de Meira ao anotar nun apeo de bens que: «antiguamente no se estimaban mucho los montes, mas hoy es la mejor hacienda»²¹. Do mesmo xeito, en 1693 no preito entre o conde de Salvaterra, marqués de Sobroso, cos veciños de Gargamala e San Mamede de Sabaxáns (Pontevedra), sobre a propiedade e aproveitamentos dos montes altos e baixos de ditos lugares, sinálase que: «los dichos montes an sido y son de mucha estimación y utilidad para la dicha Casa y Estado y de algunos años an valido las rentas de las hiervas de dichos montes y demas aprovechamientos de doscientos a trescientos ducados»²². Un conflito este que se dilata por espazo de case cincuenta anos (1671-1720)²³.

21 AHN, *Clero Regular*, 6433.

22 ARCHV, *Pleitos civiles*, Alonso Rodríguez, 2272/1, fol. 180.

23 ARCHV, *Pleitos civiles*, Alonso Rodríguez, 2268/1 a 2273/1.

A documentación parece indicar que nos séculos XVI e XVII moitos mosteiros galegos, como ocorre en terras de Ourense cos de Celanova, Melón, Montederramo ou Xunqueira de Ambía, co de Oia en Pontevedra, ou co de Meira en Lugo, atribúense o dereito eminente dos montes das súas xurisdicións, e incluso a súa propiedade plena, esixindo aos veciños unha autorización expresa para facer *cavadas* nos montes, a miúdo previo pago dunha renda. Deste xeito, moitos campesiños facían as rozas en montes comunais e particulares, ou baixo o dominio eminente de señores, tanto nobres como mosteiros, a cambio do pago dunha parte dos froitos recolleitos nas *estivadas* (normalmente entre 1/5 e 1/12 parte dos mesmos). Neste senso, en 1620 don Pedro Pardo Rivadeneira, señor do couto de Vilapedre (Sarria, Lugo), obrigaba aos seus colonos a pagar o quinto do cereal que cultivan e estivadaban nos montes do couto²⁴, en tanto que en 1672 varios veciños de San Xoán de Serres (Muros, A Coruña), satisfacían en virtude de foro ao conde de Altamira pola *estivada* de Laxeiras o «noveno del fruto que se coxe»²⁵. O mesmo pasaba en 1594 no mosteiro ourensán de Xunqueira de Ambía, que cobraba a todos os labregos do couto de Forxáns a quinta parte dos cereais producidos nas *estivadas* dos seus montes (Bouhier, 2001: 1281). Proporción similar á esixida polo mosteiro de Lourenzá en concepto de renda ou «quiñón de la roza» en diferentes montes da súa xurisdición, como tamén nos do couto de Remourelle (Ribadeo, Lugo)²⁶. Nun apeo de 1600 do mosteiro de Oia (Pontevedra), nun pedazo de monte aforado no couto de Panxón a varios veciños, que é «monte que se cacha», o cenobio esíxelles que «han de pagar el quinto de la nobidad»²⁷.

A finais do século XVI e principios do XVII, o mosteiro de San Salvador de Celanova (Ourense) daba licenza aos veciños do val para facer *cavadas* e *estivadas* nos montes da súa xurisdición, a cambio da doceava parte do froito²⁸. Os colonos podían pechar ou *tapar* temporalmente as partes de monte asignadas, pero tiñan a obriga de deixar libre o terreo unha vez feita a colleita. No Memorial das Licenzas dadas polo mosteiro de Celanova aos veciños do val para romper os montes (1571-1632), atopamos autorizacións para facer *estivadas*, como a outorgada en 1610 a varios veciños:

24 ARG, *Veciños*, 18062/18.

25 ARG, *Particulares*, 10389/64.

26 ARG, *Mosteiros*, 104/13 e 1687/26.

27 AHN, *Clero Regular*, 10115/18, fol. 18.

28 Arquivo Histórico Provincial de Ourense (en adiante AHPOu), *Clero*, 229.

fray Diego Tello prior del monasterio de Celanova dio licencia a Pedro Santaya y a Ursula do Ribeiro y a Juan do Ribeiro y Martino de Ribeiro y los hijos que fincaron destas dos casas de Ribeiro para que puedan cavar y arar en el monte de Seguin que ya fuera cabado, ocho fanegas poco mas o menos²⁹.

Entre finais do século XVI e o remate do XVII, o mosteiro de Celanova abre sucesivos preitos cos vasalos sobre posesión e aproveitamento dos montes da súa xurisdición. En distintos momentos (1516, 1579, 1629) os veciños do val demandan ao mosteiro ás autoridades reais por esixirlles máis da doceava parte do que se collese nas *estivadas* dos montes, previamente concertada nun quinto e sexto. Do mesmo xeito, proliferan os preitos por montes entre o mosteiro de Celanova e os seus vasalos de Cexo (Verea), cos de Pena verde e Rebordondo (Verín)³⁰, ou cos de Refoxos (1690)³¹, entre outros. O cenobio de Santa María de Oia (Pontevedra) mantién igualmente conflitos endémicos cos seus colonos polos montes entre os séculos XVI e XIX, varios dos cales chegaron enapelación á Chancelería de Valladolid, como o litixio cos veciños de San Pedro de Burgueira sobre a posesión e aproveitamentos dos montes (1554-1585)³².

Nos séculos XVIII e XIX o monte comunal continua a experimentar cambios na súa orientación económica, en paralelo ás transformacións demográficas e agrarias que teñen lugar en diversas comarcas galegas. Nas áreas de agricultura intensiva da Galicia occidental ao longo do XVIII e primeira metade do XIX os recursos que proporcionaba o monte baixo en forma de esquilmos experimentan unha crecente revitalización, tal e como o reflexa a propia evolución dos prezos do toxo, que coñece un notable incremento, constatado sobre todo no litoral occidental, onde se chega a duplicar e hasta triplicar o prezo do carro de toxo entre 1752 e 1810 (Pérez García, 1983 e 1999).

Segundo as estimacións de Cornide, na súa *Memoria sobre el cultivo de los montes comunes* (1767), cada tres anos, un ferrado de monte pechado producía dous carros de toxo, malia que eran necesarios oito ferrados de monte aberto ou comunal para recoller un só carro³³. Dado que os rendementos do toxo eran sensiblemente maiores en parcelas privadas, que aportaban as maiores cantidades de esquilmo necesario

29 AHPOu, *Clero*, 229.

30 ARCHV, *Pleitos civiles*, Alonso Rodríguez, 2579/1.

31 AHPOu, *Clero*, 255.

32 ARCHV, *Pleitos civiles*, Fernando Alonso, 76/1, 78/1.

33 ARG, *Papeis de Cornide*, 44813/94, fols. 9-10.

para sostener a intensiva agricultura da Galicia do litoral occidental, se explica entón o crecente avance que coñece a privatización dos montes.

Si deixamos a un lado os clasificados polo Catastro de Ensenada como «inútiles», en 1752 atopámonos con que na Galicia occidental máis dun terzo dos montes estaban pechados, fundamentalmente nas súas áreas más meridionais, como o Baixo Miño, onde eran case que a metade da superficie inulta (Pérez García, 2000: 81). Este progreso da individualización dos montes constátase igualmente noutras zonas sur occidentais de Galicia, como as comarcas do Salnés e o Morrazo, ou na Terra de Montes, nas que o monte pechado convértese nun soporte fundamental para elaborar abono, en tanto que dos comunais procedía cada vez unha menor porcentaxe do esquilmo necesario para fertilizar as labranzas (Pérez García, 1979: 158, 2000: 89 e 2007: 107; Rodríguez Ferreiro, 1995: 92 e 2003; Fernández Cortizo, 2004: 1077). Tamén nas terras de Ourense obsérvanse niveis altos de privatización dos bens comunais. Na comarca ourensá de Monterrei, a mediados do XVIII, entre os terreos incultos constátase algo máis dun 54% de montes particulares (González Abellás, 2010). Polo contrario, nas antigas provincias de Mondoñedo e Lugo, só arredor dun 10-20% dos comunais foran pechados, pudiendo atopar parroquias das montañas setentrionais ou orientais nas que as parcelas de monte particular representan valores inferiores ao 5% (Saavedra, 2014: 183).

A partir de 1750, as crecientes necesidades de abono nas terras da Galicia litoral para producir a un ritmo intensivo provocan a proliferación de cercados no monte comunal. Peches que eran a miúdo contrarrestados polos campesiños, xa que a alteración das prácticas inmemoriais era considerada unha ameaza para a propia subsistencia da comunidade. Isto explica a multitud de querelas, convenios, preitos, ou a práctica de derrubar os valados, como ocorre no litixio entre Xosé Falcón de Soto e Xoán de Recamor, de Santa María de Vilaboa (Pontevedra) pola apropiación indebida de pasto comunal no monte de Casa Mora, xa que o primeiro: «serró sercó y apropió para sy un gran pedaço del en que rresiben los dichos becinos notorio agrabio y no tienen en donde pastar sus ganados»³⁴.

Ante a crecente necesidade de toxo para o abonado das terras, aumentan a tensión e os confrontamentos entre parroquias veciñas, pola entrada nos seus montes comúns para cortar esquilmo. Obsérvase, ademais, a tendencia a unha maior racionalización dos sistemas de control e vixilancia dos montes, a fin de evitar usurpacións de esquilmo, así como un afán por regular os períodos de corte do toxo coa

intención de garantir un axeitado aproveitamento do mesmo. Deste xeito, no litixio iniciado en 1789 polos veciños de Santa María de Xinzo (Ourense) sobre cortar e talar o toxo e esquilmo dos montes comúns, estes deciden «que no corten los esquilmos hasta el tiempo determinado en que se hallasen en sazon, y no hacerlo en los meses de mayo y junio por su sazón y medrio»³⁵. En 1798 en San Vicente de Mañufe, xurisdicción de Baiona, ante os continuos roubos de toxo por parte dos habitantes das parroquias limítrofes, os veciños toman a decisión de nomear fiscais celadores dos montes para que «cogiendo algún forastero en nuestros montes con carros, los asegurasen o diesen parte al Mayordomo»³⁶. Aínda en 1825, Pedro Domínguez, veciño de Santa Eulalia de Nantes, xurisdicción da Lanzada, ante o reiterado roubo de toxos por parte de varios veciños, declaraba que «siendo muy sensible y perjudicial sufrir este agravio, por cuanto en aquel util, dimanaba en parte, mi subsistencia»³⁷.

Entre aproximadamente 1770 e 1840 ten lugar unha nova fase de expansión demográfica e agraria, fundamentalmente na Galicia oriental. A introdución e crecente difusión das patacas nas terras do interior galego propicia unha serie de reaxustes no sistema de rotacións agrarias e un proceso de reordenación das explotacións agrícolas que, nalgúns casos, levou implícita certa intensificación agropecuaria (Sobrado, 2018: 155). Seguramente, isto contribuíu a mellorar as condicións de vida do campesiñado, converténdose nun dos principais factores responsables do vigo-oso crecemento demográfico experimentado na Galicia interior no paso do século XVIII ao XIX (gráfico 2).

O incremento da superficie de prados e a crecente estabulación do gando levan a unha menor necesidade de montes para o pasto, o que permite unha intensificación das cavadas de inculto e unha maior diversificación dos aproveitamentos dos montes, que van da man do progresivo aumento do seu uso forestal —para abastecer de madeira á construcción naval da Real Armada—, e industriais, sobre todo de carbón vexetal para as novas ferrerías e mazos construídos nas provincias de Ourense e Lugo (Rey Castelao, 1995; Balboa de Paz, 2015: 21).

Animada polo pulo demográfico, a crecente importancia do cultivo temporal dos montes no transcurso do século XVIII nas terras do centro e área oriental de Lugo, parece prolongarse ao longo do XIX (Sobrado, 2001: 259) (gráfico 3). Na Fonsagrada as cartillas agrícolas e os *amillaramientos* dan conta dun progresivo aumento da

35 ARG, *Montes e comunais*, 5884/62.


36 ARG, *Veciños*, 14881/1.

37 ARG, *Montes e comunais*, 14873/18.

superficie anual colleita en *estivadas*, especialmente entre 1752-1852 (gráfico 4). Este é posible, en parte, por un menor requerimento dos recursos do monte polo gando, que nese período atópase moito máis estabulado.

Na Fonsagrada obsérvase un cambio no papel desempeñado pola práctica agrícola das *estivadas* nos montes, que pasan de empregarse no século XVIII principalmente para rexenerar a produción de esquilmo, a ser no XIX complemento esencial para a nutrición humana. Constátase así un apreciable incremento da aportación das rozas ou *estivadas* nesta zona do interior galego á dispoñibilidade de alimentos do campesiñado en kilocalorías por persoa e día, entre 1752 (79), 1852 (278) e 1887 (377), o que se traduce nunha maior transcendencia da contribución do cereal cultivado nos montes á alimentación popular, o cal pasa de ser pouco máis dun 3% a mediados do XVIII a un 14 e 18% a mediados e finais do século XIX, respectivamente. En todo caso, a intensificación das *estivadas* nesta zona da montaña lúncense da lugar a unha menor produtividade do monte (Corbacho, 2017: 159 e 2019: 144-147).


GRÁFICO 2. EVOLUCIÓN DOS ÍNDICES DECENIAIS DE BAUTIZADOS.
 GALICIA SETENTRIONAL E ORIENTAL (1600-1850)



Fonte: elaboración propia con datos de Ferreiro (1981); Saavedra (1993); Sobrado (2001).


«ANTIGUAMENTE NO SE ESTIMABAN MUCHO LOS MONTES, MAS HOY ES LA MEJOR HACIENDA». OS APROVEITAMENTOS DO MONTE COMUNAL EN GALICIA, SÉCULOS XVI-XIX

GRÁFICO 3. EVOLUCIÓN DA IMPORTANCIA DA SUPERFICIE CULTIVADA EN ROZAS NOS MONTES DO INTERIOR LUCENSE SEGUNDO OS INVENTARIOS (1670-1850)



Fonte: elaboración propia. AHPL, *Protocolos* (Mostra 292 escrituras).

GRÁFICO 4. EVOLUCIÓN DA SUPERFICIE ANUAL DE ESTIVADAS (EN HECTÁREAS). FONSAGRADA (1752-1887)



Fonte: elaboración propia con datos de Corbacho (2017: 132).

No transcurso do século XIX ten lugar unha destacada transformación produtiva na agricultura galega, e a presión sobre o monte aumenta. As crecentes necesidades de intensificación do sistema agrícola, xunto coa ameaza desamortizadora contribúen á aceleración e extensión da privatización por vía dos apresamentos individuais ou das reparticións colectivas de monte, o que fai posible que o cultivo do toxo se xeneralice en moitas áreas de Galicia. Estas transformacións permitiron liberar terras de monte para outros usos, como o gandeiro e madeireiro, apoiándose na conversión do inculto en prados³⁸, ou no desenrolo a partir de 1850 dun aproveitamento hasta entón secundario, como foi o forestal; o que en esencia contribuíu a diversificar os aproveitamentos do monte (Soto, 2006; Corbacho, 2019). Ese proceso xera unha nova intensificación da conflitividade rural por alteracións dos usos colectivos, o cal terá unha gran continuidade e intensidade no curso do século XIX (Velasco, 1999; Soto *et al.*, 2007).

Conclusións

Os debates académicos en torno á complexa realidade dos bens e usos comunais levan moitas décadas ocupando á atención dos historiadores (Beltrán, 2018). Mais aló da imaxe tradicionalmente negativa dun réxime comunal considerado arcaico e ineficiente e das vantaxes da súa privatización, alimentada inicialmente por fisiócratas e liberais, e actualizada por algúns autores (Hardin, 1968), as revisións historiográficas (Neeson, 1993; Allen, 2001; De Moor *et al.*, 2002; Prass, 2004; Congost e Lana, 2007) e os estudos comparativos de carácter rexional, teñen reavaliado o papel dos comunais, demostrando que poden ser eficientes, equitativos e sostibles —e mesmo compatibles co desenrolo económico—, ou flexibles, ao adaptarse con éxito ás circunstancias cambiantes (Moreno, 1998; Iriarte, 1998; Serrano, 2005; Lana, 2008 e 2014).

Neste contexto, en Galicia, Pegerto Saavedra ten constatado o notable vigor dos recursos comunais —particularmente dos montes—, auténtico soporte do sistema agrario e da fortaleza das comunidades campesiñas nos séculos XVI-XIX. No presente traballo puidemos ver como na idade moderna existía en Galicia unha acreditada simbiose entre o mundo rural e o monte, visto que os seus diversos aproveitamentos constituían un recurso fundamental para a subsistencia dos campesiños, —como tamén das economías rendistas—, contribuíndo deste xeito ao equilibrio de todo o sistema agropecuario. Daquela os montes do común eran un elemento

38 En Galicia a especialización gandeira do XIX, tenderá a consolidarse no primeiro terzo do s. XX. Véxanse, Carmona (1982); Bernárdez (1998); Fernández Prieto (2000); Saavedra (2008a).

insustituíble das explotacións agrarias ás que proporcionaban variadas utilidades. A flexibilidade nos aproveitamentos colectivos e unha certa tolerancia nas regras de acceso poden dar conta da dilatada supervivencia dos montes comunais galegos, cuxa xestión eficiente axudaba a lograr o equilibrio entre manso e bravo. Malia todo, no transcurso dos séculos XVI ao XIX, os usos e aproveitamentos do monte comunal non se mantiveron estáticos. Evolucionaron, experimentando unha serie de cambios e maior diversificación, en función das transformacións demográficas e agropecuarias que neses anos experimentou Galicia.

Bibliografía

- ALLEN, Robert C. (2001), «Community and market in England: Open fields and enclosures revisited», en Aoki, Masahikoy e Hayami, Yujiro (eds.), *Communities and markets in economic development*, Oxford, University Press Oxford, pp. 42-69.
- ANTOINE, Annie (2001), «La fabrication de l'inculte. Landes et friches en Bretagne avant la modernisation agricole du XIX^e siècle», *Mémoires de la société d'Histoire et d'archéologie de Bretagne*, extract du t. LXXIX, pp. 205-228.
- ANTOINE, Annie (2014), «Cycles cultureaux, usages et appropriation de l'espace rural (France, fin du Moyen Âge-Époque Moderne)», en Roland Viader e Christine Rendu (dirs.), *Cultures temporaires et féodalité. Les rotacions culturales et l'appropriation du sol dans l'Europe médiévale et moderne*, Toulouse, Presses Universitaires du Midi, pp. 147-168.
- ARAGÓN RUANO, Álvaro (2001), *El bosque guipuzcoano durante la Edad Moderna: aprovechamiento, ordenamiento legal y conflictividad*, San Sebastián, Sociedad de Ciencias Aranzadi.
- ARAGÓN RUANO, Álvaro (2003), «Gestión, uso y aprovechamiento de comunales y parzonerías en la Edad Moderna: el ejemplo de Entzia y de Urbía», en Ernesto Pastor Díaz de Garayo (coord.), *La llanada oriental a través de la historia; claves desde el presente para comprender nuestro pasado*, Vitoria, Diputación Foral de Álava, pp. 81-92.
- ARTIAGA REGO, Aurora (1991), *A desamortización na provincia de Pontevedra*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
- ARTIAGA REGO, Aurora e BALBOA LÓPEZ, Xesús (1992), «La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia», *Agricultura y Sociedad*, 65, pp. 346-372.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais.

- BALBOA LÓPEZ, Xesús (1992), «L'utilizzazione del monte nella Galizia del secolo XIX», *Quaderni Storici*, 81, pp. 883-872.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús (1999), «La historia de los montes públicos españoles (1812-1936): Un balance y algunas propuestas», *Historia Agraria*, 18, pp. 95-128.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús (2002), «Al margen de la ley. La defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)», en Salustiano De Dios *et al.* (coords.), *Historia de la propiedad en España; bienes comunales pasado y presente*, Salamanca, Centro de Estudios Registrales.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1996), «Evolución de las formas de fertilización en la agricultura atlántica entre los siglos XIX y XX. Del toxo a los fosfatos», en Ramón Garrabou y José Manuel Naredo (eds.), *La fertilización en los sistemas agrarios. Una perspectiva histórica*, Madrid, Fundación Argentaria.
- BALBOA DE PAZ, José Antonio (2015), *La siderurgia tradicional en el noroeste de España, siglos XVI-XIX*, León, CsedHistoria.
- BARREIRO MALLÓN, Baudilio (1973), *La Jurisdicción de Xallas en el s. XVIII. Población, sociedad y economía*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- BARREIRO MALLÓN, Baudilio (1997), «Montes comunales y vida campesina en las regiones cantábricas», *Studia Histórica. Historia Moderna*, 16, pp. 17-56.
- BAULANT, Micheline e BEUTLER, Corinne (2006), «Les droits de la communauté villageoise sur les cultures: glanages et chaume en France, XVII^e-XVIII^e siècles», en Arlette Schweitz, Gérard Béaur e Anne Varet-Vitu (eds.), *Meaux et ses campagnes. Vivre et survivre dans le monde rural sous l'Ancien Régime*, Rennes, PUR, pp. 147-159.
- BELTRÁN TAPIA, Francisco Javier (2018), «En torno al comunal en España: una agenda de investigación llena de retos y promesas», en David Soto Fernández e José Miguel Lana Berasain (eds.), *Del pasado al futuro como problema. La historia agraria contemporánea española en el siglo XXI*, Zaragoza, Universidad de Zaragoza, pp. 145-162.
- BERNÁRDEZ SOBREIRA, Antonio (1998), «A evolución do sector pecuario na Galicia contemporánea: especialización productiva e especialización na sociedade rural (1865-1996)», en María Pilar Torres Luna; Rubén Lois González e Pegerto Saavedra (eds.) *Espacios rurais e sociedades campesiñas*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 371-388.
- BOEHLER, Jean-Michel (1995), *Une société rurale en milieu rhénan: La paysannerie de la plaine d'Alsace (1648-1789)*, Strasbourg, Presses Universitaires de Strasbourg.
- BOUHIER, Abel (2001 [1979]), *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Santiago de Compostela, Xunta Galicia.

- BOURIN, Monique (2002), «Les droits d'usage et la gestion de l'inculte en France méridionale: un terrain de comparaison avant la peste», en Monique Bourin e Stéphane Boisselier (éds.), *L'Espace rural au Moyen Âge, Portugal, Espagne, France (XII^e-XIV^e siècle)*, Rennes, PUR, pp. 193-206.
- BRAVO CARO, Juan Jesús e FERNÁNDEZ PARADAS, Mercedes (2011), «La venta de baldíos en la Andalucía del Quinientos: las reformaciones de Junco de Posada», *Chronica Nova*, 28, pp. 83-103.
- BRUMONT, Francis (1984), *Campo y campesinos de Castilla la Vieja en tiempos de Felipe II*, Madrid, Siglo XXI.
- CARMONA BADÍA, Xoán (1982), «Sobre as orixes da orientación exportadora na producción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX», *Grial*, Anexo I, pp. 169-206.
- CASTRO REDONDO, Rubén (2019), *Cartografía Digital de Galicia en 1753. Jurisdicciones, provincias y Reino*, Santiago, Andavira Editores.
- CHAMOUX, Marie Noëlle e CONTRERAS, Jesús (1996, eds.), *La gestión comunal de recursos. Economía y poder en las sociedades locales de España y América Latina*, Barcelona, Icaria-Institut Català d'Antropología.
- CHARBONNIER, Pierre; COUTURIER, Pierre; FOLLAIN, Antoine e FOURNIER, Patrick (2007, dirs.), *Les Espaces collectifs dans les campagnes XI^e-XXI^e siècle*, Clermont-Ferrand, Presses Universitaires de Clermont-Ferrand.
- CLÈRE, Jean-Jacques (1993), «La vaine pâture en France sous l'Ancien Régime. Essai de géographie coutumière», *Mémoires de la société pour l'Histoire du Droit et des Institutions des anciens pays bourguinons, contois et normands*, Dijon, Société pour l'Histoire du Droit, pp. 55-78.
- CONGOST, Rosa e LANA BERASAIN, José Miguel (2007, eds.), *Campos cerrados, debates abiertos*, Pamplona, Universidad Pública de Navarra.
- CORBACHO GONZÁLEZ, Beatriz (2017), *Intensification of a peasant agriculture ans soil fertility in and Atlantic territory: Galicia, 1750-1900*, Universidade de Santiago de Compostela, [Tese doutoral inédita].
- CORBACHO GONZÁLEZ, Beatriz (2019), *Labrando nutrientes. Intensificación agraria e manexo da fertilitade do solo na agricultura galega dos séculos xviii-xix*, Pontevedra, Concello de Valga.
- DE DIOS, Salustiano *et al.* (2002, coords.), *Historia de la propiedad en España: bienes comunales pasado y presente*, Salamanca, Centro de Estudios Registrales.
- DEMÉLAS, Marie-Danielle e VIVIER, Nadine (2003, dirs.), *Les propriétés collectives face aux attaques libérales (1750-1914). Europe occidentale et Amérique latine*, Rennes, PUR.

- DE MOOR, Martina et al. (2002, ed.), *The management of common land in north west Europe, c. 1500-1850*, Turnhout, Brepols.
- EGLER, Alberto Marcos (2008), «La venta de baldíos en la Castilla del siglo XVI. Viejos problemas, nuevos planteamientos», en Ricardo Franch Benavent e Rafael Benítez Sánchez-Blanco (coords.), *Estudios de historia moderna*, 2, Valencia, Universidad de Valencia, pp. 697-728.
- EZQUERRA BOTICARIO, Francisco Javier e GIL SÁNCHEZ, Luis (2004), «La transformación histórica del paisaje forestal en la Comunidad de Cantabria», en *Tercer inventario Forestal Nacional. 1997-2006*, Madrid, Organismo Autónomo Parques Nacionales.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo (2001), *La Tierra de Montes en el siglo XVIII. Estructura demográfica y sistema familiar en una sociedad rural*, Universidade de Santiago de Compostela, [Tese doutoral inédita].
- FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo (2004), «Los montes vecinales ‘en mano común’ en la tierra de Montes (Galicia): los aprovechamientos agrícolas (siglos XVI-XVIII)», en Francisco José Aranda Pérez (ed.), *El mundo rural en la España Moderna*, Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 1065-1078.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2000, ed.), *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais.
- FERREIRO PÉREZ, Rosa (1981), *La Alta Limia en los siglos XVII-XVIII. Muestreo parroquial*, Universidade de Santiago de Compostela [Memoria de Licenciatura inédita].
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Jesús (1975), *Organización del espacio y economía rural en la España atlántica*, Madrid, Siglo XXI.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Jesús (1988), *Sociedad y organización tradicional del espacio en Asturias*, Gijón, Editorial Silverio Cañada.
- GARCÍA SANZ, Ángel (1980), «Bienes y derechos comunales y el derecho de su privatización en Castilla durante los siglos XVI y XVII: el caso de las tierras de Segovia», *Hispania*, 40, pp. 95-127.
- GÓMEZ MENDOZA, Josefina (1967), «La venta de baldíos y comunales en el siglo XVI. Estudio de su proceso en Guadalajara», *Estudios geográficos*, 28, Nº 109, pp. 499-559.
- GONZÁLEZ ABELLÁS, Isaac César (2010), *La comarca de Monterrei en el Antiguo Régimen. Economía, Demografía y familia*, Santiago, Editorial Andavira.
- GONZÁLEZ DIOS, Estibaliz (2004), «El acceso al aprovechamiento de los montes comunales en comunidades rurales de época moderna», *Iura Vasconiae*, 1, pp. 551-570.
- GONZÁLEZ DIOS, Estibaliz (2013), «La costumbre no escrita en las comunidades guipuzcoanas durante la Edad Moderna», *Historia Agraria*, 60, pp. 39-60.

- GUITIÁN RIVERA, Luis (2002), «La destrucción histórica del bosque en Galicia», *Semata. Ciencias sociales e humanidades*, 13, pp. 105-166.
- HARDIN, Garret (1968), «The Tragedy of the Commons», *Science*, 1628, pp. 1243-1248.
- IRIARTE GOÑI, Iñaki (1998), «La Pervivencia de Bienes Comunales y la teoría de los Derechos de Propiedad. Algunas Reflexiones desde el Caso Navarro, 1855-1935», *Historia Agraria*, 15, pp. 113-142.
- IRIARTE GOÑI, Iñaki (2003), «La funcionalidad económica y social de los montes. Un esbozo de las transformaciones a largo plazo», *Cuadernos de la Sociedad Española de Ciencias Forestales*, 16, pp. 31-40.
- IZQUIERDO MARTÍN, Jesús (2001), *El rostro de la comunidad. La identidad del campesino en la Castilla del antiguo régimen*, Madrid, Consejo Económico y Social de Madrid.
- LABRADA, Lucas (1971), *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, Galaxia.
- LANA BERASAIN, José Miguel (2008), «From Equilibrium to Equity. The Survival of the Commons in the Ebro Basin: Navarra from the 15th to the 20th Centuries», *International Journal of the Commons*, 2 (2), pp. 162-191.
- LANA BERASAIN, José Miguel (2012), «Forgotten commons. The struggle for recognition and property rights in a Spanish village, 1509-1957», *Rural History*, 23 (2), pp. 137-159.
- LANA BERASAIN, José Miguel (2014), «Esta Especie de Socialismo Campesino... Manso y Tranquilo. Un Estado de la Cuestión desde la Historia Rural Española», *Revista Mexicana de Sociología*, 76, pp. 167-197.
- LANA BERASAIN, José Miguel e IRIARTE GOÑI, Iñaki (2015), «Commons and the legacy of the past. Regulation and uses of common lands in twentieth century Spain», *International Journal of the Commons*, 9 (2), pp. 510-532.
- LANZA GARCÍA, Ramón (2010), *Miseria, cambio y progreso en el Antiguo Régimen. Cantabria, siglos XVI-XVIII*. Santander, Universidad de Cantabria.
- LANZA GARCÍA, Ramón (2012), «La enajenación de bienes comunales en la Castilla del siglo XVII: naturaleza y alcance de un expediente fiscal», en María José Pérez Álvarez e Laureano Manuel Rubio Pérez (coords.), *Campo y campesinos en la España Moderna; culturas políticas en el mundo hispano*, 1, León, FEHM, pp. 373-388.
- MANTECÓN MOVELLÁN, Tomás Antonio (2013), *España en tiempos de la Ilustración. Los desafíos del siglo XVIII*, Madrid, Alianza Editorial.
- MARCOS MARTÍN, Alberto (1997), «Evolución de la propiedad pública municipal en Castilla la Vieja durante la época moderna», *Studia Histórica: Historia Moderna*, 16, pp. 57-100.

- MARCOS MARTÍN, Alberto (2008), «La venta de baldíos en la Castilla del siglo XVI. Viejos problemas, nuevos planteamientos», en Ricardo Franch Benavent e Rafael Benítez Sánchez-Blanco (eds.), *Estudios de Historia Moderna*, Valencia, Universidad de Valencia, pp. 697-727.
- MIKES, Tünde (2005), «Les comunitats i els ‘bons usos’: explotació i gestió dels recursos naturals a la Vall de Ribes a l’Época Moderna», en Aymat Catafau (ed.), *Les ressources naturelles des Pyrénées du Moyen Âge à l’Époque Moderne. Exploitation, gestion, appropriation*, Perpignan, Presses Universitaires de Perpignan, pp. 87-118.
- MORENO FERNÁNDEZ, José Ramón (1998), «El régimen comunal y la reproducción de la comunidad campesina en las sierras de La Rioja (siglos XVIII-XIX)», *Historia Agraria*, 15, pp. 75-111.
- NEESON, Jeanette M. (1993), *Commoners: Common right, enclosure and social change in England, 1700-1820*, Cambridge, Cambridge University Press.
- NEESON, Jeanette M. (2003), «Les terres en jouissance collective en Angleterre 1700-1850», en Marie-Danielle Demélas e Nadine Vivier (dirs.), *Les propriétés collectives face aux attaques libérales (1750-1914)*, Rennes, PUR, pp. 39-60.
- ORTEGA CHINCHILLA, María José (2014), «Aproximaciones al estudio del monte en el sur peninsular en el siglo XVIII: el caso del municipio de El Pinar», *Revista del CEHGR*, 26, pp. 223-244.
- OSTROM, Elinor (1990), *Governing the Commons: The Evolution of Institutions for Collective Action*, Nueva York, Cambridge University Press.
- OSTROM, Elinor (1999), «Coping with tragedies of the commons», *Annual Review of Political Science*, 2, pp. 493-535.
- OSTROM, Elinor (2009), «A General Framework for Analyzing Sustainability of Social-Ecological System», *Science*, vol. 325, pp. 419-422.
- OSTROM, Elinor (2010), «Analyzing collective action», *Agricultural Economics*, 41 (1), pp. 155-166.
- PAZ ARES, José Cándido (1966), *Régimen de los llamados montes de vecinos en Galicia*, Vigo, Galaxia.
- PÉREZ ÁLVAREZ, María José (1996), *La Montaña Noroccidental leonesa en la Edad Moderna*, León, Universidad de León.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (1979), *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la Península del Salnés*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (1981), «Aproximación al estudio de la penetración del maíz en Galicia», en Antonio Eiras Roel et al (eds.), *La historia social en sus fuentes*

- de protocolos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 117-159.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (1983), «A agricultura galega e os seus rendementos. Un estudo evolutivo (1700-1850)», *Revista Galega de Estudios Agrarios*, 9, pp. 35-70.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (1992), «Le mais dans le Nord-Ouest de la Péninsule Ibérique durant l'Ancien Régime», en *Plantes et cultures nouvelles en Europe occidentale, au Moyen Age et à l'époque moderne*, Flaran, 12, Auch, Comité Départemental du Tourisme du Gers, pp. 81-102.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (1999), «En los límites del virtuosismo agrario tradicional: la fertilidad en la comarca del Bajo Miño: 1730-1860», *Ler História*, 36, pp. 221-245.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (2000), «Las utilidades del inculto y la lucha por sus aprovechamientos en la Galicia meridional (1650-1850)», *Obradoiro de Historia Moderna*, 9, pp. 79-107.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (2006), «De la escasez a la precoz saturación: el desarrollo demográfico de la comarca del Bajo Miño (1550-1850)», *Cuadernos Estudios Feijonianos*, II, pp. 53-102.
- PRASS, Reiner (2004), «Les communaux et leurs usages dans l'économie domestique paysanne: nouveau regard sur un domaine trop longtemps négligé», en Gérard Béaur *et al.*, *Les sociétés rurales en Allemagne et en France (XVIIIe-XIXe siècles)*, Rennes, PUR, pp. 175-192.
- PRESEDO GARAZO, Antonio (1997), «Estructura, productividade e rendementos agrícolas da explotación campesiña na Galicia interior: o partido xudicial de Arzúa en 1750-1860», *Semata*, 9, pp. 245-277.
- REY CASTELAO, Ofelia (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- REY CASTELAO, Ofelia (2004), «Montes, bosques y zonas comunales: aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos», en Francisco José Aranda Pérez (coord.), *El mundo rural en la España Moderna*, Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 907-964.
- RÍOS RODRÍGUEZ, María Luz (2001), «Soutos bravos y soutos mansos: el castaño en Galicia (siglos XII-XIV)», en Julián Clemente Ramos, *El medio natural en la España medieval: actas del I Congreso sobre ecohistoria e historia medieval*, Cáceres, Universidad de Extremadura.
- RODRÍGUEZ FERREIRO, Hilario (1995), «Economía y población rural en la Galicia atlántica: El Morrazo en los siglos XVII y XVIII», *Minius*, IV, pp. 89-98.

- RODRÍGUEZ FERREIRO, Hilario (2003), *A Xurisdicción do Morrazo, ss. XVII-XVIII*. Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
- ROZADOS FERNÁNDEZ, María Ángeles (1991), «Aproximación al estudio de la vivienda rural en la Galicia de los siglos XVII y XVIII», *Pedralbes. Revista d'Història Moderna*, 11, pp. 109-118.
- RUBIO PÉREZ, Laureano Manuel (1993), *El sistema político concejil en la provincia de León*, León, Universidad de León.
- RUBIO PÉREZ, Laureano Manuel (1994), «Estructuras agrarias y modelos organizativos de las comunidades campesinas leonesas durante la Edad Moderna», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 29-2, pp. 253-274.
- RUBIO PÉREZ, Laureano Manuel (2012), «Bienes concejiles y régimen comunal. Claves, modelos y referencias del mundo rural durante la Edad Moderna», en María José Pérez Álvarez e Laureano Manuel Rubio Pérez (coords.), *Campo y campesinos en la España Moderna; culturas políticas en el mundo hispano*, León, FEHM, vol. 1, pp. 87-152.
- RUIZ TORRES, PEDRO (1985), «El País Valenciano en el siglo XVIII: la transformación de una sociedad agraria en la época del absolutismo», en Roberto Fernández (ed.), *España en el siglo XVIII: homenaje a Pierre Vilar*, Barcelona, Editorial Crítica, pp. 132-248.
- SAAVEDRA, Pegerto (1982), «Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 33, 98, pp. 179-236.
- SAAVEDRA, Pegerto (1989), «La propiedad colectiva en la Galicia del s. XVIII», en VV.AA., *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del s. XVIII*, Madrid, Ministerio Agricultura, pp. 429-447.
- SAAVEDRA, Pegerto (1993), «Las grandes tendencias comarcales en la evolución de la población gallega (de comienzos del XVII a mediados del XIX)», *Revista Stvdia Histórica*, 11, pp. 11-59.
- SAAVEDRA, Pegerto (1994), *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, Editorial Crítica.
- SAAVEDRA, Pegerto (1996), *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago, Xunta de Galicia-ConSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO.
- SAAVEDRA, Pegerto (1999), «Petite exploitation et changement agricole à l'intérieur d'un vieux complexe agraire. Les campagnes de la Galice entre 1550 et 1850», *Histoire & Sociétés Rurales*, 12-2e semestre, pp. 63-108.
- SAAVEDRA, Pegerto (2003), *Señoríos y comunidades campesinas. Aportaciones a la Historia rural de la España Moderna*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- SAAVEDRA, Pegerto (2007), «Las comunidades campesinas en la Edad Moderna», en Ana Rodríguez (ed.), *El lugar del campesino. En torno a la obra de Reyna Pastor*, Valencia, Universidad de Valencia, pp. 359-389.
- SAAVEDRA, Pegerto (2008a), «La influencia de la especialización pecuaria en el paisaje agrario de la España cantábrica y noratlántica (siglos XVIII-XIX)», en Ricardo Franch Benavent e Rafael Benítez Sánchez-Blanco (coord.), *Estudios de historia moderna*, 2, Valencia, Universidad de Valencia, pp. 747-766.
- SAAVEDRA, Pegerto (2008b), «O entramado comunitario do campesiñado galego de mediados do XVI a comezos do XIX», en Xosé Luis Axeitos Agrelo; Emilio Grandío Seoane e Ramón Villares (eds.), *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega-USC-Real Academia Galega, pp. 867-894.
- SAAVEDRA, Pegerto (2012), «El mundo rural», en Isidro Dubert (ed.), *Historia de la Galicia Moderna*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 151-216.
- SAAVEDRA, Pegerto (2014), «Le pan de monte. La culture des montagnes communales en Galice (XVII^e-XX^e siècle)», en Roland Viader e Christine Rendu (dirs), *Cultures temporaires et féodalité. Les rotacions culturales et l'appropriation du sol dans l'Europe médiévale et moderne*, Toulouse, Presses universitaires du Midi, pp. 169-200.
- SAAVEDRA, Pegerto (2015), «El paisaje desde 1500 a 1850: la creación por los campesinos de un «viejo complejo agrario»», en Gerardo Pereira Menaut e Ermelindo Portela Silva (eds.), *El territorio en la historia de Galicia. Organización y control. SS. I-XXI*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 153-250.
- SAAVEDRA, Pegerto (2018), «El maíz en el sistema agrario y en la alimentación en Galicia, siglos XVII-XIX», *Obradoiro de Historia Moderna*, 28, pp. 49-80.
- SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, Ana M. (2003), «La Agricultura gallega en la crisis del Antiguo Régimen: tentativas modernizadoras», *Obradoiro de Historia Moderna*, 12, pp. 223-246.
- SÁNCHEZ SALAZAR, Felipa (1986), *Extensión de cultivos en España en el siglo XVIII: roturas y repartos de tierras concejiles*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- SANDOVAL VERA, Francisco Manuel (1999), *A Xurisdicción de Folgoso a finais do Antigo Réxime*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, [Memoria de Licenciatura inédita].
- SANDOVAL VERA, Francisco Manuel (2022), *Unha vella sociedade rural do interior coruñés: a comarca de Ordes entre o Antigo e o Novo Réxime (séculos XVIII-XIX)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, [Tese doutoral inédita].

- SÉE, Henri (1926), «La vaine pasture en France sous la Monarchie de Juillet d'après l'enquête de 1836-1838», *Revue d'Histoire Moderne et Contemporaine*, 1-3, pp. 198-213.
- SERRANO-ÁLVAREZ, José Antonio (2005), «La Defensa del Comunal y de los Usos Colectivos, León (1800-1936): ¿una ‘Economía Moral?’», *Historia Agraria*, 37, pp. 431-463.
- SILBERT, Albert (1972), *Do Portugal de Antigo regime ao Portugal Oitocentista*. Lisboa, Livros Horizonte.
- SIMÓN SEGURA, Francisco (1973), *La desamortización del siglo XIX*, Madrid, Ministerio de Hacienda.
- SOBRADO CORREA, Hortensio (2001), *Las Tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*, A Coruña, Pedro Barrié de la Maza.
- SOBRADO CORREA, Hortensio (2004), «La fertilisation des terres dans la Galice de l’Ancien Régime (XVII^e-XIX^e siècle)», *Histoire & Sociétés Rurales*, 21-1er semestre, pp. 39-72.
- SOBRADO CORREA, Hortensio (2017), «De la caridad a la solidaridad familiar y comunitaria en la Galicia rural del Antiguo Régimen», en Alexandra Esteves et al. (coords.), *Políticas sociais em Perspetiva, séculos XVII-XX*, Braga, Universidade do Minho, pp. 92-108.
- SOBRADO CORREA, Hortensio (2018), «Algunas precisiones en torno al alcance de las consecuencias económicas, sociales y demográficas del cultivo de la patata en la Galicia de finales del Antiguo Régimen», *Obradoiro de Historia Moderna*, 27, pp. 139-176.
- SOBRAL NETO, Margarida (2003), «Biens et usages communaux au Portugal (1750-1950)», en Marie-Danielle Demélas e Nadine Vivier (dirs.), *Les propriétés collectives face aux attaques libérales (1750-1914)*, Rennes, PUR, pp. 175-195.
- SOBRAL NETO, Margarida (2010), *O Universo da comunidade rural*, Coimbra, CHSC-Palimage.
- SOTO FERNÁNDEZ, David (2006), *Historia dunha agricultura sustentábel. Transformacións produtivas na agricultura galega contemporánea*, Santiago, Consellería do Medio Rural.
- SOTO FERNÁNDEZ, David et al. (2007), «La protesta campesina como protesta ambiental, ss. XVIII-XX», *Historia Agraria*, 42, pp. 277-301.
- SUÁREZ GOLÁN, Fernando (2018), «No se pueden aprovechar del monte que antes tocaba. Usos de la tierra y conflictividad en el priorato benedictino de Cernadas (ss. XVII-XIX)», en Ofelia Rey Castelao et al. (eds.), *La vida inquieta. Conflictos sociales*,

- les en la Edad Moderna, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 355-370.
- TENORIO CEREZO, Nicolás (1984), «La aldea gallega: estudio de derecho consuetudinario y economía popular», en José Antonio Durán (ed.), *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación-Xunta Galicia.
- THOMPSON, Edward Palmer (1971), «The moral economy of the English crowd in the Eighteenth Century», *Past and Present*, 50, pp. 76-136.
- THOMPSON, Edward Palmer (1993), *Customs in common: Studies in traditional popular culture*, Nueva York, The New Press.
- VASSBERG, David E. (1983), *La venta de tierras baldías. El comunitarismo agrario y la corona de Castilla durante el siglo XVI*, Madrid, Ministerio de Agricultura.
- VASSBERG, David E. (1986), *Tierra y sociedad en Castilla. Señores, «poderosos» y campesinos en la España del siglo XVI*, Barcelona, Editorial Crítica.
- VELASCO SOUTO, Carlos Francisco (1999), «Conflictos sobre montes en la Galicia de la primera mitad del s. XIX: una etapa en la larga lucha contra la privatización», en *IX Congreso de Historia agraria*, Bilbao, SEHA, pp. 511-521.
- VILLARES PAZ, Ramón (1973), *Los inventarios post-mortem como fuente para el estudio de la Historia rural y la economía agraria, 1675-1715*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- VILLARES PAZ, Ramón (1994), *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, A Nosa Terra.
- VIVIER, Nadine (1998), *Propriété collective et identité communale. Les biens communaux en France. 1750-1914*, Paris, Presses de l'Université Paris-Sorbonne.
- VIVIER, Nadine (1999), «Vive et vainc pâtures. Usages collectifs et élevage en France, 1600-1800», *La Terre et les Paysans*, Actes du colloque de l'Association des Historiens Modernistes des Universités, 24, Paris, Presses de l'Université Paris-Sorbonne, pp. 73-106.
- WARDE, Paul (2003), «La gestion des terres en usage collectif dans l'Europe du Nord-Ouest», en Marie-Danielle Demélas e Nadine Vivier (dirs.), *Les propriétés collectives face aux attaques libérales (1750-1914)*, Rennes, PUR, pp. 61-77.
- YUN CASALILLA, Bartolomé (1987), *Sobre la transición al capitalismo en Castilla: economía y sociedad en Tierra de Campos (1500-1830)*, Valladolid, Junta de Castilla y León.
- ZINK, Anne (1997), *Clochers et troupeaux. Les communautés rurales des Landes et du Sud-Ouest avant la Révolution*, Burdeos, Presses Universitaires.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

HM
Grupo de investigación de Historia
Moderna

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA